



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 9

Sesión da Deputación Permanente
22 de abril de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGovoQRLOGY1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Comparecencias:

1. Do conselleiro de Sanidade, para informar sobre a evolución da pandemia polo novo coronavirus COVID-19 en Galicia e as actuacións realizadas desde o sistema sanitario (doc. núm. 63829, 10/SCDP-000013).

2. Da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, para informar das medidas adoptadas no ámbito educativo ante a situación motivada pola pandemia d' COVID-19 (doc. núm. 63829, 10/SCDP-000013).



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente prégalles aos presentes na sala gardar un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas pola pandemia da covid-19.

Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes á sesión, gardan un minuto de silencio. (Páx. 5.)

A continuación, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa a comprobación da existencia de quórum. (Páx. 5.)

A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza dos deputados e deputadas membros da Deputación Permanente e con delegación de voto. (Páx. 5.)

Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate, que consta dun punto único con dúas comparecencias. (Páx. 5.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra e intervén para expoñer unha cuestión de orde relacionada coas convocatorias da Deputación Permanente. (Páx. 6.) Solicitan tamén a palabra sucesivamente, para expresar o seu criterio sobre o tema suscitado, o señor Sánchez García (GCE) (Páx. 6.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 7.) e o señor Puy Fraga (P). (Páx. 7.) Finalmente responde sobre o asunto o señor presidente. (Páx. 8.)



Comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre a evolución da pandemia polo novo coronavirus COVID-19 en Galicia e as actuacións realizadas desde o sistema sanitario. (Punto único da orde do día.)

Intervención do conselleiro de Sanidade: *Sr. Vázquez Almuiña.* (Páx. 8.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 16.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 20.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 24.), *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 27.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 31.)

Réplica do señor conselleiro de Sanidade: *Sr. Vázquez Almuiña.* (Páx. 35.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do señor conselleiro de Sanidade (Páx. 41.). *Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 41.), *a señora Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 43.), *o señor Sánchez García (GCE)* (Páx. 45.), *o señor Caballero Míguez (S)* (Páx. 47.), *o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 49.) e *o señor conselleiro de Sanidade.* (Páx. 52.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) pide a palabra e intervén para unha rectificación. (Páx. 54.)

Comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional para informar das medidas adoptadas no ámbito educativo ante a situación motivada pola pandemia da COVID-19. (Punto único da orde do día.)

Intervención da señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional: *Sra. Pomar Tojo.* (Páx. 55.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 65.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 59.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 72.), *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 76.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 79.)

Réplica da señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional: *Sra. Pomar Tojo.* (Páx. 83.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica da señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Páx. 88.). *Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 89.), *a señora Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 90.), *a señora Chao Pérez (GCE)* (Páx. 91.), *o señor Caballero Míguez (S)* (Páx. 93.), *o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 96.) e *a señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.* (Páx. 98.)

O señor presidente traslada unha información sobre as últimas convocatorias da Deputación Permanente. (Páx. 102.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) pide a palabra e intervén sobre a cuestión exposta polo señor presidente. (Páx. 103.) *Finalmente, o señor presidente respóndelle á señora Pontón Mondelo (BNG) e pecha a sesión.* (Páx. 105.)

Remata a sesión ás tres e corenta e oito minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos comezar esta deputación permanente. Antes, prégolles que gardemos un minuto de silencio en recordo das persoas falecidas por mor desta pandemia e tamén unha mensaxe de solidariedade ás súas familias.

(Pausa.) (Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes á sesión, gardan un minuto de silencio.)

Moitas grazas.

Agora si, comezamos esta deputación permanente. Para iso, prégolle á secretaria, señora Blanco, que comprobe as delegacións de voto e as asistencias.

A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez): Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Pedro Puy Fraga, D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D. Luís Manuel Álvarez Martínez, D. Gonzalo Caballero Míguez, D. Antón Sánchez García, D^a Luca Chao Pérez, D^a Ana Pontón Mondelo, D^a M^a Montserrat Prado Cores e D. David Rodríguez Estévez; así como os membros do Goberno comparecentes, D. Jesús Vázquez Almuíña e D.^a Carmen Pomar Tojo, e os membros da Mesa que presiden a sesión, D^a Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)

Comprobadas as delegacións de voto, confírmase a existencia de quórum, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

A orde do día é un punto único, comparecencias, neste caso a comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre a evolución da pandemia polo novo coronavirus covid-19 en Galicia e as actuacións realizadas desde o sistema sanitario. E unha segunda comparecencia, da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, para informar das medidas adoptadas no ámbito educativo ante a situación motivada pola pandemia do covid-19.

A ordenación do debate xa a coñecen: intervención por parte do Goberno, rolda dos grupos parlamentarios, réplica, un turno de aclaracións e peche por parte do Goberno.

Comezamos.

(A señora Pontón Mondelo pide o uso da palabra.)



¿Si, señora Pontón?

Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, presidente, con base no artigo 56.4, que regula como ten que facerse a convocatoria da Deputación Permanente e que, concretamente, di que esta será convocada polo presidente, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da mesma. Estou convencida —porque vostede cualificou eses documentos— de que é consciente de que hai tres documentos, tres solicitudes de convocatoria da Deputación Permanente, por parte dos grupos parlamentarios de En Marea, dos Comúns, do Grupo Socialista e do Grupo do BNG, nos que se solicitaban senllas convocatorias da Deputación Permanente. A primeira delas é do 7 de abril, é dicir, hai quince días, e nós non consideramos que sexa de recibo que as únicas convocatorias de Deputación Permanente que se estean producindo nesta cámara sexan a solicitude do Goberno. E non entendemos que hoxe, rexistrándose ademais unha convocatoria, facéndose unha convocatoria da Deputación Permanente, non se teñan incluído esas demandas que facemos desde os grupos da oposición.

Eu sei que estamos nunha situación de excepcionalidade, cun decreto de alarma, cunha alarma sanitaria, pero en ningún caso ningún deses regulamentos —até onde eu sei— afecta o Regulamento da Cámara. Polo tanto, a nós parécenos que se están vulnerando os dereitos de participación dos grupos. E xa lle adianto que isto nos parece un tema moi grave desde o punto de vista democrático. Porque aquí estáselles dando un trato de favor ás solicitudes do Goberno, que se tramitan con celeridade, e, non obstante, as solicitudes que estamos facendo os grupos desta cámara métese nun caixón e non se tramitan. E isto, señor presidente, ao noso grupo parécelle moi grave e que require unha explicación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Eu fago e ordeno sempre consultando cos Servizos Xurídicos, que é o que estou facendo sempre, como dixer sempre, ademais. Por tanto...

(O señor Sánchez García pide o uso da palabra.)

¿Si, señor Sánchez?

Déanlle voz ao escano do señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, no mesmo sentido a nosa reclamación polo mesmo feito. Non entendemos por que, tendo presentada unha solicitude o 7 de abril para a comparecencia do presidente da Xunta, o señor Feijóo, na orde do día nin sequera consta o debate para que se produza esa comparecencia. Sabemos que o señor Feijóo está máis cómodo comparecendo na Televisión de Galicia todos os días, pero cremos que o seu deber é comparecer tamén aquí na Cámara.

Nada máis.



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sánchez.

(O señor Caballero Míguez pide o uso da palabra.)

¿Si, señor Caballero?

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor presidente, na mesma liña que o resto dos grupos da oposición. Queremos trasladar que a Deputación Permanente se ten que activar e estamos pendentes de buscar a forma, pero cada día que pasa e cada semana que pasa sen a comparecencia solicitada do presidente ou da activación de forma conxunta da Deputación Permanente é un día que perde resposta democrática a sociedade galega fronte á crise que estamos vivindo. Polo tanto, esa demanda tamén feita por todos os grupos e tamén á Mesa do Parlamento para activar que as comparecencias na Deputación Permanente, na medida en que se vaian solicitando, poidan facerse en función da orde de petición por parte da oposición.

Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(O señor Puy Fraga pide o uso da palabra.)

¿Si, señor Puy?

Déanlle voz ao escano do señor Puy.

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

É que ao mellor...

O señor PUY FRAGA: É que non ten luz. ¿Escóitase?

O señor PRESIDENTE: Non, non moi ben.

O señor PUY FRAGA: Ben, eu creo que si que se escoita, que está funcionando, aínda que non...

O señor PRESIDENTE: Non, pero ao mellor para efectos de gravación non está iso funcionando ben. Imos esperar. ¿Está gravando?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Vale, vale, veña.

O señor PUY FRAGA: Simplemente, señor presidente, estou seguro de que se está a aplicar o Regulamento, tal e como indican os letrados. E quero manifestar a miña sorpresa, desa-



gradable, polo feito de que os portavoces da oposición plantexen esta cuestión, rompendo o pacto que xa tiñamos con relación aos temas que ían vir á Deputación Permanente desde o punto que o Goberno está solicitando as comparecencias que precisamente solicitou a oposición, en primeiro lugar; e, en segundo lugar, porque están citados para unha reunión para tratar de chegar a un acordo, como indica o informe que pedimos aos letrados sobre o funcionamento da Deputación Permanente.

Evidentemente, este é un moi mal precedente para chegar a acordos sobre un funcionamento normal da Deputación Permanente cando se racha o anterior e mesmo hoxe, que estaba prevista unha reunión, fósemos falar sobre o funcionamento futuro da Deputación Permanente.

Dito isto, eu creo que, como a orde do día está posta de acordo co que sinalan os letrados, o que debemos xa é proceder á comparecencia do conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Eu penso que tamén, que é o que máis ou menos...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, pero ese é un asunto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu tamén estou máis ou menos no tema. Quero dicir que coñezo de que vai isto. Entón, eu sei que vostedes teñen que ter unha reunión... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, xa a terán. Eu basicamente o que dixen é que eu me estou deixando levar polos informes dos Servizos Xurídicos, como sempre fixen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, eu creo que este tema está o suficientemente debatido. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, eu consulteino cos Servizos Xurídicos e dinme que está tramitado de acordo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu non ía facer nada que non estivera de acordo cos Servizos Xurídicos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Continuamos coa orde do día, se lles parece. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, para min está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non vou entrar nos acordos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, iso será outro tema no que terán que chegar vostedes a acordo, xa chegarán, terán vostedes a oportunidade.

Desenvolvemos o debate.

Comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre a evolución da pandemia polo novo coronavirus covid-19 en Galicia e as actuacións realizadas desde o sistema sanitario

O señor PRESIDENTE: Para isto, en primeiro lugar, ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días.

Señor presidente, señores deputados, comparezo hoxe, a petición propia, nesta deputación permanente para informar da pandemia de coronavirus e as actuacións, a resposta que en Galicia dende o ámbito sanitario e tamén, de forma compartida con Política Social, no ámbito sociosanitario estamos dando.



Antes de comezar a miña exposición, quero trasladar unha vez máis o meu sentido pesar a todas as familias que tiveron familiares que faleceron neste episodio; tamén o noso ánimo para todas as persoas enfermas e as súas familias nesta situación tan difícil que están atravesando. Unha mensaxe de esperanza porque imos seguir a traballar por eles. E agradecer a todos os profesionais do ámbito sanitario e sociosanitario, ao persoal dos servizos de emerxencia, aos traballadores dos servizos esenciais, polo seu traballo día a día e a toda a cidadanía pola responsabilidade, compromiso e implicación nestes momentos, despois de estar sometidos a un illamento social durante tanto tempo, pero, ademais, polo uso responsable que están a facer de todos os servizos sanitarios.

Como vostedes xa coñecen, a finais do ano 2019 produciuse en Wuhan, China, un grupo de casos de enfermidade respiratoria de etioloxía descoñecida, normalmente con pneumonías bilaterais. O axente causal foi identificado unhas semanas despois e foi coñecido como coronavirus, que produce a enfermidade covid-19. O día 11 de marzo, moi pouco tempo despois, a OMS declarou que a enfermidade de covid-19 debería considerarse como unha pandemia.

Os primeiros casos en Galicia foron casos importados. O primeiro diagnosticado foi o día 4 de marzo. E a día de hoxe os datos en Galicia son 6.641 casos activos, 585 persoas hospitalizadas, 96 na UCI —baixamos despois de moitos días de cen nas UCI galegas—, 1.625 de alta hospitalaria e 368 persoas falecidas nos hospitais; en total, 475.

Temos unha taxa de letalidade sobre o total de contaxios do 4,13 %; España está tres veces por encima, 10,45 %; e unha taxa de letalidade sobre hospitalizados do 13,8 %; España, no 26,54 %. É a menor taxa de letalidade de España. Hoxe consideramos que entramos nunha fase de descenso da onda de pandemia. «Un mes que parece un ano: o balance dos sanitarios tras trinta días de alarma», titulaba un medio de comunicación nestes días.

A resposta do Goberno galego ante esta pandemia ten por obxectivo minimizar o número de persoas afectadas, minimizar o impacto da enfermidade nas persoas e na sociedade, xestionar o sistema sanitario para manter e aumentar a súa capacidade de resposta, axudar as persoas a protexerse elas mesmas e tamén as súas familias e a comunidade. E dende o primeiro momento intentamos adiantarnos e tomar decisións, anticiparnos, sempre dentro das nosas competencias, e, loxicamente, seguindo a estratexia do Sergas, a Estratexia 2020, atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores, xestión eficiente dos recursos sanitarios, coidar os nosos profesionais —uns profesionais implicados— e infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades de pacientes e profesionais.

Enfrontámonos ao maior reto da sanidade da historia sanitaria de Galicia, non só de Galicia, evidentemente, podíamos dicir incluso a nivel mundial.

Co obxectivo de ser didáctico, vou establecer unha serie de etapas, loxicamente unha a continuación doutra, pero que no tempo foron moitas veces complementarias.

O primeiro paso importante que demos foi dar información á poboación. Loxicamente, é unha enfermidade nova, que non se sabía moi ben que podía producir, que, con dous meses



practicamente de aparición, xa estaba en Galicia. Creouse unha páxina web, que tivo ata este momento máis de novecentos cincuenta mil accesos; incluso foi utilizada por persoas doutras comunidades. O autotest, onde as persoas podían saber se tiñan os síntomas da enfermidade, foi o recurso máis utilizado por todas as persoas, máis de trescentos dezaseis mil accesos; o 82 % utilizaron un dispositivo móbil para acceder. Tamén se incorporou un novo número de información gratuíta, 900400166, cunha dotación de case cen teleoperadores, nun *call center*, para cubrir a demanda tan importante que houbo sobre todo nos primeiros días.

E tamén no 061 fixemos cambios, fixemos fortalecemento dun pilar fundamental da asistencia sanitaria galega. O 061 coordina absolutamente todos os recursos sanitarios da Comunidade. E fixemos reforzos nos médicos coordinadores na base central, onde pasamos de ter oito médicos en turno a un tope de trece; enfermeiros de consulta, dun enfermeiro por turno ata cinco enfermeiros por turno; e tamén teleoperadores, pasando de once a dezanove.

E tamén reforzo da rede de transporte sanitario urxente de ambulancias, porque reforzámola creando ambulancias específicas para trasladar pacientes sospeitosos ou confirmados de covid-19. Este reforzo fíxose loxicamente para tratar de preservar o resto de servizos, especialmente os tempodependentes, tamén para optimizar o uso de recursos e tamén para mellorar os tempos de resposta.

¿E cales foron os resultados que vimos coa petición de información da poboación? Pois miremos, tivemos un pico, o maior pico da historia da Xunta en canto a chamadas atendidas, que foi o 20 de marzo, de 6.474 para o teléfono específico que se puxo para esta epidemia. As chamadas totais acumuladas atendidas por este *call center* novo que creamos para este evento, para esta situación, foron 76.514. As máximas chamadas atendidas pola central de coordinación do 061 foron 7.368, o 16 de marzo, xusto antes da entrada en funcionamento do *call center*, e aí sumamos tamén as chamadas doutros temas do 061. Está por enriba de dúas mil chamadas máis ao día, que foi o número máximo anterior na epidemia de períodos de gripe. Chamadas totais atendidas pola central de coordinación do 061 dende o inicio da pandemia, 272.000. Pacientes trasladados en ambulancia covid —estas ambulancias que creamos, este servizo específico—, 4.720. E recursos mobilizados para a toma de mostras, é dicir, a indicación dende o 061 para facer esas mostras, a 6.692 usuarios.

Outro tema moi importante foi o diagnóstico e illamento precoz. Nesta enfermidade o fundamental é chegar a un diagnóstico, tratar nesas primeiras fases, onde non hai síntomas importantes, de poder illar e separar do resto de conviventes familiares e todos os contactos que poida ter a persoa.

No momento inicial foron fundamentais os especialistas en alertas epidemiolóxicas da Dirección de Saúde Pública e xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade. Non só asesoraban aos profesionais do 061, senón que tamén facían o estudo de contactos, establecendo os illamentos necesarios en cada momento. Fixeron máis de 8.100 respostas a consultas deste tipo, enquisaron a casos confirmados en domicilio a 4.660 e estudaron contactos en 4.496 casos.



Reforzouse para dotar tamén en tardes e en fins de semana o sistema de alertas e, polo tanto, demos unha resposta adecuada a esa situación —como digo— de diagnóstico precoz.

Tamén medicina preventiva, un elemento, un servizo fundamental en xeral na nosa atención sanitaria pero, especialmente, nestes momentos. E fixéronse reforzos tanto con enfermería como con técnicos, con médicos e co resto de categorías que están implicadas dentro dos servizos de medicina preventiva.

Creáronse, baixo a súa supervisión, equipos domiciliarios para a toma de mostras, que fomos os primeiros en facelo; 156 profesionais, especialmente de enfermería, pero tamén técnicos para facer esta toma de mostras.

Tamén creamos o covid-auto, tamén novidoso, por primeira vez na área sanitaria de Vigo e despois en todos os distritos sanitarios.

Tamén reforzamos os servizos de microbioloxía, con médicos, con técnicos, todas as persoas necesarias para facer ese diagnóstico, no que Galicia tamén foi a avanzadilla en número de probas diagnósticas da enfermidade.

Loxicamente, non podíamos descoidar a fase asistencial. Nos primeiros momentos da pandemia empezamos xa o 3 de marzo a ditar recomendacións para que os profesionais sanitarios non puideran saír a congresos, xornadas e seminarios, pola dobre influencia que podían ter: perder recursos de atención, pero, especialmente, entrar en contacto con outras poboacións que tiñan moita máis infección e máis número de infectados que Galicia. Suspendemos tamén as visitas aos centros sanitarios de visitantes médicos e farmacéuticos ou representantes comerciais. Restrinximos as visitas dos familiares. E o día 13, con anterioridade á constitución do estado de alarma, declaramos en Galicia a emerxencia sanitaria no territorio da nosa Comunidade Autónoma, activando o Plan territorial de emerxencias de Galicia (o Platerga), no seu nivel IG (de emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia de coronavirus covid-19.

A finais de febreiro, é dicir, antes de que houbera o primeiro caso en Galicia, reforzamos pola vía de emerxencia a nosa resposta coa contratación de sesenta profesionais e a compra de máis respiradores e aparatos de raios para urxencias, para poder atender nos servizos de urxencias os nosos pacientes e tamén —como digo— nas unidades de coidados intensivos con máis respiradores.

No ámbito da asistencia dotamos de forma inmediata cunha reorganización da actividade, minimizando as actividades presenciais nos centros sanitarios, salvo patoloxías recollidas no Decreto 105, do sistema de garantías de tempos máximos, mantendo sempre esta garantía para dar a atención necesaria. Fixemos unha reorganización asistencial dos espazos nos diferentes servizos de cara ao illamento dos pacientes positivos. Modificamos quendas, estruturas e xefaturas de garda e constituímos grupos de traballo para definir criterios de ingreso.

Potenciamos a teleasistencia, a través de Telea e atención telefónica. A nivel hospitalario a consulta telefónica non é tan importante como na atención primaria, pero neste mes e medio incrementamos o 50 % a consulta telefónica, tamén nos hospitais.



Ademais, tomamos medidas no ámbito de prestación farmacéutica para minimizar a saída de domicilios e que os pacientes tiveran garantida a súa medicación. Entre outras medidas, habilitouse a entrega a domicilio por parte das oficinas de farmacia, que estaba xa contemplada na Lei de farmacia, que aprobamos hai uns meses; todo en colaboración cos colexios oficiais de farmacia.

Elaboramos e distribuímos protocolos e realizamos a monitorización continua de subministración de medicación de coidados intensivos pola AEMPS (Axencia Española do Medicamento).

Dende o primeiro momento potenciamos a realización do maior número posible de PCR, o método diagnóstico que detecta o virus, non como outros que potencian outro tipo de test que o que ven son anticorpos, que é a resposta, pero non o virus. Creamos laboratorios nas sete áreas sanitarias para que puideran facer o diagnóstico a través de PCR. Como dicía antes, estableceuse a recollida a domicilio e tamén o auto-covid para que puideran as persoas acercarse ás zonas de recollida e, sen baixar do coche, puideran facer esta extracción.

Tamén desenvolvemos un dispositivo —como dicimos— de covid-auto e tamén tomamos medidas en materia de saúde mental e de atención ás persoas con adiccións, como o establecemento de medidas organizativas para a atención telemática ás persoas e seguimento ambulatorio da rede de tratamento das conductas aditivas. E puxemos tamén en marcha un programa de atención psicolóxica aos profesionais sanitarios.

Como ven, todo isto vai engarzando coa implicación total dos profesionais e tamén de asociacións que están implicadas neste caso no Plan galego de adiccións e todas aquelas asociacións, ás veces de carácter voluntario, que colaboran con nós habitualmente, pero neste momento con moita máis intensidade.

E tamén medidas de saúde pública, un esforzo descomunal por parte de Saúde Pública, que teñen xa experiencias evidentemente noutras epidemias e noutros brotes de enfermidades infecto-contaxiosas, pero este era un cambio importante pola súa magnitude. Revisaron regularmente, segundo a evolución da enfermidade ou a pandemia, os distintos protocolos, tanto no ámbito sanitario como nos centros sociosanitarios e nas residencias de maiores. Coordinaron tamén entre as áreas sanitarias e o ministerio para a comunicación de datos, revisión de protocolos e recollida tamén de residuos, tamén un tema importante que xorde nesta epidemia.

Tamén fixeron, en colaboración coa universidade, un estudo de investigación da curva da incidencia da epidemia, que ao final, grazas posiblemente ao confinamento e a todos os factores que comentarei, pois se aplanou antes do que se prevera. E tamén se fixo un acordo moi importante, que é a notificación obrigatoria dos casos de covid, tanto no caso presente da primeira aparición como tamén dos falecementos. E preparación tamén do estudo de seroprevalencia covid-19, que despois comentarei.

Dende logo, activamos un plan de continxencia, liderado por un grupo de expertos do Sergas, que estableceu este plan de continxencia no ámbito de atención primaria e hospitalaria.



Nesta última establecéronse diferentes fases en base ao grao de ocupación dos servizos de urxencia e de coidados críticos, así como das plantas de hospitalización, elementos cardinais da nosa atención aos pacientes máis graves.

A fase I contemplaba os recursos asistenciais propios dos centros hospitalarios sen habilitar áreas de expansión. Na fase II contemplábanse xa recursos asistenciais propios dos centros hospitalarios habilitando áreas de expansión no propio centro hospitalario, tanto a nivel de hospitalización como de coidados intensivos. Na fase III contemplábanse os recursos asistenciais propios dos centros hospitalarios para expansión dos coidados críticos, chegando á súa ocupación máxima, así como de emprego de hospitais privados para hospitalización convencional e de coidados intensivos. E na fase IV, onde non tivemos que chegar ao final, falábase xa de crear espazos, recursos externos aos hospitais, tanto públicos como privados; neste caso chegouse a preparar, como saben, o instituto feiral da Coruña e tamén se empezou a realizar a inspección do polideportivo do Sar, en Santiago, que grazas —como digo— á resposta de todo o sistema, non fixo falta utilizar.

As accións xerais deste plan están estruturadas en atención hospitalaria, con medidas como crear a comisión da covid-19, designar equipo coordinador e, como dicía antes, tratar de cambiar a atención que estamos facendo: máis teleasistencia e menos presencial. Tamén en atención primaria, nos accesos aos centros sanitarios de atención primaria, co obxectivo de diminuír as concentracións de persoas nas salas de espera; programación de consultas de atención primaria, como dicía, potenciando as consultas telefónicas, en marzo-abril; polo momento levamos o triplo de consultas telefónicas sobre o que tiñamos, cando, como dicía antes, xa atención primaria tiña un potencial moi importante na consulta telefónica.

E, dende logo, promover a atención domiciliaria, tanto a través de visita como a través da plataforma de teleasistencia Telea, que, como saben, levamos anos desenrolando e neste momento ten unha importancia especial e dende logo un éxito importante. Arredor de tres mil pacientes, 2.969, entre protocolos activos e finalizados, utilizaron esta plataforma Telea, o 55 % de todos os pacientes que estaban en domicilio. E reprogramamos a atención de pacientes cando esta poida demorarse, informando os pacientes desta circunstancia.

Tamén na organización de atención pediátrica na atención primaria é moi importante o cambio, facendo circuitos diferenciados entre os pacientes con sospeita de covid, aínda que non foran, e tamén no resto da poboación pediátrica. E manter a vacinación infantil, especialmente nos primeiros quince meses, e sempre garantir as vacinas que corresponden á administración aos dous meses (hexavalente máis pneumocócica conxugada) e catro meses (hexavalente máis pneumocócica conxugada máis meningocócica C).

Dende logo, tamén un elemento fundamental de todo o que levamos feito é a protección dos nosos profesionais cos EPI. Lévese feito unha compra de todo o material: batas, gafas, guantes, máscaras, solución hidroalcohólica, delantales, gorros, calzas, todos estes elementos, de máis de dez millóns de euros, e temos xa comprados, aínda que sen ser aínda recibidos, ata un total de vinte e dous millóns. Polo tanto, nós facemos unha implicación clara sabendo que a protección dos nosos profesionais é fundamental. Dicir que, dentro dos elementos de protección, a Xunta compra o 86 % e o Ministerio, o 14 %.



Ademais, os equipos de protección, para nós —como dicíamos—, é un elemento fundamental e estamos facendo compras —como digo— incluso antes de que tiveramos o primeiro caso en Galicia. O día 28 de febreiro xa fixemos a primeira orde de compra. Falamos de aparatos: 43 BPAP, 66 ventiladores volumétricos, 7 ventiladores de transporte, 12 portátiles de raios X, mamparas tamén de metacrilato para separación do público (persoal administrativo fundamentalmente, en centros de saúde e tamén nos hospitais), 331 camas de hospitalización (para incrementar a capacidade), tamén mesillas, monitores de parámetros fisiolóxicos básicos e avanzados, monitores de cooximetría e tensión arterial, aspiradores eléctricos e tamén ecógrafos, por un valor en total de 7,34 millóns. Imos seguir loxicamente neste ámbito, porque necesitamos seguir mellorando e seguir preparándonos, non tanto para esta fase, senón para posibles fases que puideramos ter.

Tamén os pulsioxímetros. Compramos cinco mil pulsioxímetros, que en Telea son fundamentais, para saber a saturación dos pacientes no seu domicilio. E despois tamén, a través de doazóns, estannos chegando 15 ventiladores non invasivos BPAP, 150 ventiladores volumétricos, 4 ventiladores de transportes, máis camas de hospitalización, tamén máis monitores, como dicíamos, parámetros fisiolóxicos, ecógrafos, desfibriladores, absolutamente todo o material que necesitamos. Por iso tamén quero agradecer ás empresas, incluso a particulares, as doazóns, ás veces modestas pero importantes para nós, porque nos están axudando a facer aínda mellor o noso tratamento aos nosos pacientes.

Tamén tomamos medidas en residencias de maiores e outros centros sanitarios e nos sociosanitarios, como dicía, coa colaboración total e a coordinación total con Política Social, cunha supervisión nalgún caso ou creando residencias integradas, tamén fundamentais, porque aí tratamos de levar os pacientes positivos que requiren un especial coidado.

Tamén as residencias, nas que necesitamos nalgún momento realizar unha supervisión aumentada, tratando, como digo, incluso nalgún caso, de control tanto da contratación de persoal como da vixilancia dos circuítos, loxicamente, para facer un servizo adecuado.

Dende logo, quero agradecer o traballo do persoal das residencias sociosanitarias, porque fai un magnífico labor, e nós neste momento o que queremos —e estámolo facendo así— é esta axuda, coordinación, colaboración para mellorar dentro dunha pandemia, algo que, como saben, é un problema a nivel de todas as comunidades autónomas.

Pero dicir que en Galicia, á parte de crear estas residencias integradas, de intervir algunha residencia ou de tutelar as residencias en xeral dende o punto de vista sanitario, seguimos facendo probas de PCR, que son, como dicía antes, as máis importantes dende o punto de vista diagnóstico. Somos das únicas comunidades practicamente que estamos facendo con carácter regular e facéndoos a nivel de todas as residencias, utilizando o PCR para diagnosticar os pacientes, pero non só os residentes senón tamén os traballadores. Neste momento levamos feitos máis de vinte mil PCR en residencias, trece mil a residentes e sete mil catrocentas a traballadores.

En recursos humanos, loxicamente, fixemos esforzos grandes, e nun momento difícil cando podía haber profesionais que debido ao seu traballo puideran ter un contaxio que leva loxi-



camente a illamento. Non houbo, polo momento, dende logo por todo o que estamos traballando, incidencias graves con profesionais, pero si nos leva a illamento, e por iso queremos garantir a dispoñibilidade de profesionais para poder atender isto.

Dende o primeiro momento recoñecemos como accidente de traballo esta afectación do virus, cando aínda a nivel do ministerio non estaba aprobado, pero entendiamos que era necesario.

Tamén aprobamos un plan específico de prevención de riscos laborais covid-19 e a creación en todas as áreas sanitarias de comisións específicas para o desenvolvemento e seguimento de plans de prevención.

Fixemos reforzo de persoal no ámbito das urxencias hospitalarias, servizos de medicina interna, unidades de críticos, tamén para creación destes servizos de hospitalización de atención domiciliaria. Reforzamos os equipos de detección e seguimento domiciliario, reforzamos as unidades —como dicíamos— de hospitalización e urxencias. E tamén fixemos cos residentes de último ano que así o aceptaron —tamén Galicia nisto foi por diante— 323 encomendas, dándolles unhas atribucións superiores dentro das súas competencia, para que nos axudaran e colaboraran, e establecemos un contrato para darlles estabilidade dun ano.

Como digo, tamén se autorizou para utilización conxunta das listas de contratación temporal, para que tanto as residencias sociosanitarias como o Sergas puideran contratar as persoas que se necesitan. E, así, para as residencias sociosanitarias, contratáronse polo momento 186 profesionais, loxicamente na enfermería unha porcentaxe máis alta, pero tamén médicos e outras categorías profesionais.

Tamén fixemos unha política activa de captación de voluntarios.

Fomentouse dende o primeiro momento loxicamente modalidades non presenciais de traballo, utilizando a Instrución 4/2020 da Xerencia do Servizo Galego, para aqueles que non necesitan facer a actividade nos centros de traballo poder facelo dende a casa. E tamén se adoptaron medidas de flexibilización da xornada de traballo.

Falamos tamén da posibilidade de mobilización de persoal, neste momento especialmente de enfermería, que estivera en atención primaria e puidera ser desprazado, en principio con carácter voluntario, a unidades onde tiñan experiencia, como coidados intensivos, reanimación ou quirófano, por se era necesario substituír compañeiros que estiveran en illamento nese momento.

Dende logo, regulouse de forma xeral e uniforme a situación dos profesionais no momento temporal de carácter eventual que durante a vixencia dos seus vínculos sexan declarados en situación de incapacidade temporal por estar illados ou contaxiados.

Dende logo, establecemos a utilización de hoteis por parte daqueles profesionais que quixeran utilizalos para evitar ir ao domicilio e poder contaxiar as súas familias. Cremos que tamén é un tema importante. En total, máis de mil quíntos reforzos se están realizando e, como digo, é un tema que non acabou e, polo tanto, seguimos aí.



Tamén en formación e docencia incluímos a teleformación, potenciándoa aínda máis.

En investigación o que fixemos foi fundamentalmente mellorar a coordinación na investigación sanitaria con acordos como declarar de interese para a saúde pública todos os estudos e ensaios de investigación e innovación relacionados co covid-19. Neste momento foron presentados trece, dos cales xa están catro aprobados e nove pendentes de revisión.

Dende logo, estamos tamén promovendo a utilización de mostras biolóxicas de orixe humana co fin de asistencia ao diagnóstico de pacientes covid. De feito, hoxe faise a primeira extracción de plasma dun paciente que pasou a enfermidade e que, por tanto, nos pode dar moitísima información para tratamentos futuros en pacientes que collan esta enfermidade.

Tamén nos institutos de investigación sanitaria de Galicia e na Fundación Xenómica se teñen presentado máis de cincuenta iniciativas e estudos de investigación relacionados co covid, moitos deles presentados en convocatorias europeas, estatais e autonómicas.

Tamén en innovación estamos tratando de que en prototipos xurdidos durante a xestión da crise, como elaboración de mascarillas ou doutro equipamento necesario para un momento tan importante como este, as empresas galegas poidan entrar nesta produción e ser tamén unha expectativa de futuro.

Sen máis, deixo esta primeira intervención e na seguinte comentarei aspectos de evolución e análise e tamén un pouco do futuro cara a onde cremos que debemos ir entre todos.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos. Bo día, señor conselleiro.

En primeiro lugar, queremos trasladar tamén ánimo e agarimo a todas as persoas afectadas polo covid-19, pola xente que nos deixou, ás súas amizades, aos seus familiares. Tamén, unha vez máis, dar grazas a todo o persoal desta cámara por facer posible que se poidan realizar con total seguridade estas comisións.

En terceiro lugar, e xa entrando na comparecencia do señor conselleiro, pois dar ánimo e agradecer o arriscado labor de todo o persoal sanitario, que en moitos casos e moitas veces sen medios adecuados, e sen mirar nunca a hora, sempre está aí ao pé do canón.



Dicía vostede, señor conselleiro, o 7 de xuño do ano 2016, nun pleno neste parlamento —afirmaba— que «as camas son importantes nos hoteis, pero non tanto nos hospitais», para explicar así a redución de prazas hospitalarias no Sergas como consecuencia das políticas de recortes levadas a cabo polo Goberno do señor Feijóo; non sei se vostede se lembra. Segundo os datos da Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública, só entre o ano 2010 e 2014 deixaron de funcionar en Galicia arredor de oitocentas camas nos complexos hospitalarios públicos, diminuíndo a cobertura na última década un dez por cento.

As recentes xestións do Goberno galego para aumentar a dotación de camas hospitalarias e o número de prazas nas UCI amosan que eran insuficientes. Sumando as prazas da sanidade pública e da privada, Galicia contaba antes do comezo da emerxencia sanitaria con 333 camas por cada 100.000 habitantes, quedando moi lonxe da media comunitaria, que establece 504 camas, 150 camas máis por 100.000 habitantes. O mesmo acontecía coa cobertura das UCI, con 5,9 prazas por cada 100.000 habitantes en Galiza, fronte ás oito e media que ten o territorio español.

Eu non sei se vostede aínda mantén o que aseguraba hai anos, se segue pensando que as camas son importantes nos hoteis, pero non tanto nos hospitais.

O 10 de marzo do ano 2020, o Consello de Ministros modificou a lexislación estatal en materia de saúde pública para centralizar a compra e distribución dos equipos de protección. Neste momento, o presidente non dubidou en apoiar a decisión, afirmando que posibilitaría dotarse con máis facilidade de medios nuns mercados cada vez máis complicados e criticou os responsables públicos que se opoñían á medida e acusábaos de moverse por razóns ideolóxicas. Unha vez máis, o presidente mudou de opinión, denunciou a falla de medios exixindo que se devolvan as competencias ás administracións autonómicas. Eu non sei como valora vostede este vaivén do noso presidente.

Sobre o sistema sanitario e a xestión do persoal, nunha situación sanitaria tan grave como a que estamos a vivir, a protección da saúde do persoal debe ser un obxectivo para a súa consellería, non debe ser unha cuestión secundaria. O Sergas, ademais da obriga legal, ten a obriga moral e ética de dotar todas as persoas e profesionais dos equipos de protección en consonancia coa exposición ao risco dun virus que veu novo, o covid-19, e tamén ten a obriga de informar ben o persoal. A desprotección amosada cara ao persoal sanitario en moitos casos foi indecente.

E preguntolle máis, señor conselleiro: ¿por que non se preocuparon de retirar todas as máscaras defectuosas que vostedes mesmo denunciaron? Penso que o Sergas ten que ter tamén un mecanismo de control do material que lle dan para saber se está ben ou se está mal.

A prevención está claro que é a mellor política. Nós insistimos na necesidade de realizar tests á poboación, comezando, por suposto, polos profesionais que están na primeira liña, sexan sanitarios, persoal de residencias, servizo de axuda no fogar, pero tamén caixeiras, repoñedoras, persoal que traballa de cara ao público; persoal que debería ter prioridade absoluta tamén na repartición deses EPI, que son axeitados e eficaces sempre. Aquí, señor conselleiro, sabe que hai moito que mellorar, porque un mes despois do confinamento aínda



hai residencias hoxe esperando os resultados dos tests, aínda hai residencias onde non se fixeron os tests, cando sabemos que son o foco principal de contaxios. Aínda hai persoal acudindo ao seu posto de traballo sen saber no día de hoxe se é unha persoa positiva ou non.

Nesta crise atopamos unha sanidade pública que ten a súa capacidade de reacción limitada polos once anos de recortes e privatizacións do Goberno de Núñez Feijóo; situación xerada por non ter escoitado as profesionais e por amosar unha falla de respecto absoluto cara a eles. O Sergas recortou o seu orzamento en máis de mil millóns de euros, suprimiu 513 prazas de persoal médico, 184 de enfermería; 1.121 prazas en todas as categorías. Suprimiu 450 camas hospitalarias e incrementou a concertación cos hospitais privados, que xa prestan o 25 por cento da atención hospitalaria grazas á redución da asistencia pública.

Nestes anos recortaron recursos de atención primaria, pecharon centros de saúde, imprescindibles agora para atender as afectadas nos domicilios e evitar hospitalizacións e atender demais pacientes, así como tranquilizar e informar a poboación.

Xa llo dixemos máis veces: só os recursos da sanidade pública non teñen a finalidade de facer negocio empresarial privado e son os que poden garantir e protexer a saúde da poboación e facer fronte a unha emerxencia sanitaria coma esta.

Queremos preguntarlle tamén por eses famosos hospitais de campaña que teimaron en querer montar, a pesar dos problemas e das deficiencias detectados noutros, como pasou no Ifema en Madrid. Algúns hospitais públicos deixaron de realizar intervencións, hospitalizacións, probas, quedando camas sen ocupar por mor do virus.

A transformación de camas de reanimación en camas de UCI permitiu que estas pasasen de 160 a 274; estamos falando dun setenta por cento máis. A rede de hospitais privados dispón de máis de dúas mil camas, das que 1.850 pertencen aos doce hospitais máis importantes que forman parte da Ahosgal, con concertos co Sergas. A actividade asistencial destes centros reduciuse un trinta por cento tamén por mor da crise. Estes centros contan con oitenta e dous quirófanos e camas de UCI. ¿Por que non se empregaron os recursos da sanidade privada —volvemos preguntalo outra vez— antes de poñerse a montar hospitais de campaña?

A política sanitaria da Xunta debería apostar decididamente pola sanidade pública, reforzando os seus medios, tanto de orzamento como de infraestruturas, como de profesionais, para poder dar unha resposta axeitada a esta crise e a calquera das que poida presentarse no futuro, que pode ser que volva, para garantir a atención sanitaria e para garantir a saúde a toda a poboación. Pero a sanidade pública fai augas literalmente, como se viu a semana pasada no hospital novo de Ourense.

A existencia dun sistema sanitario público, universal, accesible e baseado nunha potente atención primaria é a ferramenta fundamental para facer fronte ás emerxencias sanitarias como a actual. Polo que a loita pola súa defensa e mellora é esencial.

Se estes días constataron algo é que a Consellería só actúa cando ve comprometida a súa imaxe pública. A pesar da situación da pandemia que se está a vivir na sanidade e do traballo



inxente das unidades co covid, o Sergas segue contratando persoal para estas unidades e para o resto dos servizos por días, semanas ou períodos moi curtos de tempo, en vez de facerlle un único contrato mentres dure esta situación.

Por se isto fora pouco, o Sergas decidiu non prorrogar o contrato do persoal temporal que traballa nas unidades covid se estaban cunha baixa por incapacidade temporal, por contaxio do virus; o que vén sendo despidos. Este é o recoñecemento do Sergas a todo este persoal. Cando vostede empezaba a súa intervención dándolle as grazas ao persoal que estaba traballando, este é o seu recoñecemento: precariedade laboral. Por suposto, unha vez que todo isto saltou á luz pública, pois víronse obrigados a rectificar; como están facendo en todos os ámbitos, xa non só aquí.

E non foi a única vez, pois o trato que lles deron ás enfermeiras non foi moito mellor. O Sergas contratou enfermeiras eventualmente, púxoas alí na primeira liña, atendendo pacientes con coronavirus, e quince días despois, o mércores 15 de abril, chámanas unha por unha e despídenas. Despedíronas alegando que xa non facía falta. Claro, empezan as denuncias públicas, o Sergas rectifica e ao día seguinte, o xoves 16 de abril, prorrógalles o contrato outros quince días, alegando que todo se debeu a unha descoordinación interna. Para o Sergas este persoal son traballadores de usar e tirar polo trato denigrante que recibiron. Mandáronas alí á batalla, e sen previo aviso e información, en moitos casos, dando a cara, e logo, cando a cousa empeza a ir algo mellor, xa lle sobran e bótanas.

Esta é a versión, ademais, das enfermeiras eventuais en loita. E entre esta versión e a das fontes oficiais do Sergas hai unha aparente contradición, pois as enfermeiras din que os contratos iniciais eran ata o 30 de abril, e hoxe din que eran de quince días. Non sei se vostede, despois na réplica, nolo pode aclarar. Non sabemos se foi un malentendido interno, consecuencia inevitable dun sistema que leva anos sosténdose grazas á precariedade. Pero, en todo caso, isto revela ata que punto é necesario máis estabilidade entre o persoal do Sergas se Galicia quere estar mellor preparada para unha nova posible vaga de coronavirus.

E sobre a exactitude dos datos hai que dicir que nestas roldas que tanto lle gusta dar no *prime time* da televisión pública ao señor Feijóo, mentres elude as súas responsabilidades aquí, Feijóo adoita exixir ao Goberno do Estado, como mando único, que garanta unha información contrastada, que se clarifique o número de persoas contaxiadas; exixe ao Goberno a exactitude dos datos reais. ¡Fai ben!, é o que queremos todos, queremos información. Pero, claro, despois chegamos aquí, a Xunta leva toda a crise ofrendo unha información moi limitada, datos contraditorios, pasou aquí co tema das residencias. Dixémoslle aquí ao vicepresidente e dixémoslle á conselleira de Política Social que o Goberno vasco...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...ofrece —remato, señor presidente— un boletín diario de vinte e oito páxinas no que se detallan cuestións como a incidencia da pandemia por localidades, por distritos no caso das cidades, e precisa datos sobre como se produciu o contaxio. A Xunta podería ofrecer unha información de similar precisión á que recibe a cidadanía



vasca, pero non o fai, e non o fai porque non quere. Aquí xa llo pedimos ao señor presidente, e seguimos insistindo na necesidade de habilitar na web da Xunta un mapeo actualizado, que veña disgregado por concellos e por residencias públicas e privadas, dos casos positivos e falecementos.

Señor conselleiro, non lle pedimos moito. Eu penso que é cuestión de darlle unha volta e darlle a un botón. E vostedes teñen que ter vontade para iso, para informar a cidadanía e non só para que o señor presidente aproveite a televisión pública galega para facer campaña electoral.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día.

Permítanme empezar trasladando todo o afecto ás persoas que perderon un ser querido no medio desta pandemia, porque sabemos que a dor é sempre moita, pero máis nunhas situacións tan difíciles. E tamén enviarlles unha mensaxe de ánimo a todas as persoas que están neste momento loitando contra o coronavirus, ben sexa nas súas casas, ben sexa nos hospitais, ben sexa en residencias, e desexándolles que teñan unha pronta recuperación.

Antes de abordar a súa intervención, señor Almuíña, eu quero destacar o desleixo do presidente da Xunta co Parlamento de Galiza. Un presidente que está ausente no medio dunha crise sen precedentes. Feijóo escapa do Parlamento cando a democracia é máis necesaria que nunca ante unha situación excepcionalmente grave.

Non se pode gobernar Galiza desde as pantallas da TVG. Este país non pode ter un telepresidente que imparte homilías desde a televisión pública case a diario, mentres nega as explicacións no Parlamento e se nega a someterse ao control da Cámara; até o extremo de que o Partido Popular non permite que se tramiten as solicitudes de comparecencia que facemos os grupos da Cámara.

E lamento ter que dicir que, nestas circunstancias, o telepresidente Feijóo decidiu aproveitar a crise do coronavirus de xeito partidista e converter a televisión pública, que pagamos todos os galegos e galegas, na súa canle de propaganda. Unha TVG convertida máis que nunca nunha caricatura. Con razón os traballadores e as traballadoras dese medio levan xa cen Venres Negros. Fíxense: desde a declaración do estado de alarma o pasado 14-M, o telepresidente Feijóo compareceu dezanove veces na TVG; desde esa data só compareceu unha vez no Parlamento de Galiza, a sede da soberanía popular.



E vou citar o que dicía o xefe de filas do Partido Popular, Pablo Casado, estes días: «Nos réximes bananeiros estíbase a propaganda pública en televisión para culto do líder. Pero nas democracias parlamentarias, as mensaxes á nación diríxense desde o Congreso». Pois ben, segundo esta doutrina Casado, Feijóo actúa como se estivese nun réxime bananeiro, e Galiza merece un presidente que actúe como nunha democracia avanzada.

Por iso, desde o BNG entendemos que o presidente da Xunta debe comparecer no Parlamento, como reclama, por certo, o Partido Popular noutras latitudes, que debe facelo unha vez á semana mentres dure a crise para recoller as ideas, as propostas e, por suposto, tamén as críticas construtivas que queremos facer desde os partidos políticos, concretamente que estamos facendo desde o BNG. E debe de facelo, ademais, para coller a man tendida que lle ofrecemos desde o primeiro día desta pandemia. Desde o BNG ofrecémoslle sumar para colaborar, para aunar vontades, para aparcar diferenzas e remar na mesma dirección co obxectivo de saír da crise canto antes.

Transmitímoslles á Xunta e ao presidente o noso apoio para que puidesen tomar as decisións necesarias desde o máximo consenso político posible, e fixemos chegar á Xunta propostas construtivas que axudasen a dar unha mellor resposta institucional á crise. Mais desde aquel ofrecemento, nin unha soa medida adoptada polo Goberno galego foi acordada polas forzas políticas. E o que lle reclamamos é que aínda está a tempo de rectificar. O primeiro paso é comparecer nesta cámara para exercer como presidente de Galiza e aparcar todo oportunismo político.

Señor Almuíña, en relación coa súa comparecencia, desde o BNG o primeiro que lle queremos pedir é: modestia cero e triunfalismo cero. E digo isto porque non hai motivos para ningún tipo de triunfalismo no medio dunha pandemia que deixa máis de catrocentas setenta persoas falecidas e que deixou ao descuberto os problemas que se lle crean a unha sociedade cando se opta pola privatización e polo desmantelamento da sanidade pública.

E hai un feito que é evidente —e recoñecelo sería moito mellor para poder actuar ben en futuras pandemias—: a este goberno da Xunta de Galiza, igual que ao resto de gobernos do noso contorno, a crise do coronavirus colleunos co pé cambiado; non houbo previsión, non se entendeu que a alerta que estaba lanzando a OMS a finais do mes de xaneiro fose ter o impacto que tivo na nosa sociedade, e mesmo cando o coronavirus empezaba a verse, por exemplo, en Italia, non se actuou coa necesidade que se tería.

E mesmo en Galiza o Goberno galego tivo máis tempo que outros gobernos, porque o virus aquí chegou máis tarde, pero perderon días valiosísimos sen actuar, sen anticiparse e sen reclamar medidas que terían evitado que a situación fose tan grave como a que vivimos, porque de ter o Goberno galego solicitado que se pechase Madrid no seu momento e que se blindase Galiza teríamos unha situación sanitaria moito mellor. Sen embargo, este goberno non quixo facelo.

Da mesma maneira que dicimos que non pode falarmos de que hai previsión e anticipación cando vimos ao longo desta pandemia e cando estamos vendo aínda agora como hai problemas para ter guantes, máscaras e equipos de protección individual para afrontar a epidemia.



Hoxe mesmo, señor conselleiro, vemos que ese é un problema, pois se non nas residencias de maiores, por exemplo, non teríamos a situación que temos.

Se houberse previsión e anticipación, habería protocolos claros desde o principio, e non protocolos que van cambiando ou que aparecen ao final da pandemia. Se houberse previsión, habería os tests suficientes para poder facer probas masivas á poboación, e o certo é que se fixeron tarde. E gustaríanos tamén, señor conselleiro, que nos explique por que non se está utilizando toda a capacidade que temos en Galiza para poder analizar eses tests, porque as universidades ofreceron os seus laboratorios, o que daría moita máis capacidade resolutive, e non se está facendo neste momento.

Se a Xunta de Galiza tivese a previsión, pois estou segura de que ao longo destes once anos non tería recortado o número de camas en hospitais. Porque fíxense: recortaron máis camas nos hospitais ao longo destes once anos das que se ían instalar en Ifema. E teño a convicción, señor conselleiro, de que vostede se arrepiñe terriblemente daquelas palabras nas que nos dicía que as camas son importantes nos hoteis e non tanto nos hospitais.

E, desde logo, se houberse previsión non teríamos focos de contaxios tan importantes como os que temos nas residencias de maiores.

E estas son as cuestións ás que vostede nos debería de dar resposta. Debería de dicirnos que van facer. Porque segue habendo problemas, segue habendo problemas sanitarios, señor conselleiro, nas residencias de maiores. Tempo haberá de falar da irresponsabilidade de ter privatizado unha boa parte dese sistema de residencias.

Pero mire: está habendo problemas, por exemplo, en Celanova. Estes últimos días devolveuse por parte do CHOU un positivo a esa residencia, e sabemos que non se atendeu nin se interveu esa residencia desde o punto de vista da administración.

¿Que fallou, señor conselleiro, na Administración sanitaria para que non se atendese debidamente o problema sanitario que se podía dar nas residencias? Terá que dicirnos vostede por que non se anticipou e por que non había protocolos claros, porque era evidente que ese ía ser un foco de contaxio e que había que tomar medidas excepcionais.

¿Por que non adoptaron a medida de intervir todas as residencias privadas e poñerse á fronte no medio desta crise? Porque está claro que aí o contaxio foi maior. Había que facerlles tests a todos os residentes e a todo o persoal desde o inicio.

Ten que haber, desde logo, unha mellor e maior atención para as persoas nas residencias. E nós queremos insistir, pois estamos vendo que ese modelo de concentrar en dúas residencias os coronavirus quizais non foi a mellor aposta. E a opción pola que debería de decantarse neste momento a Xunta é a de trasladar aos centros hospitalarios todas as persoas maiores usuarias dunha residencia que se vexan afectadas polo coronavirus, porque non hai nada que o impida. Desde logo, está claro que van ter un mellor trato nun hospital que nunha residencia á hora de poder afrontar a súa situación.



Ademais, no ámbito sanitario segue habendo moitos problemas. Segue habendo centros onde denuncian inseguridade e risco de contaxio por falta de material. Preocúpanos tamén, señor conselleiro, que non se teñan retirado no día de hoxe todas as máscaras que viñeron defectuosas, porque iso está incrementando o risco. Acaba de mandarme agora mesmo unha persoa da sanidade de Ourense unha proba gráfica de que seguía habendo algunhas máscaras sen retirar, o que, polo tanto, ten que realizarse.

E hai, desde logo, que reforzar moito todo o que ten que ver cos cadros de persoal. Nestes últimos quince días, a Consellería tivo que rectificar en dúas ocasións decisións que, desde o noso punto de vista, eran erradas, como cesar aquel persoal eventual que estaba contaxiado por coronavirus ou rescindirle contratos a persoal eventual, a pesar de que estabamos en medio dunha emerxencia sanitaria.

Parécenos ben a rectificación, pero o simple feito de que iso pase é grave. O que está denotando é o grave problema de precariedade que segue existindo na sanidade pública. Polo tanto, hai que tomar de inmediato todas as medidas para garantir a protección, garantir unha contratación digna para ese persoal, e tamén abordar dúas cuestións de futuro que nos preocupan:

A primeira, non fixo mención a iso, ou polo menos eu non llo escoitei: ¿que vai facer a Consellería nun ámbito de saúde pública como é o das máscaras? Parécenos que nese tema non poden poñerse de perfil. Polo tanto, nós o que lle pedimos á Xunta é que faga un protocolo para que as máscaras sexan obrigatorias en Galiza unha vez que se poña en marcha o desconfinamento e que se distribúan de xeito gratuito, por ser unha cuestión de saúde pública.

E a segunda cuestión que nos preocupa é o futuro. Teñen e deixaron vostedes a atención primaria do noso país no chasis. E agora vai ter unha sobrecarga moi importante; unha sobrecarga onde se necesita reforzar persoal e reforzar medios. Porque non se pode atender unha presión maior ou unha atención que vai ser moito máis complexa como é a que pode darse mentres dure o estado de alerta sanitaria por problemas de coronavirus sen reforzar persoal e sen reforzar os medios cos que conta a atención primaria. Por iso reclamámoslle que poña en marcha un plan de atención primaria, dotado como mínimo de douscentos millóns, que permita reforzar o persoal. Teñen que abrirse todos os centros de atención primaria, salvo por motivos moi xustificadas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Cremos que o persoal de atención primaria non debería de utilizarse para realizar actividades hospitalarias. Desde logo, segue sendo importante o seu labor —remato, presidente— porque, á marxe desta cuestión do coronavirus, segue habendo moitas persoas enfermas que necesitan do seu médico ou da súa médica.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E remato, se me permite o presidente, co noso recoñecemento precisamente ao persoal sanitario. O noso aplauso desde as ventás, pero tamén desde este parlamento.

Moitas grazas.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

En primeiro lugar, quero agradecer ao persoal do Parlamento que facilite que poidamos desenvolver con normalidade esta sesión.

Quero dicirlles ao Partido Popular e ao seu portavoz que non fai falta que recorra a falsidades nin fai falta que recorra a escusas para xustificar a non-asistencia do señor Feijóo ao Parlamento galego. Se a oposición ten solicitada a súa comparecencia dende o día 7 de abril, e el non compareceu, é porque o señor Feijóo non quere. Se prefire estar a diario na Televisión de Galicia sen que ninguén contradiga a súa desleal campaña de intoxicación que fai nos medios de comunicación público, que son de todas e de todos, é responsabilidade del, e el ten que responder. E non busque escusas, señor Puy.

Campaña de intoxicación e campaña dende unha soberbia absoluta que lles impide facer calquera xesto de humildade e de autocrítica. E vostede, señor conselleiro, veu hoxe confirmar ese nesgo que produce indignación crecente na cidadanía, cando observa que parece ser que a Xunta de Galicia todo o fai ben, e se hai algo mal é porque os outros o fan mal.

Hoxe mesmo, vostede non expresou nin unha liña de autocrítica, non dixo nada do que saíu mal da súa xestión. Iso, señor conselleiro, é imposible. Iso non é vir explicar a realidade, iso é vir a seguir intoxicando e facendo propaganda. Suspendéronse as eleccións, pero vostedes non suspenderon a campaña electoral. Dígoo dende a deslealdade absoluta co que levan feito.

Mire, por poñerlle un exemplo: vostede falou do material, e non fixo máis que loas ao seu labor co material. Podía ter dito que moitos profesionais e moitas profesionais se queixaron de ter que traballar sen a protección adecuada. E incluso poderíamos ter admitido que pode ser difícil encontrar material. Non o fixo.

Cando houbo profesionais responsables sanitarios que fixeron críticas sobre a falla de material cando desenvolvían o seu traballo, incluso foron cesadas. Vostedes cesaron unha responsable sanitaria por criticar publicamente que tiña que traballar sen protección, porque dende a dirección se lle dicía que ía alarmar a xente, e iso era o 22 de marzo, sete días despois do estado de alarma. E foi cesada, coa escusa de que non se debían de facer críticas nas redes. E, en cambio, o Partido Popular e a Xunta de Galicia moveron nas redes sociais un vídeo dun responsable sanitario, do señor Vázquez Lima, onde se criticaba o Goberno do Estado polos tests rápidos.

Esa é a verdadeira faciana do Partido Popular nesta crise: deslealdade absoluta, campañas de intoxicación, de mentiras, facéndonos crer que aquí todo se fai ben e que todo o que se fai mal é culpa dos demais. E falaremos despois dos tests.



Vostede falou de moitas medidas, exemplos máis pequenos, menos importantes, pero tamén importantes. Vostede falou do 900400116 —non 166, creo; vostede dixo «166» e é «116»—, pero vostede non dixo que estivo case unha semana sen funcionar ese teléfono, ¿verdade? Podería telo dito se fixera un relato veraz do que sucedeu, pero non o dixo.

Vostede podería ter feito algún tipo de autocrítica coa situación das residencias. Non o fixo. Cando todos sabemos de que estes once anos foron unha serie de políticas e de decisións destinadas a favorecer o negocio de determinadas empresas con diñeiro público. E precisamente nesas empresas que recibiron eses favores e esa política é onde hai máis infectados, é onde hai máis mortes, é onde hai máis probabilidades de morrer esas persoas. É onde o Consello de Contas denunciou que, pese a facerse inspeccións que denunciaban irregularidades nas ratios de persoal e demais cousas, o seu goberno non actuou. Non o dicimos nós, díxoo o Consello de Contas, e non se corrixiu. Díxoo constantemente ese persoal ao que vostede lle agradeceu o labor durante anos.

Por certo, en vez de agradecerlo aquí, poderían darlle outras condicións de traballo a un dos sectores máis precarizados, e máis precarizados moitas veces por sobrecarga de traballo, porque non hai ratios de persoal suficientes, porque así se fan os negocios nas privadas.

Cando se demostra agora que a xestión pública e a xestión directa é máis garante da saúde dos maiores, podía vostede vir aquí recoñecer que as súas políticas puxeron en perigo moitas persoas e que as seguen a poñer, ¡pero non!

Din que o importante é salvar vidas, pero non deixan de estar en campaña electoral, encaidando unha campaña de intoxicación tras outra. Podemos poñer moitos exemplos. Concatenaron unha con outra; primeiro, co asunto do material, cando dous días antes de mandar os respiradores a Madrid dicía textualmente e literalmente o señor Feijóo: «temos necesidade imperiosa de respiradores»; dous días antes de anunciar o envío a Madrid.

Campaña de intoxicación cos tests rápidos, que mostra tamén a verdadeira faciana do que está facendo o Partido Popular nesta crise. O 5 de abril dicía o señor Feijóo: «Eses tests rápidos son de apoio, que non definitivos...» —ben, díxoo en castelán, claro, porque non sei que manía ten agora de comparecer na Televisión Galega en castelán— «...ya que valen para confirmar los positivos; sin embargo, cuando dan negativo, es necesario confirmarlo con una prueba PCR, que se realizará en los diferentes laboratorios de microbiología del Servicio Galego de Saúde». Iso era o 5 de abril; dicindo co que xa dicía, coincidente, a páxina web do Ministerio de Sanidade, que nunca enganou a ninguén.

E o 8 de abril, tres días despois, dicía o señor Feijóo: «Pensábamos que eran definitivos y que solo usándolos tendríamos un diagnóstico fiable al 100 %; pero no es así, facilitan una aproximación al diagnóstico pero tienen que ser completados con PCR» —argumentou Feijóo—. «Pensábamos que eran definitivos», cando tres días antes dixo exactamente que sabía para que servían eses tests rápidos, que eran complementarios, como sempre se dixo. É outro exemplo máis da deslealdade e da campaña de intoxicación axudada con medios de comunicación que dependen dos orzamentos públicos. E é máis indignante cando esa intoxicación vén dos gobernos e dos partidos que recortaron a sanidade pública —que é a que está sacando as



castañas do lume neste momento—, que atacaron e denigraron os profesionais da sanidade pública. E é máis indignante cando vén dun partido que incluso tivo casos de corrupción evidentes —por se non fose corrupción suficiente utilizar o diñeiro público para fortalecer a sanidade privada—. É indignante que vostedes utilicen isto para facer campaña electoral, constantemente.

E, por último, eses recortes que nos deixan en peor situación para loitar contra a pandemia. Por exemplo, xa se dixo aquí: «Non sería necesario nin plantexarse hospitais de campaña nin facer campañas cos hospitais de campaña se tivéssemos as mesmas camas que cando vostedes chegaron ao Goberno». Poderíamos intervir todas as residencias de maiores e medicalizalas se tivéssemos a media de persoal médico que ten o Estado español ou a media de persoal de enfermería que ten o Estado español. Significarían centos e centos máis de profesionais. Pero vostedes dedicáronse a precarizar ese persoal; por iso agora hai escaseza. Pero seguen, e só recúan cando hai presión social.

A mediados deste mes, a persoal que tiñan contratado ata o 30 de abril anunciáronlles que lles ían rescindir o contrato. Só cando se soubo e era demasiado escandaloso vostedes recuaron. E van ter que recuar en moitas máis cousas, porque moitas das privatizacións que vostedes fixeron no pasado xa non van ser posibles a partir de agora, porque moita xente viu que a sanidade pública é fundamental para protexernos.

E vostedes subestimaron absolutamente o poder da atención primaria para controlar a pandemia, relegando o papel da atención primaria e infrautilizando o recurso que máis contacto ten co noso rural. Desprotexeron os profesionais, que denunciaron constantemente, ata aínda hai ben pouco, falla de material.

E, por último, o mellor exemplo da mercantilización da saúde son as residencias de maiores. O negocio por riba da saúde. Botei de menos que vostede fixera unha reflexión, cando menos *a futuro*, sobre o cambio de modelo, cando se sabe e se coñece dende hai anos que as residencias privadas non están cumprindo cos ratios de persoal; cando se sabe que iso influíu absolutamente na non posible aplicación dos protocolos, que precisaban reforzos de persoal, que non foi suficiente. Cando se sabe todo iso, polo menos vostede tiña que vir aquí anunciar un cambio de modelo. Está demostrado que a xestión directa, a xestión pública, é mellor, e, aínda así, no modelo da xestión directa haberá que facer cambios tamén.

Agora cómpre centrarse en salvar vidas, pois temos moitas persoas en risco. Cando isto remate, evidentemente, pediremos responsabilidades polas políticas que puxeron en perigo a xente por priorizar o negocio por riba da saúde. Vostede sabe cal é a porcentaxe de infectados e de mortes entre as residencias privadas e as públicas. Vostede sabe das denuncias anteriores; non pode dicir que non foi avisado. É gravísima esta situación. É gravísimo que un goberno non actúe cando se lle avisa.

Por tanto, e en resumo, nós comprenderíamos un relato máis axeitado á realidade. Comprendemos as dificultades para xestionar esta pandemia, de calquera goberno. Xa o dixemos o día en que compareceu o señor Feijóo: non concibimos ningún goberno que actualmente estea facendo as cousas adrede mal. O que non toleramos é que, aínda encima, os gobernos



que precarizaron e que atacaron os profesionais da sanidade pública veñan e estean constantemente facendo campaña propagandística, campaña electoral, e veñan con actitude soberbia sen recoñecer ningún erro na xestión desta situación.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor presidente, señor conselleiro, señoras e señores deputados, seguimos vivindo nunhas circunstancias complexas, nunha crise da covid-19 que marca toda a axenda política, a axenda social, a axenda sanitaria.

Vaian as miñas primeiras verbas para o recoñecemento aos profesionais sanitarios que están á fronte do sistema, coidando da nosa saúde. Vaia tamén a nosa fraternidade, o noso agarimo e a nosa aperta a todos aqueles galegos e galegas que están sufrindo o virus na actualidade, ben nas súas casas, ben en residencias, ben nos hospitais. E, dende logo, tamén esa fraternidade para as familias —máis de catrocentas— que perderon un ser querido ao longo desta crise.

Son momentos de enorme complexidade, e son momentos en que ningún referente político desexa estar á fronte dunha crise como esta. Porque son crises que teñen implicacións de moito calado, de moito fondo e de moita complexidade. E eu, polo tanto, quero recoñecer o traballo de todos aqueles que, á fronte das administracións, poñen o mellor de si mesmos para facer esta tarefa e tamén, á vez que mostrando esa lealdade e todo o ánimo de cooperación, amosar nun debate reflexivo aquelas diferenzas que se plasman na xestión e na forma de actuar, e cada unha das perspectivas e das nosas situacións ante a crise que estamos vivindo.

Teño tamén que sinalar que hoxe o presidente da Xunta debería estar aquí; que levamos xa case seis semanas de estado de alarma e o presidente da Xunta compareceu unha vez en sede parlamentaria; que está aproveitando a ocasión de ser presidente sen ter o Parlamento en activo para non ter que acudir para responder e para dar unha resposta democrática ante a crise da covid. E fago un chamamento a todas as forzas políticas parlamentarias e tamén á Mesa deste Parlamento galego para que, de forma inmediata, se corrixa esa eiva que lastra a resposta democrática fronte á crise económica, social e sanitaria da covid. Feijóo tiña que comparecer, e non se pode agochar detrás das cámaras da TVG. Non se pode agochar, á hora de dar explicacións, daquilo que preocupa ás galegas e galegos, e tamén de escoitar as propostas que fan os distintos grupos políticos da oposición.

E á vez, nesa liña, queremos plantexar que somos conscientes de que hai distintos modelos de xestión do público e distintos modelos de compromiso. Nós non temos a mesma visión do papel que ten que ter a sanidade pública dentro do noso sistema que a visión que ten a



dereita e o Goberno do Partido Popular. Son dúas visións distintas, dúas visións con diferenzas; e sei que isto, a veces, ao Partido Popular non lle gusta, porque pon a etiqueta e quere poñer tamén a máscara de defender a sanidade pública como o que máis. Pero os feitos falan por si mesmos.

Pero, máis alá das diferenzas, señor conselleiro, que vostede e eu, que a súa formación política e a nosa poida ter, eu quérolle recoñecer o esforzo e o traballo que está facendo. E quérolle trasladar tamén todo o ánimo, e todo o apoio, e a man tendida do PSdeG en circunstancias tan complexas. Dou por suposto que, como profesional médico e tamén como representante político, son xornadas de enorme complexidade nas que vostede estará tentando facelo o mellor posible.

E nesa liña quero sinalar que hai dous modelos distintos. Porque chegamos a unha crise como esta despois de moitos anos de recortes na sanidade pública; chegamos a unha crise como esta con menos camas sanitarias das que había hai unha década; chegamos a unha crise como esta con menos profesionais en atención primaria; debilitouse a sanidade pública galega durante tanto tempo. E ese foi un modelo. Por iso levabamos en Galicia dous anos de enorme conflitividade no ámbito da sanidade, porque os profesionais, porque a sociedade, porque os colectivos que defenden a sanidade pública vían e son conscientes dos retrocesos e dos ataques que dende o Goberno galego se fixeron á sanidade pública galega. E nós temos un compromiso co Estado do benestar, e iso implica a defensa dunha sanidade pública universal, gratuíta, de calidade e de proximidade. E chegamos a unha situación como esta co sistema sanitario galego debilitado, con menos profesionais dos que podía haber, con menos mecanismos, máis descapitalizado. E esa é a realidade, señores do Goberno; é unha realidade que as galegas e os galegos coñecen ben.

Eu sei que vostedes dan os números, números que dan visións sesgadas da realidade, números nos que non queren amosar os recortes de once anos continuados. E ímolos poder debater cando queiran. Pero eu non lle reclamo e non lle boto en cara ao Goberno galego que non tivera a capacidade de anticipar esta crise do coronavirus. Non llo podo dicir, porque nós tampouco a tivemos. Porque un mes antes de que xurdira a emerxencia sanitaria non estaba isto previsto para ningún responsable político dos gobernos da Europa occidental ou dos países da nosa contorna. Porque cinco días antes de decretar o estado de alarma vostede mesmo, señor conselleiro, chamou o noso partido e falou co presidente do PSdeG para trasladarlle a situación, e non se prevía esa evolución. Eu iso nunca llo botarei en cara. Pero, sen dúbida, si quero poñer que chegamos a esta crise cun sistema sanitario máis debilitado do que tiñamos que ter, que non fixeron esa aposta clara en persoal, en material, en mecanismos... E isto é un lastre, unha dificultade. Porque o virus chegou a Galicia máis tarde que a outras comunidades, e, polo tanto, o confinamento do estado de alarma e do estado de emerxencia permitiu evitar que o ritmo de crecemento da curva de contaxios chegase ao nivel doutras comunidades e que a presión asistencial estivese acercando o sistema ao límite pero non chegase ao límite.

E xustamente neste escenario, no que na realidade tivemos unha evolución atrasada e tamén un inicio dos contaxios a posteriori, hai unha cuestión moi clara: iso que chega máis tarde, iso que amosa unha determinada realidade é un elemento que temos que poñer enriba da



mesa para entender con claridade as dificultades que estamos vivindo. Vostedes mesmos recoñecen como, sen ter eses contaxios masivos como noutras comunidades, tivemos que recorrer a unha fase III do nivel de progresión da crise posible e prever, incluso, novas camas hospitalarias. Porque se desfixeron e porque vostede nalgún momento, en verbas que eu tampouco quero descontextualizar, falaba de que as camas son importantes en hoteis e non tanto en hospitais, pero que reflicten o que era un pensamento de boa parte da xestión sanitaria en España, tamén no modelo de Madrid, que é o modelo de referencia do Partido Popular, e a diferenza que todo iso implica.

Eu quero tamén pedirlle, señor conselleiro, toda a información posible, que dea toda a información de forma agregada. E tamén temos os alcaldes e representantes municipais, que queren ter información por concellos do que está ocorrendo, e pediríalle un esforzo nesa liña de acción. Pedímoslle hai un mes que reforzaran o persoal, que reforzaran o material, que reforzaran as inversións, e non o fixeron. E eu quero preguntarlle, señor conselleiro: ¿canto gastaron en contratación extraordinaria de persoal? ¿Cantos profesionais se incorporaron, e por canto tempo, de forma estable, dende hai un mes a aquí?

Quero preguntarlle tamén polo material dispoñible. Cada vez que se fala dende a Xunta de Galicia, faise unha nebulosa sobre o material. O presidente da Xunta de Galicia díxonos nas primeiras reunións que non sabía se había material de protección suficiente para uns días. Á semana seguinte falou de que había medio millón de máscaras nos depósitos do sistema de saúde de Galicia, na plataforma loxística, e a posteriori chegou a dicir que eran un millón e medio.

Nos últimos días estanse trasladando distintas informacións. O presidente da Xunta dicía, na última referencia a este aspecto, que o 11 % da protección que existe en Galicia a prové o Goberno do Estado e o resto, a Xunta de Galicia. Pois, mire vostede, señor conselleiro, se o Goberno de España remitiu a Galicia —como onte trasladou en nota de prensa— 2 millóns de mascarillas, e iso representa o 11 %, quere dicir que ao longo desta crise o stock de mascarillas para protección do que dispón Galicia é de arredor de 20 millóns. Se hai 20 millóns de mascarillas para estas seis semanas e temos eivas e debilidades de protección en residencias, en atención primaria, en hospitais, en concellos, aos que non lles chega material, eu queredría ter unha información pormenorizada desa existencia de material e de como provén dese material existente os distintos lugares.

Eu sei que adquirir material non é algo sinxelo —sabémolo todos— nestas circunstancias, sobre todo nalgún tipo de cuestións. Evidentemente, o tema dos ventiladores é algo no que houbo complexidades e non sabemos exactamente que pasou. Dende logo, aí ten vostede todo o respaldo do Partido Socialista, porque entendemos esa complexidade e esa situación. Pero hai moitas cuestións que si están no seu ámbito, no ámbito laboral: ¿que decisións tomaron cos profesionais da sanidade pública galega? ¿Por que tentaron evitar algunhas prórrogas de contratos coa excusa do covid? ¿Por que querían evitar esa prórroga da segunda quincena a enfermeiras que estaban á fronte da loita do covid? ¿Ou por que cesan unha xefa dunha determinada cuestión sanitaria no Complexo de Vigo por pedir máis protección, cando estaba na liña correcta e cando, no fondo, estaba falando por tantos e tantas profesionais?



Quereriamos tamén, señor conselleiro, que faga unha aclaración pública e definitiva sobre o tema dos test. Todos sabemos do que estamos falando, de cales son as utilidades que teñen, de como os test de diagnóstico rápido de anticorpos funcionan, determinan a capacidade de detectar os anticorpos e que iso ten unha utilidade, xa que nas circunstancias en que os PCR non poden ser masivos, para todos, van poder complementar toda a análise. Quereriamos unha aclaración, porque se dixo que se daban falsos positivos dende ese tipo de test de diagnóstico rápido, que teñen un nivel de especificidade e de sensibilidade e que están contrastados polos institutos de investigación nacionais acreditados para o mesmo. Evidentemente, non xoguemos con isto, que é importante. Todos sabemos que as probas de PCR son o máis importante.

Tamén me gustaría saber cantas probas de PCR fixo o Sistema galego de saúde antes do estado de alarma, se nese momento había unha determinada liña de acción, se houbo un número salientable de milleiros de test de PCR feitos nas xornadas de antes e se houbo esa capacidade de prevelo. Entendo que a situación era complexa, pero, como aquí se nos ten dito por parte do Partido Popular, sinalar esa capacidade de anticipación sería importante.

Mire, agora temos que atender esta crise, e para iso ten vostede todo o respaldo do Partido Socialista de Galicia, para xestionar como plantexar as mellores respostas cos medios que hai e coa sanidade pública que hai, con magníficos profesionais. E nesa liña queremos falar tamén do futuro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e, dende logo, queremos falar dun futuro que nos preocupa especialmente, porque onte o presidente da Xunta de Galicia nos falou da sanidade do futuro en Galicia e o único que plantexa é a idea de desmasificar as salas dos hospitais, da teleasistencia e do servizo telefónico para consultas. A atención primaria foi a gran danada durante os seus anos de goberno e vexo que carecen de compromiso e de visión para orientar a sanidade do futuro. Dicían onte que temos médicos e enfermeiras suficientes con carácter xeral na atención primaria, na mesma en que os cidadáns teñen que esperar ás veces días para poder ter consulta e na que os médicos teñen que atender ás veces 50 pacientes nun día. Toda esa complexidade á que vostedes lle deron a espalda durante tanto tempo é algo que agora está outra vez enriba da mesa...,

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e vexo como o Goberno do Partido Popular, que debe centrarse na crise, carece desa orientación. Gustaríanos unha clarificación e unha rectificación do discurso de futuro para a sanidade galega que onte fixo o presidente da Xunta...,

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...que non responde nin á realidade nin ás necesidades que temos no país.

Moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, unha vez máis, quero comezar manifestando o pesar deste grupo polos falecidos e darlles o noso máis sentido pésame ás familias das máis de 400 persoas que faleceron en Galicia por mor do coronavirus e que merecen o recordo e o recoñecemento desta Cámara, así como seguen a manter o noso recoñecemento e a merecelo, sen dúbida —o noso e o de todo o pobo de Galicia—, todas as persoas implicadas na xestión sanitaria, todos os profesionais do sector sanitario, así como de todos os sectores fundamentais que permiten que a vida, dentro destas circunstancias, siga tendo unha certa normalidade, e que nos están permitindo saír adiante nestas difíciles condicións, tamén co apoio de toda a cidadanía, que responsablemente segue de forma moi maioritaria o confinamento.

Dito isto, tamén quero darlle as grazas ao conselleiro pola súa comparecencia. Se temos en conta que vai comparecer a conselleira de Educación inmediatamente despois, iso quere dicir que desde que comezou a crise e mesmo estando a Cámara disolta, como todos vostedes saben, xa compareceron a metade dos membros do Goberno. Eu pídolles que me dean algunha referencia dalgún outro parlamento que nin sequera está pechado no que exista un nivel de comparecencia do Goberno diante da Deputación Permanente en relación co coronavirus maior que en Galicia. Por non mencionar as conferencias que algúns dos que están aquí presentes comparten co presidente para informar sobre o que se está a facer. Evidentemente, estamos a descubrir cousas en relación coa concepción da democracia moi interesantes nos últimos días; por empezar, a que algúns portavoces manifestaron en relación cos medios de comunicación. É certo que nós sempre entendemos cal era o papel dos medios nunha democracia e, especialmente, nunha situación crítica como é a da pandemia. Estamos comprobando quen comparece, informa e se somete ao control libre dos medios de comunicación e quen non o fai; quen filtra as preguntas e quen se reúne coa oposición e quen non o fai. Hai quen se centra en minimizar o clima contrario á xestión do Goberno, utilizando instrumentos do Estado de dereito, e quen non o fai. E tamén hai quen monitoriza as redes sociais e quen non o fai. Nós cremos que a prensa é fundamental no control democrático e así o presidente estase sometendo en todas as roldas de prensa a preguntas abertas de calquera medio, sen ningún tipo de filtración, nin das preguntas nin do medio.

É certo que tamén o control... Eu síntome moi satisfeito tamén —apunto circunstancialmente— de que na Televisión de Galicia non teñamos visto que cando informa o conselleiro de Sanidade poñan debaixo que é médico ou que cando informa un concelleiro do PP dalgunha cuestión apareza como concelleiro do PP e non como técnico en psicoloxía, que podería. Pero eu teño, a verdade, a tranquilidade de que a Televisión de Galicia está a facer un labor moi diferente ao que outros fan, que tamén teñen unha concepción parece que distinta do labor dos medios de comunicación social.



Falando do control parlamentario, eu xa lles dixen algo, pero gustaríame que, xa que houbo críticas, os socialistas e nacionalistas, que gobernan xuntos no País Vasco, me puxeran como exemplo o que están a facer. Eu o que digo é que na Cámara, que está igual que Galicia, aínda non compareceu o presidente nin compareceu ningún conselleiro, e aquí está, como xa dixen, a metade do Goberno exposto á crítica e informando, como é o seu deber, nesta Cámara.

O que quero dicir con isto é que eu, vendo o que se fai, por exemplo, a nivel do conxunto de España, non teño escoitado nin ao Grupo de Podemos nin aos nacionalistas facer ningunha crítica sobre os medios públicos, sobre que se pechen as Cortes e todas estas cuestións. Ao revés, véxoos apoiando que se pechen as Cortes, que ademais controlan o Goberno, que asumiu competencias a través do estado de alarma. Por iso pediría un pouco de congruencia e un pouco de coherencia, porque é bo que haxa crítica, e nós agradecemoslles as críticas que nos fan, agradecemoslles que tendan a man e gústanos que nos tendan a man, con sinceridade e non ao pescozo, como algúns tamén fixeron na sesión de hoxe. Pero, en todo caso, respectamos a súa opinión, porque, para vencer a pandemia, efectivamente, toda opinión é importante, e que as persoas que non se sintan representadas polo Partido Popular teñan voz na Cámara é esencial.

Estamos ante un virus novo, asintomático ou leve nas persoas de menos de 50 anos, con alta letalidade e altamente transmisible. Os sistemas de prevención son decisivos, pero asistencialmente, de momento, mentres non aparezan vacinas ou tratamentos, os servizos sanitarios de todo o mundo o único que poden facer é dar soporte analítico, atención, aos elementos de protección, en particular aos que axudan á respiración, e dar coidados que palién a dor e finalmente a morte. E, mentres tanto, polo tanto, o que ten que facer a Xunta e todos os servizos de saúde é minimizar o número de contaxios e atender a todas as persoas. Eu síntome moi honrado de que non houbo ningún tipo de debate ao respecto en Galicia sobre se había que meter ou non meter a determinadas persoas a tratamento; prevaleceu estritamente o criterio de axudar a todo o mundo en función da opinión médica.

E neste contexto en que España vive o confinamento coas condicións máis duras de Europa, co segundo maior número total de contaxiados despois de Estados Unidos, neste contexto en que é o segundo país da Unión Europea, despois de Luxemburgo —que é un país pequeno— en casos por 100.000 habitantes, e tamén despois de Bélxica, o segundo país da Unión Europea en falecidos por 100.000 habitantes e padecendo, como digo, o confinamento máis persistente e duro, o que apreciamos é que en España tamén hai diferenzas entre as comunidades autónomas. E hai moitas razóns: a temperatura, a humidade, a densidade de poboación, tamén a idade da poboación —onde Galicia ten un hándicap—, a circulación de persoas por cada comunidade, mesmo o azar... Pero tamén a xestión, que depende, evidentemente, do Sergas.

E se imos aos resultados que coñecemos, vemos que a taxa de letalidade é do 4 % fronte ao 10 % de España; a de mortalidade, por cada 100.000 habitantes, é do 13 % en Galicia e do 44 % en España —datos do día 19—; a de falecidos en relación cos ingresados é do 13,4 % en Galicia e do 27,25 % en España; e tamén a taxa de mortalidade —aínda que aquí é moito máis difícil, pola falta de información, facer comparacións— é moito máis baixa nas resi-



dencias da terceira idade e de discapacitados en Galicia que en España. Señor conselleiro, con todo isto, que non ofrece consolo ás familias, que non concede consolo aos amigos das algo máis de 400 persoas que faleceron en soidade, que faleceron sen o consolo dos parentes e dos amigos, sen embargo, o que se está é dando un recoñecemento á capacidade de xestión do Servizo Galego de Saúde.

E por iso quero agradecerlle ao conselleiro, e na súa persoa a todo o equipo, ata á última persoa que traballa no Sergas, o esforzo que están facendo durante todas estas semanas. Todos sabemos que foi duro, que houbo moita xente moi implicada en pensar e en tomar as mellores decisións, e, en vista dos resultados en Galicia, hai que felicitalos polo menos de ser capaces de conter a expansión e de poder ter tratado a todo o persoal. Sei que asumen a responsabilidade, ademais, co orgullo e a satisfacción de saber que teñen que asumila. Nisto non se trata de ter boa sorte ou mala sorte, nisto trátase de que cando un ten que dar a cara, está aí para dala.

A Xunta e a Consellería de Sanidade teñen actuado con lealdade, exercendo todas as competencias. Xa sabemos que pese a que hai sentenzas que ratifican que a función de prover de material lle corresponde ao Goberno central, a meirande parte do material foi feito ou provisto desde a Xunta de Galicia para todo o sistema sanitario galego. E fíxose exactamente con lealdade, mesmo cando se cometeu algún erro soado na adquisición de material, que o presidente da Xunta dixo literalmente: «*El mercado está complicadísimo, entiendo las dificultades del Gobierno de España para comprar test*». Ou incluso ultimamente cunhas mascarillas, que, desgraciadamente, soubemos onte que infectaron a 76 profesionais da saúde en Galicia.

Fíxoo tamén con anticipación. Claro que houbo anticipación, señor Caballero. Aquí o 5 de marzo, máis dunha semana antes de que o Goberno central decretase o estado de alarma, o Consello da Xunta autorizou a contratación de mascarillas, respiradores e equipos de protección por importe de 1,8 millóns de euros; foi a primeira comunidade en establecer dous circuitos diferenciados en urxencias, un para respiratorios e outro para o resto das patoloxías; creáronse plantas específicas de tratamento do Covid nos hospitais; en atención primaria —tamén con críticas da oposición— especificouse en que centros de saúde se atendía segundo que patoloxías. E ademais tamén se conseguiu algo moi importante, que é a redución de procedementos terapéuticos distintos do coronavirus, que en Galicia se reduciu en torno ao 20 %, mentres que noutras comunidades como Cataluña chegou a reducirse ao 55 % e en Madrid ao 66 %.

E fíxense que todo este gasto se fixo —unha pequena anotación— no Parlamento que vos tedes din que está secuestrado e confinado, cando onte chegaron as modificacións de crédito e vese con que se financiaron esas compras de material: financiáronse co Fondo de Continxencia. Lémbrolles que, cando trouxemos os presupostos, nas emendas, vostedes —o PSOE— querían retirarlle 10 millóns de euros ao Fondo de Continxencia, o Grupo Común da Esquerda, 15 e o BNG, 30 millóns. Eu congratúlome de que aquí non aceptamos estas emendas porque permitiron afrontar esta compra imprevista de máis dun cento de respiradores e de máis de 900 pantallas protectoras para o persoal de atención ao público dos centros sanitarios. Prudencia, responsabilidade e anticipación.



Hai máis cousas que se poderían dicir; por exemplo, quería, nun minuto, facer unha referencia ao sistema Telea para monitorizar crónicos. Cando se implantou este sistema, o conselleiro compareceu na Cámara para explicalo. ¿Que nos dixeron entón e hoxe? Dixéronnos que se preguntabamos se vostede quería cambiar a tecnoloxía por profesionais, se estes dispositivos son a solución para a atención primaria... Ben, hoxe 1.700 pacientes de coronavirus están sendo monitorizados polo sistema Telea, estase reducindo o risco de máis contaxios e están perfectamente atendidos nas súas casas. Eu creo que isto é tan bo como o que se fixo co laboratorio do Meixoeiro. Fíxense que vostedes criticaron o laboratorio do Meixoeiro cando se dixo que no novo Hospital Álvaro Cunqueiro non ía haber laboratorio. Hoxe, grazas á alta tecnoloxía e á dimensión e escala do traballo no laboratorio do Meixoeiro, que está robotizado, está a ser o sitio onde máis test PCR se fan de toda España, e estanse monitorizando alí todas as residencias de Galicia. Eu quero recordar que houbo algún grupo que dixo que centralizar o laboratorio de análises no Meixoeiro implicaría mortes en Galicia. Fíxense que están salvando vidas e non está provocando mortes.

Finalmente, transparencia. Creo que a Consellería ten actuado con transparencia, e simplemente vou dar unha mostra: «Mentres, xa vimos, seguimos sen saber» —por suposto, sen ningunha crítica por parte dalgúns grupos da oposición— «onde se compra».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Hoxe mesmo poden ver no Portal de Transparencia a onde foron as subministracións e quen foi o provedor da Consellería de Sanidade ao longo de todo este tempo.

Señorías, señor conselleiro, están facendo un esforzo inxente para sandar, atender e coidar a todos, para informar, para planificar respostas con plans de continxencia, están contratando persoal, están acumulando material decisivo, están facéndose cargo das residencias integradas, están seguindo consello dos profesionais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Eu no futuro apoio o estudo epidemiolóxico previo á pandemia —diso teremos ocasión de falar despois— e, por suposto, o intento de concertar na medida do posible cos profesionais e coas forzas políticas a transición a esa nova normalidade, que pasará polo Telea e polos horarios, como dixo o presidente.

Transmítalles a todos os profesionais do Sergas, señor conselleiro, e ao seu equipo directivo o noso agradecemento por esta —con algunha lagoa, pero seguro que no seu conxunto magnífica— xestión.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Puy.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Para a réplica, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señorías, quería explicar algo porque parece que na primeira parte algún dicía que vimos aquí en plan triunfalista. Non, vimos describir exactamente o que se fixo e, desde logo, despois comentarei erros, dos que tamén se falou e que se recoñeceron durante este período.

Pero hai algo moi importante que as súas señorías non comentaron, e é por que Galicia tivo unha menor afectación, porque é así, hai unha menor afectación en Galicia que noutras comunidades. E non falo de ideoloxía, falo de que houbo resultados diferentes.

Os estudos da curva epidémica probable da afectación de Galicia mostraban un pico de casos en torno á primeira semana de abril, a de hospitalización, dúas semanas despois, e a finais de abril calculaban que estaríamos no tope da ocupación das UCI. E daban unha ocupación de camas hospitalarias ata dúas ou tres veces superior, que, ao final, non está sendo. Como dicía ao principio, estamos dicindo que estamos na parte do descenso desa curva.

¿Por que? Pois miren, no ámbito sanitario, Galicia tomou decisións antes que outros: peche de colexios o día 13 de marzo, establecemento do estado de emerxencia o 14. Na comunidade hai un liderado claro, non hai diferenzas entre gobernos. Onte transcendía como ían ser as recomendacións para os nenos, como ían saír, pois non estaban de acordo un partido e outro do Goberno. É un tema, en teoría, non moi importante, pero se hai diferenzas para isto seguramente as haberá para o demais.

É unha comunidade sen grandes cidades, cunha parte rural significativa —tamén iso é importante á hora de diminuír a transmisión—, e ten un sistema sanitario mellorado nas infraestruturas, nos equipamentos e no persoal nos últimos anos. A área de Vigo é paradigmática, dicíao o portavoz do Partido Popular. O famoso laboratorio do Meixoeiro é o mellor laboratorio que hai agora mesmo en España, sen dúbida. Pero é que non houbo necesidade ningunha nin de buscar un hospital alternativo, en caso de ocupación máxima. ¿Por que? Porque tiñamos camas no Cunqueiro, no Meixoeiro e no Nicolás Peña —vese que non houbo reorganización no período de crise—, pero tamén en Lugo, en Ourense ou na Mariña ou no Salnés. E por iso seguimos tratando de facer un novo hospital na Coruña e, desde logo, tamén de mellorar os demais.

Melloráronse nos últimos anos os servizos de urxencias, das UCI, as zonas de hospitalización. Hai máis respiradores de altas prestacións, aparataxes de raios, monitores invasivos, pero, pese a todo, seguimos comprando. Seguimos comprando nun mercado difícil e conseguindo respiradores de alta calidade, porque tamén hai respiradores que xa sabemos que non son de alta calidade, que quedan como Bipaps ou como algo que non é un respirador para o distrés.

Dicían vostedes que era un problema dos recortes durante estes anos do presidente Feijóo. ¡É curioso!, o maior presuposto da Xunta de Galicia en sanidade é o deste ano, superior ao



mellor momento do Bipartito, cando o tema económico estaba, desde logo, en mellores condicións que durante todos estes anos. Polo tanto, non é certo o dos recortes.

Seguimos co tema das camas. Esa diminución das camas foi polo peche dos antigos psiquiátricos, que houbo unha revolución psiquiátrica e díxose que había que pechar eses hospitais porque había que integrar os pacientes psiquiátricos. De aí vén a diminución. Pero, grazas á transformación neste Sistema galego de saúde, temos a teleasistencia, a cirurxía ambulatoria, os hospitais de día... Non son tan significativas as camas de hospitalización.

E a limitación que houbo en todos os sistemas sanitarios, non en Galicia, foi precisamente polos respiradores; non polas camas de hospitalización ou as camas de UCI, senón polos respiradores. Por iso, cando falamos de utilización dos hospitais privados, temos que ver as camas, e utilizamos camas de hospitalización, camas de UCI, pero sobre todo os respiradores. Nós temos unha situación boa, pero seguimos comprando para seguir mellorando.

E algo tamén moi importante para nós son os equipos de protección. Non lle saían ben as contas. Eu dixen o 14 %; vostede dixo o 11 %... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O 14 %, por iso, pero vostede, para facer un cálculo, dicía que faláramos do 11 % do Goberno central. Non, do 14 %. Nós compramos 15 millóns de mascarillas precisamente porque sabemos que temos que ir por diante e non quedar sen máscaras para atender os nosos traballadores. Seguimos en marcha, e seguimos comprando respiradores, comprando os EPI e imos seguir facéndoo, porque é necesario.

Para min algo fundamental da situación de por que Galicia foi mellor é porque contamos e escoitamos os profesionais, e todas as decisións de compras, de cambios, de circuítos foron consensuadas con grupos de expertos de diferentes especialidades, que nos dixeron como tiñamos que facelo. Por iso, non é mérito deste conselleiro nin do seu equipo directivo, que traballa e traballou moito, non, é de todos os profesionais do sistema, proactivos, que, sabendo que tiñamos un inimigo común, fixeron cambios, e pedíronnos outra forma de traballar. Creo que ese é o futuro: máis actividade, seguramente non presencial, porque non imos poder manter grandes cantidades de persoas nin nas salas de espera nin en hospitalización nin noutros sitios. Polo tanto, temos que cambiar.

Os servizos de alerta epidemiolóxicos que dicía ao principio da Dirección Xeral de Saúde Pública e xefaturas territoriais son magníficos: preventivistas, epidemiólogos, microbiólogos, profesionais de urxencias e emerxencias, intensivistas e anestesistas, profesionais de atención primaria... Todas as categorías profesionais estiveron volcadas en cambiar a forma de traballar para dar resposta a algo que noutras localizacións do mundo non foron capaces de facer. Por iso creo que temos que sentirnos orgullosos dos profesionais do Sistema sanitario galego, porque creo que reaccionou adecuadamente a algo que non estaba escrito. Estase escribindo este libro. Como digo, os grupos de expertos dixéronnos en todo momento que aparataxe se necesitaba e como podíamos cambiar os circuítos, e nós o que temos que facer é darlle facilidades a esa forma de traballar porque cremos, como digo, que é o futuro.

Desde logo, non quedou ningún paciente sen recibir o tratamento que necesitaba, non houbo ningunha limitación, non houbo ningún criterio que non fora o profesional, de necesidade dun tratamento ou doutro tratamento, sempre defendido por nós, ¡sempre!



Como saben, os principios que rexen na medicina son os que definiu Claude Bernard: que sempre, en principio, curamos; ás veces, noutras moitas, aliviamos; pero sempre acompañamos. Sempre estivemos cos nosos pacientes, desde logo, dándolles o que necesitan en cada momento.

Tivemos reunións diarias con todas as xerencias, e seguimos tendo reunións diarias. Hai coordinación co Ministerio de Sanidade. Levo, desde que empezou esta crise, 23 consellos interterritoriais. Creo que nunca houbo tanto consello interterritorial. E aí estivo Galicia, aportando, e mostrando discrepancias cando tiñamos que facelo, polo ben dos cidadáns de Galicia. Houbo sete reunións de comisións de Saúde Pública, vinte e tres reunións de intercambio de información da Ponencia de Alertas co Ministerio, cinco reunións da Comisión de Asistencia Sanitaria, reunións de Recursos Humanos tamén co Ministerio, celebramos o Consello Asesor de Pacientes da Consellería para informar desta pandemia, houbo coordinación cos hospitais privados e tamén reunións varias veces a través de videoconferencia con hospitais para dicir exactamente as priorizacións. E non houbo ningún problema por parte dos hospitais privados, estiveron sempre colaboradores. Curiosamente, dicía o señor David Rodríguez que non contabamos cos privados. ¡Caray, hai uns meses dicían que estamos privatizando todo e agora dicimos que non contamos cos privados! ¿Como que non contamos? ¡Contamos! Desde logo, damos asistencia cos medios que temos, contamos cos privados e só na última fase, na fase 4 deste Plan de continxencia, iriamos a outras localizacións, que, como dixen, só se estudaron na Coruña e en Santiago, sen necesidade ningunha.

Por iso resulta curioso que digan que estamos nunha comunidade autónoma que recorta en sanidade, cando non necesitou case os hospitais privados —case—, e, desde logo, nada extraordinario. Polo tanto, algo creo que se está facendo adecuadamente ben.

Desde logo, tamén houbo coordinación con todas as consellerías da Xunta de Galicia, coa Comisión Interdepartamental, constituída antes que a Comisión Interdepartamental do Goberno do Estado —antes, é importante— e tamén co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Levamos sete reunións. Houbo coordinación cos representantes dos traballadores en xeral e, por suposto, cos representantes sanitarios, e coordinación co tecido empresarial, con colexios profesionais, con sociedades científicas, con investigadores. Desde logo, a todos moitísimas grazas.

E tamén así é a comunicación cos partidos políticos. Desde o primeiro momento eu me brindei, chamei a todos os portavoces e abrín unha canle de comunicación para que fora bidireccional en caso necesario e, por suposto, tamén as reunións que o presidente ten con todos os portavoces.

No ámbito sociosanitario, desde o primeiro momento entendemos que o obxectivo fundamental da crise é atender preferentemente a poboación máis fráxil, sen dúbida, e tomamos decisións incluso antes do decreto do Ministerio para intervir naquelas residencias nas que tiñamos que intervir e para reforzar a asistencia sanitaria con médicos e enfermeiras ou co que necesitasen. E Política Social estivo en total coordinación connosco. Creamos, como dixemos, unhas residencias integrais, novidasas a nivel nacional, que están dando resposta,



precisamente, a un novo paciente diferente, moitas veces con escasos síntomas, pero que hai que illar do resto; esa é a función fundamental. As residencias están intervidas, como dicía antes. Naquelas que tivemos que pór nós persoal e levar todos os EPI fixémoslo e tutelamos absolutamente todas para saber como podíamos axudar eses magníficos traballadores das residencias sociosanitarias. É que cunha circunstancia tan fóra do plantexamento que tiñamos ata agora había que axudalos, formalos e, desde logo, revisar as actuacións.

Fala de diagnósticos masivos de residentes. Díxeno antes: 20.000 PCR, señor Caballero. Os PCR son o diagnóstico importante. ¿Sabe que o protocolo o Ministerio di que nas residencias da terceira idade se utilicen test de anticorpos e despois, se nalgún caso puidera ser, PCR? Nós entendemos que os PCR son o diagnóstico fundamental.

Ri, señor Sánchez. Chamábame a atención, de verdade, o seu, porque defendeu máis o Goberno central que incluso o propio Caballero. Sorprendeume moitísimo a súa intervención, pero é así. O protocolo do Ministerio non indica a utilización dos PCR en residencias da terceira idade, pero nós entendemos que si, e estanse facendo 20.000 PCR neste momento.

Pero, mire, respecto dos EPI, enviamos 800.000 máscaras á semana ás residencias da terceira idade —800.000—, e tamén desinfección, revisión de protocolos, illamentos, circuítos limpos..., todas as actuacións necesarias. Desde logo, cando o residente o necesita, aí está o hospital de referencia para ser atendido. E moitos deles foron atendidos. O outro día tivemos a alegría de que a unha señora que procedía dunha residencia lle demos a alta hospitalaria con 103 anos; unha alegría para todos os profesionais, porque dedicaron moito tempo e todos os medios posibles para que esa señora fora alta, como así foi.

Agora imos incorporarnos a unha nova normalidade, e dicimos nova normalidade porque a normalidade anterior non vai voltar, temos que cambiar. Eu creo que son esenciais unha serie de pasos, pero debemos colaborar. Desde logo, pídolle á oposición que tamén se sume, porque aquí todos somos necesarios. Necesitamos cambiar a forma de traballar, seguramente de vivir tamén, pero, desde logo, en sanidade —que é o que a min me compete— creo que hai que facer moitas cousas. O primeiro, o máis importante, nun primeiro lugar, é saber o grao de circulación do virus en Galicia. Sabemos os afectados, pero non sabemos como circulou ese virus, e imos estudalo nese estudo epidemiolóxico galego que empezará este xoves, que completará o nacional —que posiblemente empece a semana que vén e que ten menos mostras—. O galego utiliza, señor Caballero —que falabamos de diagnósticos—, un test de anticorpos de dobre banda. O que nos remitiron a nós antes era dunha banda, aí está a diferenza. Vostede posiblemente confunda unha dobre banda cunha única banda, que son diferentes, porque un permite saber se se está na actividade actual da enfermidade ou se é xa pasada, está teoricamente curada e se teñen anticorpos de defensa para outra posible infección. O primeiro que mandaron era de monobanda, e é o que van utilizar no estudo nacional.

Do que se trata é de facer un estudo de 50.000 cidadáns nunha mostra aleatoria, nunha primeira fase, e un mes despois, doutros 50.000. Imos sumar 100.000 galegos para saber como está a súa inmunidade, e imos tratar de ter ese mapa de como actuar. Iso vainos axudar moito a poder facer o diagnóstico e ao desescalamento, ver como está afectando.



Desde logo, agora estase dicindo que non se pode falar de comunidades autónomas a nivel de desescalamento, senón que hai que facelo a nivel local ou a nivel incluso comarcal, para tratar de facer esas diferenzas. Vai ser nos centros de saúde. A atención primaria segue sendo fundamental, xa o foi antes, e está facendo peticións de probas desde hai xa tempo, e agora vaino facer aínda máis. Incluso cremos que no futuro, se se consegue un novo test que está en investigación, que está en fabricación, o test de antixenos, será, sen dúbida, o que vai diagnosticar, no ámbito da atención primaria, o virus, porque ata agora só a PCR era o que diagnosticaba o virus, e os anticorpos o que din é se a enfermidade estivo en contacto con esa persoa, porque ten defensas. O de antixenos será o que nos diagnosticará, seguramente, de forma rápida o virus na atención primaria. Nós seguimos contando coa atención primaria, porque é fundamental no esquema deste sistema sanitario.

En segundo lugar, información á poboación. Temos que seguir dando esa información. Pregúntannos se esas máscaras son obrigatorias ou non son obrigatorias. Non podemos obrigar se o Estado non obriga, e o Estado sacou onte unhas recomendacións, —recomendacións!— de máscaras. É certo que hai diferenzas. Hai xente que di que a máscara en poboación en xeral é importante e outros que din que non é seguramente o máis importante. Nós cremos que, desde logo, se se utiliza naqueles espazos nos que non poidamos manter esa distancia de seguridade, esa máscara é unha barreira, loxicamente, e vai axudar, pero o máis importante da distancia de seguridade é evitar, desde logo, as concentracións de moitas persoas e a hixiene de mans e tamén respiratoria.

En terceiro lugar, fortalecer o sistema de alertas epidemiolóxicas. Decía o señor Antón que non tiñamos... Hai que fortalecer o sistema de alertas; quero dicir que hai que facer cousas a maiores.

En cuarto lugar, desde logo, hai que seguir potenciando, como dicía antes, a atención primaria na primeira liña, e o illamento domiciliario con seguimento Telea, por exemplo, é evidente. A conexión, esa consulta telefónica, que, como dixen, se triplicou neste período, hai que seguir manténdoa, é moi importante. Falaba o outro día nunha reportaxe o doutor Luis Rodríguez, que ten o seu cupo en Allariz, de que chamaba a todas as persoas e logo facía visitas domiciliarias. Iso é o que hai que facer, ese é un seguro de mellora da calidade de vida de todos os galegos.

En quinto lugar, o diagnóstico precoz desde primaria é posible, como dicía antes. Os test antixénicos poderán facelo, e, mentres, imos seguir facendo os PCR. Levamos 75.853, case estamos no 3 % da poboación, moi poucos países do mundo teñen unha cantidade por poboación tan importante. E seguimos facendo tamén test de anticorpos de dobre banda, os que teñen a IGG e a IGM, que nos van dicir o estado de saúde, se está a enfermidade en activo ou se xa se pasou a enfermidade. 67.088 test de anticorpos de dobre banda.

En sexto lugar, unha atención hospitalaria con servizos reforzados en persoal e equipamentos tanto en apoio fundamental —preventiva, microbioloxía, radioloxía...— como nos asistenciais, urxencias, medicina interna, xeriatria, infecciosos, UCI e reanimacións. Hai que seguir potenciando tamén a teleasistencia, diminuíndo a actividade presencial. Isto vai ser un mantra para todo: diminuír. Hai que diminuír a presenza de xente, ás veces xente con



enfermidades moi importantes, moi fráxiles, que non poden desprazarse e que se están alí poden ser contaxiadas, e aproveitar os cambios positivos desta crise para seguir mellorando.

Dicían que non recoñecemos erros. É que cando recoñecemos erros din que foi pola presión; que non foi un erro, senón que, pola presión, cambiamos. Mire, o número, que si que me equivoquei, señor Sánchez, é: 900400116.

Segundo, a non renovación dese persoal foi un erro, unha descoordinación, e así pedimos desculpas. Pedímoslle desculpas incluso á persoa concreta que lle afectou naquel momento, pero é un erro, e recoñécemolo. A oposición iso tampouco cre que sexa así.

Como dicía, as universidades colaboran, señora Pontón, están colaborando; non todas as universidades, porque o problema fundamental deste momento non é que necesitemos máis laboratorios, o problema son os reactivos, o problema é a compra de reactivos, e hai universidades que están colaborando —e poden dar datos concretos daquelas que están colaborando—, porque nos complementan. Pero o problema fundamental é ese. Galicia, a diferenza doutras comunidades, decidiu desde o primeiro momento que había laboratorios en todas as áreas sanitarias que teñen aparataxe para facer PCR, e estanas facendo. Ben é certo, como dicía o portavoz do Partido Popular, que o Meixoeiro centraliza unha gran parte porque é referencia, é un dos seis laboratorios de España que son referencia e, polo tanto, a uns laboratorios teñen que darlles máis reactivos que aos outros laboratorios. Estamos facendo desde aí, como digo, o cribado absoluto das residencias sociosanitarias, que en dúas semanas estará finalizado.

E en Celanova xa desmentiron o que pasou. Non foi un positivo, foi un paciente tratado no hospital e que se deu de alta con todas as condicións necesarias para facelo.

Desde logo, houbo unha orde de retirada de máscaras, en canto nos pasaron a información do Ministerio, que eran equivocadas. Se hai unha persoa que a encontrou, señora Pontón, pode dicirlle que á parte de mandarnos a foto, nola envíe á Dirección de Recursos Económicos e Asistenciais para que a teña, pero hai unha orde escrita de retirada absoluta desde o primeiro momento. E non só iso, senón que tamén se fixo un censo de persoas posiblemente afectadas, e estanse facendo probas. Levamos máis de 3.000 probas nestes traballadores que puideron estar expostos a ese risco e, desde logo, van seguir ata rematar o total do censo. E segundo o número que teñamos de reactivos, de test, de PCR, imos seguir implementando; non imos parar aquí porque temos que seguir.

Polo tanto, falan de estabilidade, e tamén é algo que me chama a atención porque o repiten moito, moito, moito. Señor Antón Sánchez, que defende o Goberno central, señor Gonzalo Caballero, e incluso señora do Bloque, que tamén apoia o Goberno central, pidan, por favor, que non eliminen a taxa de reposición para que nos dea máis posibilidade de estabilizar o persoal. Levámolo pedindo ano e medio. Agora que teñen poder, que teñen tres grupos para poder facelo, eliminen a taxa de reposición. E, por certo, a única estabilización que se fixo neste momento de crise por contratos dun ano —á parte dos reforzos que fixemos, que estamos contratando máis de 1.500 reforzos— foi a dos MIR e a dos EIR: enfermeiras, médicos, psicólogos, farmacéuticos. No último ano dixemos todos que era moi importante contar con



eles, darlles novas atribucións dentro das súas competencias. O Goberno central, coa nosa oposición, dixo que ía ampliar a residencia e que atrasaba a súa avaliación; é dicir, que non eran especialistas en maio, como tiñan que ser, senón que se atrasaba e que quedarán aquí traballando como residentes de último ano. Nós fixemos unha orde para que todos os residentes de último ano continuaran un ano máis, pero con emolumentos de adxunto e contando para as OPE tamén como adxuntos. Nós non podemos dar o título de especialista, pero si podemos facer este cambio. Houbo cambios desde o Ministerio despois de todo o que pasou e algo parecido ao galego se fixo, pero non se fixo igual.

Nós queremos a estabilización dos nosos profesionais, queremos seguir traballando e, desde logo, desde a Consellería de Sanidade tendo a man. Eu vou seguir chamando os portavoces, e quero que se eles, como quedamos, o precisan, tamén poidan facer esa chamada, e imos informar de todo o que está pasando en tempo real.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Falábanos o señor conselleiro de residencias. É unha das situacións ás que o Sergas tivo que facer fronte durante esta crise, enviando reforzos de persoal do propio Sergas para cubrir a atención en determinados centros con persoas maiores contaxiadas. O persoal do Sergas que acudiu a moitos destes centros trasladou que non se garantiron dende o inicio as mínimas condicións de hixiene e desinfección nin a dotación de equipos de protección individual para o persoal. E poño exemplos:

Na residencia de maiores de Moledo, en Vigo —privada—, a planta destinada a pacientes estaba, ao inicio, sen organizar polo Servizo de Seguridade e Saúde Laboral e polo de Medicina Preventiva, polo que a asunción de traballo era de extrema perigosidade e de contaxio para todo o persoal, tendo que, *motu proprio*, moitas veces organizar unha separación de zonas limpas e de zonas contaminadas.

Na residencia Nosa Señora de Fátima, do Barco de Valdeorras, tamén intervida pola Xunta, alí hai persoal da Consellería de Educación —que despois vén a conselleira tamén— sen titulación específica ao que se lle entregou equipos de protección individual, sen apenas información sobre a súa colocación, e ao que non se lle impartiu formación específica das tarefas que tiña que realizar. Tampouco nesta residencia hai zona delimitada de limpo e sucio, incluso de zona libre e contaxiada. Nestas residencias os rateos de persoal por persoas pois é inferior tamén ao establecido polo propio Sergas, o que supón un aumento de exposición ao virus.



E en canto aos EPI foron moitas as reivindicacións do persoal por falta de material axeitado. O Sergas non forneceu ao inicio o seu persoal destinado a estas residencias. Deste xeito producíronse situacións que agravarían, ou que agravaron, o contaxio nos centros, e que supuxeron desiguais condicións laborais do persoal do Sergas en función de se desempeñaba o seu traballo nun centro sanitario ou se estaba nun de atención directa a persoas maiores.

Noutros centros propios da Xunta —como pode ser nalgún CAF, etc.— tamén denunciaron esta falta de material de protección en determinados centros nos que había unha maior incidencia desta enfermidade. A propia CIG denunciou a dilación da Xunta de Galicia na instalación de protocolos de prevención e de medidas de mellora nas condicións de traballo do persoal e dos usuarios e usuarias das residencias ante a extensión do virus, que foi unha situación que tamén nos trasladaron as traballadoras do Sergas contratadas pola Xunta como apoio a estas residencias privadas.

Despois falou vostede tamén do material, da repartición de mascarillas. Pensamos que se ten que facer cun criterio eficiente. Pode ser que agora non haxa mascarillas para todos, pero temos que empregar un protocolo que sexa un pouco racional. Entendemos que un bo sistema sería, por exemplo, a través da farmacia, cargándoas na tarxeta sanitaria, e que non pase como pasou cos produtos de primeira necesidade nos supermercados.

Parece ser —e esta tamén era unha demanda— que se vai intervir o seu prezo. Parece ser que isto xa se vai facer. Pero débese intervir a súa repartición. A subministración ten que garantir que a poboación máis exposta estea cuberta, e facer unha repartición responsable de mascarillas á cidadanía —ben dende a Xunta, ben dende os concellos—, tendo en conta o non acaparamento, e a difusión de pautas para un uso correcto das mesmas. E, para evitar este desabastecemento —que pode pasar— e aínda que non sexa ideal, pois haberá que informar sobre a correcta elaboración dalgunhas caseiras e da súa utilización.

Falou vostede de desescalada. ¡Home!, para deseñar a desescalada das medidas de distancia social unha vez que a emerxencia sanitaria se relaxe, parece ser que o propio Goberno do Estado xa solicitou ás autonomías expertos cos que formar un comité. Parece ser que vostede vai estar representando a nosa comunidade autónoma. Agardamos que trasladen a ese comité a necesidade dunha apertura gradual por territorios, e para iso cómpren controis severos de mobilidade nos principais focos para evitar novos contaxios —nomeadamente, nesas áreas onde hai unha maior poboación de risco, como son as zonas rurais—. Temos que diferenciar un pouco e non facer políticas centralizadas e únicas para territorios con impactos e con realidades totalmente diferentes. Entendemos —sempre segundo o criterio dos expertos sanitarios, iso está claro— que se deben establecer protocolos, por exemplo, para permitir que nas zonas rurais a xente maior e as crianzas poidan saír pasear para paliar os efectos de mobilidade dese confinamento prolongado. En boa parte do rural, por desgraza, o distanciamento social xa é un feito. E non ten sentido que se volva ao traballo coas aglomeracións resultantes no ámbito urbano e aplicando ao rural un confinamento estrito cando non se producen contactos e se gardan as distancias. E esa vai ser laboura súa, que vai estar nese gabinete.

E xa para rematar, dende En Marea tamén remitimos unhas propostas ao Goberno, pero volvemos recalcar dúas que pensamos que son moi importantes e que dependen da súa conse-



llería. Unha sería activar os consellos municipais de saúde, existentes dende hai décadas. Ademais foi algo feito por vostedes e nunca se lles deu utilidade. Pensamos que é unha boa ferramenta. De feito, algúns concellos activáronos de forma extraoficial. Cos PAC están funcionando moi ben. Hai colaboración entre os PAC e os concellos, con reunións cada dous ou tres días. E despois —volvemos repetir—, transparencia. Temos que saber os datos, non para ofrecer demagogia con eles senón para que a xente se protexa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: E pensamos que, habilitar na *web* da Xunta un mapa actualizado onde consten eses datos de positivos e de falecementos separados por concellos e incluso por residencias públicas e privadas da nosa comunidade, pode ser unha boa alternativa.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Aínda que o señor Puy non se atope agora mesmo aquí, no debate, si me gustaría dicirlle —vexo que acaba de entrar— que o vexo un pouco desnortado. Non sei ata que punto o BNG é responsable do que fai o Goberno vasco. Tamén estaría ben que dera información precisa na Cámara, porque sabe, seguramente, que o presidente Urkullu compareceu no Parlamento e vai volver facelo nos próximos días. Polo tanto non diga... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Si que é verdade, o 2 de abril compareceu o señor Urkullu na Deputación Permanente. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Revise os medios de comunicación.

Ben, en todo caso, o Partido Popular ten unha concepción moi curiosa da democracia, que é que fan en Galiza o contrario do que propoñen en Madrid. Nós, desde logo, cremos que o control democrático se fai no Parlamento, non en homilías na televisión pública. E repítolle o que di o xefe de filas do Partido Popular: «Nos réximes bananeiros estílase a propaganda pública en televisión para culto do líder, pero nas democracias parlamentarias as mensaxes á nación diríxense dende o Congreso.»

Ben, preguntábanos, señor Almuíña, por que Galiza tivo unha menor afectación. E eu creo que ese é un dato do que todas as persoas que estamos aquí nos congratulamos. O que me parece que non ten nin pés nin cabeza é a resposta que dá o conselleiro de Sanidade. Dinos que temos unha mellor situación por dúas cuestións: a primeira é porque pecharon os cole-



xios un día antes de que se decretara o estado de alarma; e a segunda é porque hai un liderado claro. Sinceramente creo que con este tipo de argumentacións o único que nos demostra é que vostede non vén aquí como conselleiro de Sanidade senón que vén seguir nunhas argumentacións que sinceramente rozan o delirio.

Está claro que hai outro tipo de cuestións máis de fondo que o explican. E seguramente o feito de que as medidas de confinamento se tomaran cando aquí a curva estaba moito máis baixa tivo un efecto moito maior. Polo tanto, haberá outro tipo de cuestións, e sinceramente creo que querer reduci-lo a isto o único que nos dá é a dimensión de ata que punto veñen aquí a facer propaganda.

Da mesma maneira, pídolle por favor, señor Almuíña, que non negue a realidade, que non negue os recortes. Nós cremos que hai que investigar o que pasou na sanidade pública neste país, pero é un exercicio inútil que veñan aquí a dicirnos que non houbo recortes. ¡Claro que o persoal sanitario está facendo un gran labor! Todos os grupos llo recoñecemos desde o primeiro día ata o último. E é un orgullo ver a entrega e a profesionalidade que ten o noso persoal sanitario, que sen dúbida é un dos mellores elementos do sistema. Pero non pode vir vostede aquí a dicir que a Xunta de Galiza leva dez anos escoitando o persoal sanitario, cando o que tivo durante todos estes anos foron recortes e unha falta de diálogo que levou a situacións moi graves e coñecidas. Non vou perder demasiados minutos en explicar o que leva pasando na sanidade pública neste país porque o saben moi ben os cidadáns.

Efectivamente, a profesionalidade, a entrega e a vocación de servizo público que ten o persoal fai que moitos dos problemas se resolvan dunha maneira mellor, pero iso non significa que non existan problemas por unha década de privatizacións e de recortes na sanidade pública do noso país. E hoxe mesmo puidemos ver nos medios de comunicación que o persoal de atención primaria se está queixando de que van ter un papel clave neses estudos epidemiolóxicos e que aínda non saben como van facer nin cal vai ser a súa función.

Desde logo —insisto, conselleiro—, a atención primaria necesita máis recursos, porque vostede —que coñece os orzamentos igual que os coñezo eu— sabe que hai case douscentos millóns de euros menos en atención primaria. Está no documento orzamentario que remiten a esta Cámara. Non diga que non, porque entón ou menten nos documentos que envían a esta Cámara ou nos toman o pelo, señor conselleiro. E non estamos no medio dunha pandemia para que nos tomen o pelo nin xoguen con este tipo de cuestións.

Da mesma maneira, lamento que non teñan ningunha reflexión crítica sobre o que fallou nas residencias de maiores. ¿Como pode ser que teñamos un nivel de infección tan importante nas residencias, cunha porcentaxe do que representa o número de falecementos que pon os pelos de punta, con situacións dramáticas como a que viviron, por exemplo, en Celanova —onde a Xunta respondeu tarde e mal e segue sen dar cobertura sanitaria ás necesidades desa residencia—, e non teña nin a máis mínima reflexión crítica? Está claro que non se actuou con previsión, que non se articularon os protocolos, que foi un erro non intervir todas as residencias privadas para garantir que ían seguirse uns protocolos estritos, e que segue faltando dotación de medios e dotación de persoal nese ámbito. Porque está claro, señor conselleiro, que, se fixeran todo o que tiña que facerse no ámbito das residencias, non se darían situacións tan graves como as que vivimos en Celanova, en Santiago, en Vigo ou en Cangas.



E nós, señor conselleiro, seguimos dicindo que hai que facer moito máis, que teñen a man tendida do BNG para mellorar naquilo no que é posible, tanto no ámbito da protección das persoas nas residencias como na mellora do sistema sanitario público, onde cremos que hai que darlle estabilidade ao persoal, onde hai que reforzar a ciencia de base, onde hai que reforzar a sanidade pública fronte aos recortes e privatizacións desta década. E, dende logo, tamén queremos insistir en dúas cuestións —coas que remato—.

A primeira é que non nos di o conselleiro de Sanidade se a Xunta pensa que hai que facer obrigatorio ou non o uso das máscaras. Se esta é unha cuestión importante de saúde pública, non podemos ter un Goberno que non ten opinión.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E se, tal e como recomenda a OMS e como hai experiencia, o uso de máscaras na desescalada evita contaxios, nós cremos que hai que facelo obrigatorio e que hai que facer unha repartición gratuíta de mascarillas.

Esta semana, nunha das comparecencias —ou nas homilías— que nos fai Feijóo na televisión pública, dicía que o importante non era quen tiña as competencias, senón facelo para ter cobertura da saúde pública. Por iso están facendo vostedes un estudo epidemiolóxico. E a nós parécenos ben, pero o que lles dicimos é que vaíamos a máis, que a Xunta de Galiza estableza un protocolo para o uso de máscaras, que o faga obrigatorio e cunha distribución gratuíta, que pactemos tamén un plan de desescalada, pero que signifique que a desescalada se decide en Galiza e non en Madrid. Porque nós non cremos que a situación de Madrid poida determinar o que pasa no noso país e porque consideramos que imos ter maior capacidade para responder desde un punto de vista das necesidades de Galiza.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Teñen a man tendida para acordar, insisto. Ao longo destes corenta días a Xunta non quixo acordar ningunha medida con nós, e nós seguimos tendo a man tendida polo ben de Galiza.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vou moi rapidamente, que son moitas cousas.

Señor Puy, aínda tivo a valentía de criticar a outros en relación coas políticas dos medios de comunicación, un membro do partido do goberno que leva encadeados cen venres negros de protesta das profesionais e dos profesionais dos medios públicos galegos pola manipulación,



o control partidario da Televisión de Galicia e as represalias contra os profesionais que denuncian esta indecencia.

E doulle un exemplo —xa que a vostede lle gusta comparar tanto—: hoxe a sesión do Congreso dos Deputados está sendo retransmitida pola Televisión Española, e esta sesión, unha vez máis, non está sendo retransmitida pola Televisión Galega. Só retransmite cando comparece só o señor Feijóo sen que ninguén o poida contradicir.

Señor conselleiro, non defendo o Goberno, denuncio a súa campaña de intoxicación, de mentira e de manipulación cunha cuestión tan grave como é a crise do coronavirus. E hoxe o señor Puy incidiu noutra campaña que ten montada o Partido Popular. Soubemos que se infectaron, polo uso incorrecto das máscaras, 76 persoas. Primeiro, ¿por que saben que esas 76 persoas se infectaron polo uso das máscaras? ¿Non é suficientemente grave xa que chegue material defectuoso, as máscaras, que é un feito moi grave e que se teñen que depurar responsabilidades por chegar ese material ás persoas? Pero ¿por que, cando na comparecencia anterior do señor Rueda aquí se denunciou que a Xunta mandou material defectuoso e caducado dende hai anos, non saíu o Partido Popular a facer unha campaña en redes dicindo cantos se infectaron por culpa do material defectuoso da Xunta de Galicia? Ou ¿por que non fixeron os test a toda a xente que se puido infectar por non poñer medios de protección, como o que denunciaba a profesional que foi destituída por vostedes o 22 de marzo —que non lles deixaban utilizar as máscaras porque creaba alarmismo—? ¿Por que non fixeron os test para dicir cantos se infectaron pola mala política do conselleiro de Sanidade? Ese é o dobre raseiro que non pode ser. E iso que constantemente están nas redes vostedes intoxicando, pero sempre cara a un lado. Iso é o que denuncio eu. Isto é demasiado serio como para andar facendo campaña electoral con iso con todos os medios que teñen vostedes.

Fondo de continxencia. ¡Home!, ten gracia que vostede diga o do fondo de continxencia cando sistematicamente o Consello de Contas denuncia que, lonxe de servir para a atención dos gastos imprevistos e non discrecionais, constitúe a ferramenta para a cobertura de gastos que son obxecto dunha deficiente presupostación e escasamente realista. Todos os anos, como no 2019, foi utilizado para pagar salarios e cotizacións da Seguridade Social. ¡E aínda fala do fondo de continxencia! ¡Que bos somos que deixamos o fondo de continxencia para isto!

Na cuestión, unha vez máis, da falla de autocrítica, polo menos o señor Puy foi algo máis sincero, achegouse algo máis á realidade. Vostede di que hai os bos datos que hai en Galicia pola boa xestión da Xunta de Galicia, única e exclusivamente. O señor Puy comentou que noutros sitios empezou antes, o da dispersión poboacional, etc. Hai moitos factores. Por exemplo, ¿Canarias, Murcia, Ceuta, Melilla, Baleares e Andalucía teñen mellores datos que Galicia ou similares porque teñen todas un gran sistema sanitario e porque todas o fixeron ben? Non, ¿verdade? Pois fale con propiedade. Benito Regueiro, de microbioloxía de Vigo, di que a Galicia chegou tarde a infección e non houbo libre circulación do virus máis que en tres ou catro días, cando se impuxo o estado de alarma. E por iso agora a preocupación é que pode haber máis efecto rebote no futuro porque non hai tanta poboación que estivo en contacto co virus. Polo tanto, asuman —e teñan un pouco menos de soberbia— que non todo se fixo ben.



Vostede dixo, señor conselleiro: «A non renovación dese persoal ao que se lle anunciou que se ía mandar para casa porque xa había menos traballo foi un erro». Ben, ¿van darlle estabilidade ao persoal, como levan anos reclamando colectivos como Enfermeiras Eventuais en Loita, que denuncia situacións de persoas que levan dez anos traballando e cinco cotizados, encadeando centos de contratos de horas, días ou semanas? Ten tamén bemoles que falen da taxa de reposición cando o señor Montoro dixo en 2017, antes de deixar o Goberno, que non ían eliminar a taxa de reposición.

En canto ás residencias, ¿por que non interviñeron e medicalizaron as residencias? ¿Por que non interviñeron e medicalizaron DomusVi de San Lázaro? Non o fixeron. ¿Pode ser que non o fixeron porque non haxa persoal médico para facelo? ¿Pode ser que, cos recortes que vostedes fixeron, non haxa persoal para facelo? ¡Conteste! Porque, si, señor conselleiro, a taxa de reposición foi unha medida que prexudicou notablemente os servizos públicos e que tomaron vostedes tamén como Partido Popular, pero foi para todo o Estado. E, en cambio, Galicia está moi por debaixo da media de profesionais, de médicos e enfermeiras, está moi por debaixo. Se estiveramos na media estatal, teríamos centos de profesionais para atender, por exemplo, as residencias.

Por certo, nas residencias, que houbo grandes negligencias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que houbo unha mala actuación, e que os datos din que nas residencias privadas de determinadas empresas é onde hai máis afectación, ¿vostedes van cambiar o modelo?, ¿van priorizar a saúde por riba do negocio?, ¿van deixar, dunha vez por todas, de mirar para outro lado mentres incumpren a normativa estas residencias poñendo en perigo a vida das persoas, señor conselleiro?

Polo tanto —e en resumo—, nós cremos, para o futuro, no reforzamento de sanidade pública —o contrario que fixeron vostedes—, na atención pública directa aos maiores —ao contrario de que fixeron vostedes—, e na estabilidade laboral para os profesionais —o contrario do que fixeron vostedes—.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, conte co noso respaldo para xestionar a crise sanitaria na que estamos vivindo. Preocúpanos moito. E, dende unha posición distinta da visión da sociedade e da visión do papel da sanidade pública que ten a dereita e o Partido Popular, nós queremos darlle todo



o noso apoio e o noso respaldo nestes momentos tan complexos. Pero, evidentemente, nós non podemos compartir o relato co que vostede quere plantexar á opinión pública o que está ocorrendo en Galicia. E non lle imos, dende logo, ser cómplices do Partido Popular no intento de reescribir a historia, que vai tentar, que está tentando, facer xa nestes momentos.

Tentan relatar unha situación que non se corresponde cos feitos e que non se corresponde cos datos. Desgraciadamente, non houbo anticipación por parte do Goberno da Xunta de Galicia á crise do covid. Porque, se eu asumise que houbo esa anticipación, a responsabilidade que vostedes terían sería moito máis grave, pola falla de protección, pola falla de medidas, pola falla en potenciar e fortalecer o sistema sanitario, pola falla de medidas nas residencias. Porque nos primeiros días, nas primeiras semanas, a falla de máscaras, de equipos de protección, era unha constante en todo o territorio. E era neses días cando vostedes remitían aos concellos o material que atopaban en distintos lugares, nos colexios e demais —moito del caducado dende o 2014 e dende o 2015—. Non tentemos reescribir unha situación tan complexa tentando respaldar unha visión que non é real.

E non tenten reescribir tamén o que hai respecto das comparecencias nas cámaras. Miren, señores do Partido Popular, o señor Feijóo compareceu nesta crise nunha ocasión no Parlamento galego, e o presidente do Goberno compareceu en catro ocasións. Miren, señores do Partido Popular, o conselleiro de Sanidade compareceu nunha ocasión no Parlamento galego, e o ministro de Sanidade compareceu en seis no Congreso dos Deputados, en España. E non é certo que a metade dos membros do Goberno galego comparezan nesta sede. Hoxe, co conselleiro de Sanidade, compareceron catro membros do Goberno. Hoxe comparecerá un quinto. Se non me equivoco, hai doce membros no Goberno galego, ¿ou non computan xa os conselleiros e todos os representantes de área? Polo tanto, nunha situación máis complexa ca nunca, nunha situación coma esta, hai que comparecer. E non se pode plantexar que a situación de Galicia é excepcional, porque xustamente, por ser excepcional, é polo que teñen máis responsabilidade de comparecer, porque nunha situación crítica se lle deu ao Goberno galego, ao poder executivo, un cheque para exercer nesta situación crítica. Pero non é un cheque en branco para que non dean conta e para que non respondan do que está ocorrendo en Galicia, Porque segue habendo moitos problemas. E non se pode vir ao Parlamento galego a preguntarlle á cidadanía galega e trasladarlle á Cámara parlamentaria por que Galicia tivo unha menor afectación, e aducir, entre respostas, a existencia dun liderado político claro. Ese relato de submisión ao presidente da Xunta de Galicia, de electoralismo e de vantaxismo político é un relato que non é admisible e que non ten a sensibilidade nin a empatía co que está pasando no país. Pero reflicte o que está ocorrendo en Galicia: que o que está no punto de atención do Goberno de Galicia é a campaña de promoción dun liderado claro, como acaba de dicir o conselleiro de Sanidade. E esa non é a realidade, porque, se en Galicia quince días antes do estado de alarma chegara un autobús con cidadáns contaxiados polo covid, o escenario sería moi distinto. Porque o contaxio vén por proximidade, por contacto. E esa é a clave, dende logo, que houbo unha chegada máis tardía do virus aquí a Galicia que permitiu ese escenario, non outro; porque, se chegara antes, coa progresión xeométrica, co efecto bola de neve que ten o virus nos seus contaxios, amosariamos a incapacidade como está amosándose noutras comunidades.

Nese relato vostedes queren escapar e facer unha nova conta e borrón de todo o que fixeron en sanidade pública en once anos de goberno: recortes, precarización, privatizacións, e es-



pecialmente a desatención que deron á atención primaria, unha atención primaria que ten hoxe menos profesionais, que está máis saturada. E agora está como parte fundamental da resposta, e esa é unha das nosas bandeiras.

E vólvolle dicir, señor conselleiro, que, despois de escoitar onte o presidente da Xunta de Galicia, estamos aínda máis preocupados do que pode ser o futuro da sanidade pública coa folla de ruta que vostedes debuxan, cando Feijóo fala de que temos que plantexar o modelo da sanidade para o futuro e a única receita que dá é desmasificar as salas de visita, as salas de diagnóstico, as salas de espera, a teleasistencia, a utilización tamén das asistencias e das consultas telefónicas. Hai que darlle á atención primaria a importancia que ten, con máis fortalecemento, con máis persoal, con mecanismos que impliquen unha mellor estrutura organizativa e con máis flexibilidade. Hai que pensar nunha sanidade do século XXI que ten que responder tamén a unha pandemia que vai resistir durante meses e non nun modelo que non tivo a capacidade de potenciar este Goberno da Xunta nin orzamentariamente —porque non actualiza os números para comparar as distintas contías orzamentarias e amosar como, ano tras ano, durante once anos recortaron en sanidade—.

E finalmente, señor conselleiro, o tema das residencias é o tema do que o Goberno galego quere pasar de puntillas. E quere pasar de puntillas porque, cando falan de protexer a posición máis vulnerable da cidadanía, é xustamente nas residencias de maiores. E aí é onde está o maior fracaso que ten o sistema en Galicia; un sistema no que as residencias de maiores non tiveron a capacidade de resistir. Houbo centos de contaxios. No entorno da metade dos falecidos en Galicia estiveron en residencias de maiores. E nin tan sequera as medidas que se tomaron estiveron á altura das circunstancias. Non se interveu unha residencia como a de San Lázaro.

Eu voulle contar un par de exemplos da cidadanía da que se fala. Mire, señor conselleiro, cando falan dos números telefónicos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...eu poderíalle lembrar un cidadán que durante días chamaba por teléfono ao número de atención e que lle dicían que tomara paracetamol na casa. E, cando a súa muller o levou inmediatamente a un centro de saúde, en 24 horas entrou na UCI. E segue na UCI despois de catro semanas. Ese é o sistema que temos. Non culpo individualmente a ningún responsable, pero non podemos dar esa versión idílica.

Tamén unha cidadá aquí en San Lázaro estivo convivindo cunha persoa contaxiada por coronavirus —con moitos anos, sen dúbida—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...que de repente, sen ter diagnósticos positivos, faleceu despois de estar convivindo na mesma habitación cunha persoa con coronavirus. E non computa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: A realidade é a que é.

Pídolle a toda a Cámara parlamentaria o esforzo de traballar na sanidade e, dende logo, ao Goberno que poña todos os mecanismos de protección necesarios para a poboación galega ante esta crise.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Como agora aquí se estila o de mentir e dise que un mente cando non o fai, eu non vou dicir que ninguén mente, simplemente que está mal informado. O *Correo Vasco*, o día 16 de abril: «*La Cámara vasca desoye a los letrados y activa su Diputación Permanente tras ver como la gallega en la misma situación si seguía funcionando*». Informa o xornalista: «*La Cámara de Santiago de Compostela, también disuelta al compartir calendario electoral con el País Vasco, suma ya tres comparecencias de miembros de la Xunta ante da Diputación Permanente para controlar su gestión tras la crisis del covid-19. Alberto Núñez Feijóo, que gobierna con mayoría absoluta, a diferencia de Urkullu, fue el primero en ir a petición propia. Después le han seguido su vicepresidente y la conselleira de Política Social. En el Parlamento vasco, en cambio, el lehendakari y Nekane Murga solo han intervenido en una reunión informativa por teleconferencia y sin validez oficial*». Desas levamos nós aquí, con vostede, cinco —co presidente—. Polo tanto, faga o favor de informarse e non acusar de mentir a quen non mente senón que simplemente está dicindo o que está a pasar nunha comunidade que gobernan os nacionalistas, onde polo visto o respecto pola Cámara non é o mesmo que o que hai aquí.

E por suposto que o que pasa en Madrid inflúe en Galicia, alguén o dixo. Onte mesmo o Bloque presentou unha emenda ao Estado de alarma na que dicía literalmente —punto 5— que se engadira: «*Sin perjuicio de la función de la coordinación de las comunidades autónomas que debe ejercer el ministro de Sanidad para atender al subministro de los medios necesarios para la contención del virus, especialmente en los de carácter sanitario, cada administración autonómica podrá realizar las adquisiciones por los mecanismos que considere más adecuados*». É o recoñecemento de que Madrid asumiu toda a compra centralizada pero é ignorar que a Xunta está facendo todas as compras xa, o que, como informou o conselleiro, está permitindo solventar a crise de mellor maneira.

Señor Sánchez, vén vostede dicir aquí que a información que trae o conselleiro é intoxicación e ponnos como exemplo Televisión Española, ponnos Televisión Española como exemplo do que debe facer unha televisión —ou a señora Pontón—. ¿Que queren, que volvamos aos tempos nos que unha parte, a súa, do Goberno bipartito acusaba a outra de censura? Ben, o exemplo de Televisión Española creo que é o peor que poden poñer. Igual que com-



parar un debate obrigado pola Constitución para pedir o estado de alarma, que o poñen igual que o deber de información a un parlamento autonómico que ten menos competencias como consecuencia do estado de alarma. Ben, pois é unha comparativa que eu creo que introduce un certo ámbito de intoxicación. Ademais, este Parlamento está disolto e a Constitución marca que debe seguir o control no Congreso; que, por certo, tamén estivo pechado durante unha temporada co voto dos socialistas e de Podemos na Mesa. En fin, e falan de intoxicación.

Igual que o de mesturar máscaras. Señor Sánchez, ¿como pode vostede comparar unhas máscaras que están homologadas polo Ministerio de Sanidade para o seu uso pola poboación cunhas máscaras que veñen especificamente para uso do persoal sanitario nos hospitais? Iso si que é intoxicar. As máscaras que foron a Vigo estaban avaladas polo Ministerio de Sanidade, por iso se distribuíron. Eran para o persoal, para non contaxiar, para que fixeran de barreira; distintas, polo tanto, das que se precisan nos hospitais. Pero vostede mete todas as máscaras no mesmo saco e no fondo o único que fai é enmascarar a verdade, cousa que lamentamos moi fondamente.

En Galicia estamos, con datos obxectivos, feitos públicos polo Ministerio de Sanidade, cunha taxa de falecidos por contaxiados de menos da metade do conxunto de España. Estamos entre os lugares cos datos menos malos do conxunto de España tendo en conta o envellecemento do noso país. E, por tanto, eu creo que todas estas cuestións —que, como recoñeceu algún portavoz, eu dixen que inflúen na epidemia— polo menos queren dicir que a Xunta non o está facendo mal, senón que tende a facelo ben.

Porque sería sorprendente que estes datos fosen posibles cunha sanidade pública que, como leva anos sostendo a oposición, estivese absolutamente desmantelada. A sanidade pública galega superou o maior test de estrés dos últimos anos, e simplemente con iso desfai todo o discurso que vostedes teñen sobre a sanidade pública en Galicia dos últimos tempos.

A sanidade pública está facendo un gran esforzo —e a Xunta de Galicia—. O señor Benito Regueiro —que vostede mencionou— así o recoñeceu na mesma entrevista que citou. «A Xunta está facendo un esforzo enorme» —foron as súas palabras literais—, contrataron MIR, fixéronse test que permitiron introducir en España os test en coche —cousa que non se fixo ata que Galicia comezou—, axilizáronse as compras adiantándose ao estado de alarma e organizáronse os hospitais —o criticado laboratorio do Meixoeiro aí está dando exemplo de eficacia na loita contra o virus—.

Certamente as responsabilidades son distintas. Non é a mesma a dunha administración local que a dunha administración autonómica ou, por suposto, a da Administración central, que a asume para si e é a interlocutora oficial coa OMS para o aviso de pandemias. Pero ben, nós entendemos que aquí as responsabilidades se están asumindo, que hai feitos, non intoxicacións, que así o avalan. E, polo tanto, o que toca agora é empezar a falar xa da desescalada, da saída do confinamento, continuando coa lealdade co Goberno de España e participando no grupo de traballo. E, unha vez que se di que o Goberno introduce na nova prórroga a posibilidade de relaxar as medidas por territorios, eu agradezo que a señora Pontón expresamente apoiase o test epidemiolóxico que está a facer a Xunta, o que vai ser fundamental



para facer esa desescalada no noso territorio; e lamento que outros, en cambio, sigan a crear confusión en relación cos test cando todos saben por que se usan para esas cuestións.

Eu vou rematar un debate que posiblemente sexa dos máis difíciles que eu teño sufrido nesta Cámara. Estamos falando de sanidade no medio dunha pandemia. Hoxe morreron en toda España 435 persoas —9 en Galicia— e eu quero pedir desculpas mesmo polos meus discursos. Eu creo que, cando está morrendo xente, facer un debate sobre sanidade e sen escoitar, salvo as do conselleiro, nin unha soa proposta proactiva en materia de sanidade e, en cambio, estar con que se as mascarillas, con que se non sei que, con que se non sei canto —cousa que este grupo explicitamente non introduciu neste debate—, pois paréceme triste. Eu pido desculpas. Se vostede non quere pedilas, eu estou pedindo desculpas por min e estounas pedindo ante a poboación de Galicia. Vostede saberá o que fai. É certo que vostede fixo propostas. Algunha, por exemplo, foi traer médicos cubanos, que, como sabe, a Organización Mundial dos Médicos o que está dicindo é que traballan en réxime de escravitude, porque o Estado cubano queda con todo o soldo. E outras foron atendidas, é certo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Pero eu lamento moito que nun debate deste teor, ante o que, ademais da xente que falece, milleiros e milleiros de persoas están pensando no que vai ser do seu traballo, cando sobe o paro, cando hai tantas familias con ERTE, con sectores que non sabemos o que vai pasar con eles —como As Pontes, con ese trato de último momento, como o turismo, co futuro negro que ten—. Ben, ante todo isto, é un debate moi difícil. Eu —insisto— pido desculpas por min ante quen me estea escoitando, porque creo que o que importa agora é salvar vidas e programar o traballo para unha volta a esa nova normalidade e que todos poidamos recuperar a vida normal que arelamos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Peche da comparecencia polo señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Ía rematar dando, eu creo, tamén unha mensaxe de esperanza e de futuro, porque creo que temos moitas posibilidades de facer cousas e de facelas ben entre todos. Creo que hai que sumar.

Simplemente quería aclarar algunhas cousas que dixeron. Creo que debemos escoitar todo ou, se non, non vale de nada logo facer eses comentarios. Eu, cando falei de por que Galicia se comportara desta forma, falei de trece factores que creo que o fixeron así posible. Polo tanto, non falemos de dous factores, senón de trece factores. Creo que é importante que os recoñezamos.



A verdade é que tamén quero agradecer aos portavoces, porque en xeral creo que, salvo estes comentarios que non tiñan razón de ser —porque creo que non escoitan ás veces o que se conta—, veñen aquí a contar, a propor e, desde logo, a tender a man. Pero o feito de que o señor Sánchez diga que non todo se fixo mal xa é un dato, para a min polo menos, polo que me parece que podemos contar con el para o futuro.

Hai xente que se nomeou, e, como se nomeou, quería citar o doutor Benito Regueiro, moi importante nesta fase. É un catedrático de Santiago de Compostela, xefe de servizo de microbioloxía en Vigo, que tamén declarou —é unha persoa que a coñece moi ben— o esforzo enorme da Administración nesta pandemia.

E hai que dicir tamén que nós, sobre as residencias da terceira idade, desde o primeiro momento consideramos que eran moi, moi importantes. Por iso, como dicía antes, se tutelaron todas. Creáronse residencias integradas e tamén se interviñeron varias —entre elas, algunha citada aquí por varios dos portavoces—. O que pasa é que non deben ter a información, pero si houbo nesa residencia que vostedes citaron tamén unha contratación de persoal por parte da Consellería, porque se necesitaba e así o consideramos. ¿Por que? Porque entendemos que o mellor é a atención. E persoas que estaban nesa residencia trasladáronse á residencia integrada de Santiago de Compostela —e outras—. Aquí fixéronse os traslados por criterio médico, non polo criterio do Parlamento, non porque unha portavoz dun partido político diga que haxa que ingresar a todos os residentes en residencias e haxa que levalos ao hospital. O criterio é sempre médico, dos traslados e dos tratamentos. Nunca deben ser dos políticos, porque entón teríamos outro sistema sanitario.

Por iso creo que é importante o liderado, aínda que a algúns non lle guste; porque, como digo, a Consellería de Sanidade está en contra desa norma que se dicía onte, o de que primeiro eran os nenos de 12 anos os que podían saír, despois os nenos de ata 14 anos, e do que se dixo durante a tarde de onte de que ían ir á farmacia, ao supermercado e ás entidades financeiras. Contra iso, desde logo, estamos. A Consellería de Sanidade está contra iso. Iso é liderado, porque a continuación parece ser que houbo protestas da outra parte do Goberno e cambiouse. A iso me refiro con liderado. Liderado é que haxa unha persoa que teña un grupo que siga esa senda, e iso creo que é o que temos que ter de cara ao futuro.

Por iso dicía que quería acabar con optimismo, porque creo que temos condicións para, ante isto, o maior reto sanitario que tivo Galicia pero que tivo seguramente a humanidade, poder saír reforzados; porque temos os mellores profesionais sanitarios, porque temos moi boas infraestruturas e equipamentos e porque hai un goberno volcado na atención aos pacientes, especialmente aos máis fráxiles. Isto pódeno ter outros países, pero unha sociedade implacada, unha sociedade que ten claro que o obxectivo común é vencer esta epidemia, sen diferenzas políticas, pídenos que esteamos unidos, que traballemos xuntos para facelo.

Estamos superando a primeira onda pero hai que seguir traballando, isto non rematou. Como dicía, temos que seguir facendo diagnóstico precoz, temos que seguir facendo illamento, temos que seguir comprando material de protección para os nosos profesionais, e de diagnóstico tamén, para facer o que temos que facer. Coñecémolo, sabémolo, temos experiencia, neste momento témola. E, desde logo, comprobo tamén a implicación e o compromiso dos galegos,



dos profesionais, para seguir adiante, para facer propostas. As propostas das que están falando, que o presidente comentou, precisamente saen dunha comisión de expertos, de persoas que traballan no día a día da sanidade galega. escoitemos, deixemos que falen, deixemos que nos digan como mellorar, porque seguramente con todo isto, con todos unidos nunha mesma fronte, imos saír, como dicía, reforzados, mellorando día a día o sistema sanitario de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí o debate.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¿Si, señora Pontón, para que quere a palabra?

(A señora PONTÓN MONDELO: Para rectificar as miñas palabras.)

Se é para rectificar as súas propias palabras, si.

Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, eu quero facer constar que teño unha información...

O señor PRESIDENTE: Perdón, é que non a escoito.

A señora PONTÓN MONDELO: Se me dá máis volume...

Ben, quero rectificar as miñas propias palabras porque é certo que tiña unha información que non era certa respecto de Euskadi. E, da mesma maneira, quero pedirle ao señor Puy que rectifique as súas palabras, porque di que os grupos parlamentarios non estivemos facendo propostas neste debate. Este grupo veu aquí, fixo propostas, como a repartición de mascarillas gratuítas...

O señor PRESIDENTE: Si, o señor Puy aludiu a iso.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para a poboación, un plan de atención primaria con 200 millóns de euros, reforzo do persoal...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: A verdade é que facer ese partidismo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...no medio desta pandemia si que me parece que merece desculpas.



O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, o señor Puy aludiu precisamente ás propostas feitas polo Bloque Nacionalista Galego. Escoiteino eu no debate.

Continuamos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional para informar das medidas adoptadas no ámbito educativo ante a situación motivada pola pandemia da covid-19

O señor PRESIDENTE: Substanciamos agora a comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, para informar das medidas adoptadas no ámbito educativo ante a situación motivada pola pandemia do covid-19.

Ten a palabra a señora conselleira de Educación e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Quero que as miñas primeiras palabras nesta comparecencia en estado de alarma sexan en recordo das decenas de miles de falecidos pola pandemia do covid-19. Somos moitos e moitas os que pensamos que merecen este recoñecemento, e agardamos a que pronto poida ser con carácter oficial para o conxunto do Estado. Mentres, humildemente, desde esta tribuna quero mandar un abrazo ás súas familias e tamén ás súas amizades, un pequeno xesto para intentar acompañalos nuns momentos que, sen dúbida, son moito máis difíciles polas medidas de confinamento.

Seguidamente quero aplaudir e agradecer o compromiso e responsabilidade cos que a maioría da cidadanía en Galicia e no conxunto do Estado español está a afrontar esta pandemia. Este exemplo da sociedade é aínda maior no caso de todos os profesionais que traballan en servizos esenciais, comezando polos sanitarios e seguindo polos traballadores de supermercados, tendas de alimentación, forzas e corpos de seguridade, etc. Pero ao respecto comprenderán que faga unha mención especial e que aínda valore máis a exemplaridade que nestes tempos están a dar docentes, alumnos e familias tanto do ensino como do sistema universitario de Galicia; polo tanto, unha mención especial para todas e todos eles. Non só amosan responsabilidade e paciencia ante unha situación ata agora inimaxinable, e que mudou todo o que afecta a un curso, senón que cada día deron o mellor de si para adaptarse e manter o necesario proceso de ensino e aprendizaxe. A todos e a cada un dos membros da comunidade educativa de Galicia, grazas, grazas por entender desde o primeiro momento que a vosa actitude e cooperación eran e son fundamentais, primeiro, para evitar contaxios e, segundo, para reducir os efectos desta pandemia sanitaria no ensino e no sistema universitario de Galicia.

Esta actitude exemplar obriga e reforza o compromiso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de traballar dando o mellor para lograr máis acertos que de-



sacertos na xestión dunha situación excepcional, que afecta a persoas en todo o mundo nunha faceta tan sensible como é a saúde. Todos —cada un desde o posto no que nos tocou vivir esta crise sanitaria— temos que facer todo o que poidamos e con todas as ganas. Hai moitos exemplos desta actitude entre a cidadanía.

En tempos de incertezas, que afectaron a todos, desde o ámbito internacional ao máis local, a Xunta de Galicia comezou a traballar antes de que o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevase a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo covid-19 á categoría de pandemia internacional. A proba é que en Galicia, por acordo do Consello da Xunta do xoves día 12 de marzo de 2020, se adoptaron medidas preventivas en materia de saúde pública; decisións con amparo xurídico e non meros anuncios, algo fundamental, como xa todos coñecemos. Estas medidas preventivas foron seguidas da declaración, o día 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da comunidade autónoma de Galicia e da activación do plan territorial de emerxencias de Galicia Platerga no seu nivel IG —emerxencia de interese galego— como consecuencia da evolución da pandemia do coronavirus covid-19.

Entre as medidas preventivas adoptadas no mencionado acordo do 12 de marzo, o Goberno galego decidiu a suspensión da actividade lectiva regrada a partir do luns día 16 de marzo en todas as etapas educativas e ensinanzas, así como das actividades extraescolares —incluídos os servizos complementarios, viaxes, excursións e eventos, prácticas, formación de profesorado e outros—.

No ensino universitario tamén se suspendeu toda a actividade académica, así como servizos comúns en residencias, aínda que permaneceran abertas. Canto ás bibliotecas universitarias, poderían admitir alumnado ata un terzo do seu aforo, conforme as instrucións reitorais. Estas foron as primeiras decisións tomadas.

A Consellería foi quen de activar esta medida froito dun traballo previo en exercicio das súas competencias e respectando os pasos dados nese momento —12 de marzo— polo Ministerio de Educación, consistentes en adaptar o límite mínimo de 175 días lectivos anuais en ensinanza obrigatoria no curso 2019-2020 ás necesidades derivadas das medidas da contención sanitaria que se adoptasen, e á espera de que o 17 de marzo tivese lugar unha reunión telemática da Comisión General de Educación —órgano que organiza a nivel técnico as conferencias sectoriais nas que participan a ministra e os conselleiros e conselleiras—. E tamén para ese día o ministerio titular convocou a Conferencia General de Política Universitaria.

Na fin de semana, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67 do 14 de marzo, foi cando o Goberno central declarou o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo covid-19. Isto significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España e tamén no eido universitario. En Galicia xa estaban suspendidas.

En Galicia, o día 13 de marzo foi un día que serviu para que, de xeito voluntario —era preciso ese día de transición para facilitar a organización familiar e a recollida de materiais—, as



familias decidisen se enviaban ou non os seus fillos a clase. Así, nesa data, xa foi visible unha redución de presenza do alumnado nos centros educativos, así como dos movementos da poboación que están aparelados. Asemade, os docentes e os equipos directivos tamén tiveron ese día para tratar de prepararse todo o posible para unha nova situación e lograr que o luns 16 de marzo fose xa un día lectivo pero sen clases presenciais, á espera de instrucións máis concretas posteriores.

Sen dúbida, aínda que parece quedar xa lonxe a suspensión das clases presenciais, foi a primeira e a máis importante medida adoptada pola Consellería, sempre ao amparo das indicacións das autoridades sanitarias; unha medida de carácter excepcional e provisional que inicialmente estaba prevista para catorce días e que hoxe, semanas despois, aínda está en vigor a raíz das prórrogas do estado de alarma aprobadas polo Goberno central. É unha medida que condicionou o resto de medidas adoptadas no ámbito educativo e universitario ante a situación motivada pola pandemia covid-19.

Ata esta situación todos tiñamos asumido que o proceso educativo tiña lugar nun espazo físico concreto, que corría a cargo dos docentes e que se acompañaba de recursos axeitados para o alumnado tanto por parte das administracións educativas como das propias familias. Pero todo isto mudou a ritmo vertixinoso. Os centros foron substituídos polas casas; as aulas foron substituídas por habitacións; tamén se incrementou o uso de pantallas, teléfonos, os docentes tiveron que superar as dificultades de compartir coas familias a tarefa de ensinar e o alumno tamén tivo que adaptarse a todo isto.

Teño que recoñecer e agradecer o altísimo nivel de implicación adquirido por docentes, alumnos e familias desde as súas casas poñendo todo o mellor de si mesmos e superando as limitacións físicas, tecnolóxicas e sociais desta situación excepcional. Nestas circunstancias, a Administración educativa galega tamén tivo que asumir que o proceso de ensino-aprendizaxe debería seguir con garantías pero doutra maneira, xa que se tiña que facer a distancia e sen os recursos existentes nos centros educativos. Todo mudou e obrigou a actuar moitas veces con rapidez e provisionalidade, sempre a partir da información dispoñible en cada momento, de xeito que houbo casos puntuais de adaptación á información existente que en consecuencia obrigaron tamén a ser áxiles á hora de readaptar ou reaxustar a resposta dada. Un exemplo foi que inicialmente a Consellería quixo garantir o funcionamento da actividade lectiva a distancia, coa presenza dos equipos directivos nos centros, que con posterioridade quedou máis limitada a momentos puntuais.

¿Que fixo a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para afrontar esta situación derivada da pandemia do covid-19? Primeiro, exercer as súas competencias e proceder, na medida das posibilidades, a adaptar o funcionamento do ensino e do sistema universitario ás novas circunstancias, e, ademais, tamén manter unha lealdade institucional e unha colaboración permanente cos ministerios, as comunidades autónomas, as universidades e o conxunto das comunidades educativas. Paso a explicalas un pouco máis polo miúdo.

Medidas para adaptar o funcionamento do ensino e do sistema universitario ás novas circunstancias.



O apoio ás comunidades educativas para facilitar a aprendizaxe a distancia durante a suspensión das clases polo covid-19 abrangueu medidas organizativas dirixidas aos equipos directivos e docentes en función da información e da situación vixente en cada momento. Tivemos que lanzar ata tres instrucións provisionais dirixidas ás direccións dos centros educativos de ensino non universitario. A primeira, do día 13 de marzo, correspondía á decisión de suspensión da actividade presencial nos centros educativos galegos; mentres que, coa vixencia do estado de alarma e alerta sanitaria, fixéronse adaptacións das devanditas instrucións o 15 de marzo —despois de que se publicase o día 14 o estado de alarma— e o 21 de marzo. Houbo tramitación e comunicación a empresas adxudicatarias de servizos educativos complementarios —como transporte, catering, limpeza e seguridade— sobre os efectos da suspensión da actividade. Deuse traslado, a través do portal educativo, de diversos anuncios referidos á afectación de trámites, convocatorias, actividades relacionadas co ensino galego que correspondían a diferentes departamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. A modo de exemplo, podo citar que o 16 de marzo se comunicou a suspensión do proceso de admisión de solicitudes para as oposicións e tamén para os procesos de admisión do novo alumnado.

Concluído o período non lectivo pola Semana Santa, a Consellería, para retomar a formación a distancia motivada pola pandemia, difundiu un comunicado o 13 de abril do 2020 dirixido ás direccións dos centros educativos do ensino non universitario sobre as medidas para adoptar en relación co inicio do terceiro trimestre. Ademais de concretar que había que reanudar a actividade lectiva non presencial, o comunicado expresaba a intención de axudar os equipos directivos e os docentes a través dunhas instrucións, derivadas da coordinación entre o Ministerio e as comunidades autónomas, sobre medidas concretas para adoptar sobre o desenvolvemento do terceiro trimestre e final do curso 2019-2020. Teño que sinalar que, logo da conferencia sectorial do 15 de abril e á espera da publicación na normativa estatal correspondente, o venres 17 de abril a Consellería difundiu unhas orientacións provisionais para o desenvolvemento do terceiro trimestre do 2019-2020. Noutro momento desta comparecencia retomarei este asunto.

Medidas de reforzamento das ferramentas *on line* para atención ao alumnado.

Unha das aprendizaxes que, como sociedade, temos que extraer desta crise do covid-19 é que as tecnoloxías están aquí e xa son fundamentais en diferentes ámbitos, entre eles o ensino. Por suposto Galicia ten moito que avanzar, pero non parte de cero porque, froito do traballo dos últimos anos, xa conta con experiencias como o proxecto Abalar e a Estratexia edudixital. Pero, unha vez máis, houbo que adaptarse a unha nova realidade e a Consellería facilitou a atención *on line* ao alumnado por parte do profesorado activando durante este estado de alarma melloras nas seguintes ferramentas: as páxinas web dos centros educativos e as aulas virtuais dos centros educativos, que triplicaron o número de usuarios —de 18.000 a 69.000— e pasaron dun millón de interaccións a catro millóns; o Espazo Abalar e o Abalar móbil; e, en concreto, púxose á disposición da comunidade educativa para organizar o seu traballo o novo portal temático de servizos dixitais educativos, que na semana pasada tiña xa 35.000 visualizacións; E-Dixgal, desde o luns 30 de marzo, grazas á colaboración das empresas provedoras de contidos educativos dixitais do proxecto E-Dixgal, están á disposición de forma temporal en aberto para todos os centros aínda que non formen parte deste pro-



xecto, esta medida pode beneficiar neste momento a máis de 95.000 estudantes; a posta á disposición da comunidade educativa dunha plataforma de videoconferencia que lles permite aos docentes interactuar co alumnado —estamos a falar de máis de 52.000 reunións virtuais con 170.000 asistentes nos últimos quince días—; e a plataforma *on line* «Escolas en la nube», ferramenta para os centros rurais agrupados que ven intensificado o seu uso tamén nestes días.

Elaboración do documento con directrices para o exercicio do teletraballo do profesorado galego.

Desde o día 19 de marzo, a Consellería, a través do centro autonómico de formación e innovación do profesorado e da súa rede de formación permanente, ofrece unha guía para facilitarlles aos docentes a aprendizaxe a distancia durante o período de suspensión das clases polo covid-19.

Contidos educativos na TVG.

Na segunda canle, desde o 23 de marzo, e na *web* da TVG, desde o día seguinte, hai contidos educativos como apoio aos recursos que os alumnos reciben dos centros de ensino. E desde abril tamén hai novos microespazos, como *O teacher dos bolechas* e *Meteoxenios*, entre outras novidades.

Outro recurso tamén activado a comezos de abril foi o primeiro conxunto de videotutoriais para docentes e o acceso á plataforma de formación a distancia do instituto de secundaria San Clemente, de Santiago, para os oitenta centros que imparten ensinanzas para persoas adultas e tamén para os centros que imparten formación profesional.

Este esforzo da Administración educativa galega foi complementado con outras iniciativas individuais e colectivas da comunidade educativa, que amosan o seu compromiso, a súa implicación e que son froito de anos de desenvolvemento das TIC no ensino galego.

Medidas de apoio ao alumnado de familias máis vulnerables a través de axudas complementarias en comedores escolares e préstamos de *kits* informáticos.

Nas axudas complementarias ao comedor escolar, Galicia estableceu moi cedo unha orde de axudas para o alumnado que dependía da rede xestionada pola Xunta e que pertencía a familias que non pagaban nada polos menús ou que pagaban un euro. Non temos constancia de que noutras comunidades autónomas se fixera algo semellante, polo menos nunha dimensión tan grande. O importe da orde orzouse en 3 millóns de euros, e transcorridos só seis días desde o prazo de finalización de solicitudes xa se aboara o primeiro pagamento, por case un millón de euros. Resultaron beneficiadas un total de 30.159 alumnas e alumnos de 22.532 familias de segundo ciclo de educación infantil, primaria e secundaria. O importe do primeiro pago, que corresponde aos catorce días lectivos desde a suspensión das clases ata o día 12 de abril, ascendeu a 991.397,50 euros. As familias, en función do cumprimento dos requisitos da convocatoria, recibiron neste primeiro pago entre os 35 euros —para as familias cun fillo— ata os 175 —para as familias con catro fillos con gratuidade total—.



Para evitar calquera tipo de crítica de que só beneficiaban os usuarios dos comedores da Xunta, quero poñerlles de manifesto as seguintes circunstancias:

A Consellería tamén realiza todos os anos unha convocatoria de subvencións para bonificar o prezo dos menús do alumnado, no caso dos comedores xestionados polas ANPA. Proximamente procederase a realizar unha nova convocatoria cun orzamento aproximado de 600.000 euros. Pola súa banda, os concellos que xestionan comedores escolares como consecuencia dun convenio voluntario coa Consellería de Educación non están a soportar nestes momentos o custo dos menús concertados coas empresas de cátering e dispoñen dos mecanismos establecidos nos reais decretos 7/2020 e 8/2020, que lles permiten utilizar o superávit orzamentario de 2019 para ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.

Repartición de *kits* informáticos con conexión á internet. Nos últimos anos, a Xunta vén facendo un importante esforzo na dotación de equipamentos e recursos informáticos para avanzar na dixitalización das aulas dos centros educativos galegos e foi unha aposta para, desde a escola, propiciar a equidade e a igualdade do alumnado galego. Mais a pandemia mudou este enfoque. Como xa apuntei, as casas particulares substituíron os colexios. A Consellería, consciente da nova realidade e ante o risco de casos de familias vulnerables, activou un sistema de préstamo persoal de *kits* informáticos —portátiles e conexión— para facilitarlles aos seus fillos o seguimento da actividade educativa mentres dure o estado de alarma.

A medida está dirixida ao alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional, en concreto, déuselle prioridade ao alumnado dos cursos de final de etapa que titulen —4º da ESO, 2º de BAC e 2º de Formación Profesional— e a aquelas familias que non dispoñan nos seus fogares de ordenador nin de conexión á internet.

En números, a través da colaboración entre dous departamentos da Xunta —Consellería de Educación e Amtega— entregáronse 997 *packs* de ordenador portátil e *kits* de conexión á internet en 333 centros de Secundaria, CPI, IES e CIP. A estes hai que sumar equipos facilitados polos centros educativos e polos CFR das catro provincias galegas, que neste momento dan un total, engadidos a eses 997, de máis de 7.000 equipos informáticos. En concreto estamos a falar de 7.500 equipos informáticos. Esta é unha información proporcionada polas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e desglosada.

As familias recibiron estes *kits* informáticos a través dos seus centros de ensino, polo que quero agradecer este esforzo aos equipos directivos. E xa comezou esta semana a distribución doutros 1.750 equipos adicionais, froito do acordo no Consello da Xunta do pasado venres.

Neste apartado, a Xunta recoñece que o Goberno de España distribuíu en Galicia 927 tarxetas SIM de 4G, que é o 4,64 % das 20.000 que tiña para todo o Estado. Aínda así, na última conferencia sectorial, a Consellería, xunto con outras comunidades autónomas de dispersión xeográfica similar á nosa, como Asturias, Cantabria ou Castela León, demandou ao Ministerio de Educación un verdadeiro plan de dixitalización para axudar neste tempo de pandemia e que reforce no futuro recursos xa existentes por iniciativa autonómica.



Prepararse e planificar con garantías a celebración das probas da ABAU. A Consellería traballou desde a perspectiva do ensino e da universidade para activar en Galicia as medidas consensuadas entre o Ministerio e as comunidades autónomas respecto do aprazamento das datas iniciais destas probas, fundamentais para os aspirantes a universitario. Á data de hoxe a previsión é que as datas de realización das probas da ABAU en Galicia sexan o 7, 8 e 9 de xullo para a convocatoria ordinaria e os días 15, 16 e 17 de setembro para a convocatoria extraordinaria, atendendo ao que nos deron desde o Ministerio de Educación. Administración, universidades e CiUG comparten que, dada a situación excepcional, as probas tamén deben ter un carácter moito máis flexible.

Cumprir coa competencia de coordinación do Sistema universitario de Galicia para as cuestións académicas e investigadoras desde o respecto á autonomía que teñen recoñecida legalmente as universidades. Neste apartado creo oportuno mencionar que, dado que a covid-19 estaba presente en varios países estranxeiros, a finais de febreiro —e antes da declaración da pandemia— a Consellería remitiu un comunicado aos investigadores que realizan o seu labor no estranxeiro con apoio da Xunta, e que se viran afectados polo peche de universidades ou centros de investigación, para ofrecerlles a posibilidade de regresar a Galicia sen ningunha penalización.

Ademais do contacto permanente coas tres universidades e a CiUG, entre outros órganos, o principal traballo da Consellería foi a defensa dos intereses dos universitarios galegos ante o Goberno e comunidades autónomas e a elaboración, o día 6 de abril, das instrucións de universidades de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que os reitores das tres universidades galegas, ademais, agradeceron e recolleron para os documentos respectivos das tres universidades.

Tras este amplo repaso das medidas da Consellería para adaptar o funcionamento do ensino e do sistema universitario ás novas circunstancias, retomo a explicación sobre o segundo ámbito de actuación, o de manter a lealdade institucional e unha colaboración permanente.

Ante as dimensións da pandemia e dos seus efectos, todos entendemos que desta situación só se podía saír traballando xuntos e colaborando. Esta foi unha premisa esencial para a nosa Consellería, que tivo que acometerse de xeito progresivo, primeiro internamente entre os departamentos da propia Consellería e tamén sumándose á maior colaboración entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Vicepresidencia, Gain e Política Social, sempre ao servizo do Centro de Coordinación Operativo, Cecop —activado a raíz da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego—, e do Plan territorial de emerxencias de Galicia. Como saben, no Cecop tamén participa a Delegación do Goberno en Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias —Fegamp—.

Unha vez declarado o estado de alarma, cos diferentes pasos que determinou o Goberno central, tamén houbo algún contacto co Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, mais a colaboración institucional foi máis estreita tanto co Ministerio de Educación e Formación Profesional como co Ministerio de Universidades, sempre en órganos nos que tamén participaban outras comunidades autónomas.



Por suposto, foise realizando tamén un traballo conxunto coa Xunta Autonómica de Directores e Directoras de Galicia, coas tres universidades galegas e coa Comisión Interuniversitaria de Galicia —CiUG—. Mañá, 23 de abril, temos prevista unha reunión telemática con todas as organizacións máis representativas das ANPA e os sindicatos do ensino.

Entre a data do 17 de marzo e a de onte, 21 de abril, os responsables da Consellería mantivemos un total de 35 reunións telemáticas, das que 12 foron cos departamentos estatais, 6 con departamentos da Xunta, 5 internas e 12 con outras entidades —principalmente as universidades e os seus órganos de xestión—. Como titular da Consellería, participei en 24 reunións, nas que tamén se abordaron cuestións referidas á covid-19. Todas e cada unha destas xuntanzas ocuparon esforzos pero serviron para, en momentos de incerteza, camiñar co paso máis seguro posible e salvar os inevitables imprevistos dunha situación tan excepcional como a que estamos a vivir.

A Consellería sempre afrontou estas sesións de traballo con actitude construtiva e resolutive, sempre en defensa dos intereses e da singularidade do ensino e das universidades de Galicia, ao tempo que velando por manter a igualdade respecto doutras zonas do Estado. Á data de hoxe quero agradecer e resaltar a utilidade práctica das catro reunións extraordinarias, dúas en marzo e dúas en abril, coa Xunta Autonómica de Directores e Directoras, que serviron para facer seguimento paso a paso das instrucións da Xunta de Galicia, para coñecer tamén a particularidade dos centros educativos en relación coa crise derivada da covid-19 referida ao ensino non universitario galego e que, por suposto, permitiron aos equipos docentes contar con información de primeira man sobre os contactos da Consellería co Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Tamén aproveito esta comparecencia para poñer en valor, unha vez máis, o diálogo e a colaboración entre a Consellería e os tres reitores, que permitiu, desde o absoluto respecto polas competencias de cada parte, avanzar nun traballo conxunto para a coordinación do Sistema universitario de Galicia, tanto no que se refire a cuestións académicas como no ámbito da investigación.

Do traballo conxunto coas universidades galegas quero resaltar a coordinación nas actuacións en materia universitaria durante o período de suspensión das clases, o acordo acadado para as datas de realización das probas da ABAU así como o feito de consensuar que os universitarios que estudan en Galicia non retomen as clases presenciais neste curso 2019-2020.

E, como xa mencionei, a Consellería cumpriu o compromiso adquirido coas tres universidades galegas e o 6 de abril facilitou unhas instrucións das universidades de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas universidades do Sistema universitario de Galicia. Agora, en exercicio das súas competencias, cada unha das universidades están a adoptar métodos para a avaliación e datas de exames, para o que están a elaborar as súas propias resolucións. Eu mesma, en xuntanza no día de onte cos reitores, instei a que as tres universidades teñan os criterios máis homoxéneos posible. Por suposto, a Consellería mantén aberta a colaboración coas universidades, e para os vindeiros días están previstas novas xuntanzas telemáticas que darán continuidade a este traballo conxunto no ámbito académico e investigador.



Chegados a este punto quero determe para explicar a relación e o traballo conxunto entre Xunta e Goberno central, tanto no ensino non universitario como no que se refire ás universidades. A pandemia da covid-19 fai que todos os gobernos, con independencia do seu ámbito de actuación, esteamos sometidos ás incertezas sobre a propia evolución e influencia do virus e á presión de aportar respostas. A declaración do estado de alarma outorgou moitos poderes ao Goberno do Estado. E a Xunta de Galicia sempre apostou por unha leal colaboración sen renunciar a defender os intereses dos galegos e galegas desde as competencias propias en vigor. Esta foi a actitude que tamén mantivo a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: atender as indicacións dadas desde os ministerios competentes en educación e en universidades e tamén formular propostas e advertencias respecto das cuestións que poden ser negativas para o ensino e o Sistema universitario de Galicia.

Teño que manifestar nesta Cámara que existen dúas fases na actitude do Ministerio de Educación e FP. Hai unha primeira que se mantivo ata a Semana Santa, na que se propiciaron acordos e cooperación para garantir a finalización do curso de todo o alumnado de formación profesional en xeral e, sobre todo, no que atinxe aos que cursan a modalidade de FP dual, ou as FCT —a partir do falado o 24 de marzo entre responsables estatais e autonómicos encargados destas ensinanzas—. De feito, no día de onte publicouse xa a orde ministerial que rexe esas prácticas, ese período de prácticas coñecido como FCT. Na propia conferencia sectorial do 25 de marzo houbo coincidencia plena entre Ministerio e comunidades autónomas en manter o calendario escolar e aprazar as probas da ABAU. E fronte a esta primeira actitude, non entendemos que na conferencia sectorial do 15 abril o Ministerio pareza, dalgunha maneira, deixar de lado as súas competencias e responsabilidades para ofrecer unha proposta de acordo que deixa en mans das comunidades autónomas e dos equipos docentes a promoción e titulación do alumnado. Actuando así abre a porta a moitas desigualdades.

Como saben, Galicia, por lealdade institucional, acatará as medidas propostas porque non é momento de confrontacións. Non obstante, agarda que o Ministerio atenda ás alegacións presentadas pola Consellería e corrixa mediante a publicación dunha orde o seu abandono ou aparente abandono de funcións. De feito, o borrador desta orde chegou o xoves pasado. Estamos a mércores e seguimos sen ter a orde definitiva.

O Goberno central, respectando o previsto na Constitución e na normativa educativa, debe exercer as súas competencias e fixar os criterios de promoción e titulación no presente curso escolar. De feito, hai incluso sindicatos educativos que tamén alertan deste feito.

No que se refire a outras das competencias da Consellería, á data de hoxe os contactos co Ministerio de Innovación e Ciencia atópanse dentro da colaboración esperada, mentres que no caso do Ministerio de Universidades agardamos que atenda ás demandas formuladas por Galicia —sobre todo na última reunión da Conferencia General de Política Universitaria—, porque cremos que o Ministerio de Universidades, para atender á lealdade da Xunta, debería contar máis coas comunidades autónomas nas decisións que afectan o desenvolvemento académico no eido universitario. Algo moi importante é aclarar a política de bolsas ao estudo, para que ningún alumno se vexa prexudicado, e dar instrucións claras sobre os prezos públicos de matrícula, dado que as comunidades autónomas teñen que comezar a elaborar os seus propios decretos.



E, por último, sobre as oposicións do ensino non universitario, como saben, a vontade da Consellería de Educación foi sempre a de manter o proceso da OPE de 2020 mentres que estivésemos en prazo para a celebración das probas e á espera de recibir información do Goberno central sobre as previsións da evolución da pandemia e dunha posible desescalada. Esta decisión de manter as probas baseouse, polo tanto, na prudencia, pero sobre todo no respecto aos miles de persoas opositoras e opositores, que están realizando un recoñecido esforzo e preparando os temarios nun momento moi complexo, con moito tempo dedicado e con importantes expectativas persoais, laborais, económicas e, en definitiva, vitais.

A realidade a día de hoxe é que seguimos sen ter certeza sobre a esperada desescalada, seguimos sen ter datos epidemiolóxicos por territorios que nos ofrezan unha perspectiva clara de como vai ser a volta á nova normalidade e das actividades que se poderán facer ou non e en que condicións poderán facerse. Feitos como o que protagonizou onte o Goberno central, o de cambiar en poucas horas a decisión sobre as condicións nas que poden saír os nenos á rúa, dan idea da inseguridade que aínda teñen as autoridades sanitarias. E ante este escenario vémonos —tamén por prudencia e por responsabilidade, e esgotado o prazo para iniciar o proceso administrativo— na obriga de aprazar as probas a 2021.

Esta mesma mañá ás 9, o presidente do Goberno central anunciaba unha desescalada en termos extraordinariamente prudentes. Debuxa, polo tanto, un escenario que continúa sendo imprevisible e impide a toma de decisións coa necesaria certeza. Insisto, mantivemos a celebración das probas mentres era posible cumprir os prazos precisos e coa confianza en recibir informacións que achegasen certeza, así nolo demandaban tamén as organizacións sindicais, como a CIG —que logo mudou, e desde unha postura favorable a que fósemos a única comunidade que celebrase as probas pasou á posición de hoxe, na que mantén unha postura contraria—. Se me van recriminar que demorásemos máis en tomar a decisión, deben ter en conta que, ademais de agardar á discusión no Congreso dos Deputados sobre este último estado de alarma, que se celebrou hoxe ás 9 da mañá, tivemos que ter en consideración os anuncios que realizaba o Goberno central os sábados e os domingos na Conferencia de Presidentes, e que ata o momento en nada estaban contribuíndo a unha toma de decisións firmes. Polo tanto, a cronoloxía dos feitos é que, tanto o presidente da Xunta como eu mesma, dixemos que teríamos que agardar a ver que pasaba coa prolongación do estado de alarma a partir do 26 de abril. A prolongación foi anunciada polo presidente do Goberno do Estado o pasado sábado e hoxe foi ratificada no Congreso dos Deputados. Como dixemos, evidentemente, ante a prolongación dese estado de alarma, dese estado de alerta sanitaria, e tendo moi pouca previsión do que vai pasar na desescalada, ou posible desescalada, acabamos de traer aquí ao Parlamento de Galicia esta decisión.

Agardamos que esta tendencia do Goberno mude no relativo á desescalada coa volta ás aulas e sexa quen, por fin, de darnos datos ás comunidades que nos permitan á vez darlle respostas tamén á comunidade educativa.

Lémbrolles que o presidente leva pedindo estudos epidemiolóxicos e calendarios razoables de volta á normalidade desde hai semanas. Desde o interese común para saír nas mellores condicións posibles desta situación excepcional, a Xunta compromete o seu traballo en de-



fensa dos intereses de Galicia, pero tamén da solidariedade e colaboración real co resto de institucións do Estado.

Agardo ter aportado algunha luz sobre as medidas adoptadas en Galicia no ámbito educativo e universitario ante a situación motivada pola pandemia do covid-19. Por suposto, atenderei con interese todas as súas observacións e propostas, porque desta crise sanitaria temos que saír todos e todas xuntos polo ben do conxunto da cidadanía.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, bos días.

Antes de nada, dende En Marea queremos ensalzar e pór en valor todo o traballo que está facendo o estudantado, a nosa rapazada, pór en valor o traballo que están facendo as familias e pór en valor todo o traballo que está a facer o persoal docente do noso país diante desta crise.

Para o noso sistema educativo o confinamento e a imposibilidade de educar dun xeito presencial están a supoñer un reto histórico sen precedentes, especialmente nas etapas educativas máis temperás, como pode ser a educación infantil, a primaria ou a ESO, como así poñen de manifesto diferentes expertos educativos, sindicatos de profesorado e asociacións pedagóxicas, como pode ser a Nova Escola Galega.

Nesta situación, os distintos elementos que participan no proceso educativo —alumnado, profesorado e familias— desenvolven papeis e funcións diferentes ás establecidas desde sempre no sistema.

Con respecto ao alumnado, está a vivir unha situación excepcional, como ben dicíamos, de restrición de movementos, de contacto cos seus iguais, de comunicación co profesorado. Engadido a todo isto están as diferentes circunstancias, na maioría das ocasións, de desestabilidade económica, familiar e en moitos casos de incertezas, medos, enfermidades, circunstancias diferentes no social, na posibilidade de acompañamento familiar na realización das tarefas escolares, circunstancias diferentes nos recursos materiais, incluso tan necesarios como o acceso a un ordenador ou a unha conexión a internet; é dicir, as fendas sociais e a fenda dixital da que tanto se ten falado estes días. Non son fendas menores, como podemos comprobar. A propia Consellería de Educación aportou datos no portal educativo o



día 2 de abril de que había 58.000 alumnas e profesores e profesoras conectados. Descoñecemos a que etapa educativa corresponden estes datos, pero, se temos en conta que só contabilizando *grosso modo* datos dos centros públicos en ESO temos 64.000 alumnas, en bacharelato, 25.000, nos ciclos formativos, outras 25.000 e en FP básica, 4.000, é evidente que máis da metade do alumando quedou fóra desta conexión. Todo isto sen contar a educación primaria e a educación infantil, a grande ausente neste proceso.

Hai que destacar o enorme e imaxinativo esforzo do alumando, como pode ser o da montaña lucense, que están a empregar *walkies talkies* para o contacto co profesorado; un alumando, en definitiva, cun comportamento que só podemos avaliar de sobresaliente, así como o esforzo que está a manter o persoal docente constantemente para que vaia adiante esta tarefa.

Asemade, a Confapa ten realizado unha sondaxe coas familias, e entre outros datos apuntan que case un 30 % non teñen acceso adecuado ás redes. A CIG Ensino ten realizado tamén unha sondaxe ao profesorado que apunta que un 61 % teñen problemas para conectar co alumnado.

Entón, o principio de equidade, que está presente en todas as leis educativas dende o ano 1985, e a escola como compensadora de desigualdades neste momento están ausentes. E ausente tamén está ata o de agora, xa iniciado o terceiro trimestre, o dereito do alumnado —recollido nas ordes que regulan a avaliación das diferentes etapas educativas— de estar informado dos obxectivos, contidos e criterios, instrumentos de avaliación que se desenvolverán e utilizarán, así como dos requisitos de promoción ao curso seguinte.

Non podemos seguir permitindo esta situación. Segundo apuntan os expertos, é probable a repetición de novas situacións semellantes, e para non chegar coas mesmas circunstancias é necesario contemplar que os centros educativos amplíen o seu espazo a través do establecemento dun plan público de acceso dixital e universal en toda Galicia —iso que tanto nos ten vendido o presidente da Xunta de Galicia— mediante o establecemento dunha rede de conexión pública que permita o acceso virtual ás aulas a todo o alumnado galego, tanto en Baralla como en Mazaricos como en Vigo, superando todas, exactamente todas, as fendas dixitais e sociais que existen agora mesmo; e tamén a través do establecemento dun plan de dotación conxunto entre a propia Consellería e a Fegamp para coñecer e atender o alumnado con carencias no ámbito social, para superar esa fenda social.

Hai un grupo de alumnas e alumnos que están a vivir tamén unha situación especial de desconcerto e abandono, que é o alumnado de 2º de bacharelato. En dous meses teñen as probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade e descoñecen a estas alturas que contidos se van incluír, a que modelo de exame se van enfrontar e en que circunstancias de coidados sanitarios se van producir. Está na man da Consellería rebaixar o nivel de ansiedade deste alumnado e do seu profesorado e definir e acordar os termos das probas, na procura de que contén cunhas características similares en todo o Estado.

E aproveitamos a oportunidade para aconsellar que se estude a utilización dalgúns institutos de educación secundaria para realizar estas probas, o que eliminaría desprazamentos e rebaixaría a presión para recibir a moito alumnado nos campus.



Con respecto ao profesorado, o nivel de descontento é patente. Na mesma sondaxe referida anteriormente que realizou a CIG, ademais de constatar a falta de formación e experiencia previa en teleformación, reflectida polo 50 % dos consultados, o 95 % dese 50 % que contestou suspende a Consellería pola súa desaparición nesta crise e pola ausencia de directrices claras cara á situación co alumnado e as familias.

Non veñan vostedes aquí botarse flores enriba cando a situación é a que é e o descontento é o que é. Ao longo deste período de máis dun mes que levamos en estado de alarma, a maiores dos sucesivos erros e rectificacións, primeiro nas instrucións sobre a presenza ou non presenza do profesorado, equipos directivos ou persoal nos centros, as instrucións específicas sobre o proceso de ensino son inexistentes.

O 13 de marzo —ademais creo que o dixó vostede aquí— a Consellería ditou unhas instrucións que determinaban que o profesorado ía elaborar propostas e que ía empregar os medios e plataformas que considerase para o traballo do alumnado no fogar. Son unhas instrucións lacónicas.

O 18 de marzo o Centro Autonómico de Información e Innovación publicaba unhas recomendacións para o profesorado en servizos e recursos para o desenvolvemento da aprendizaxe a distancia, e ao día seguinte un servizo de inspección educativa solicitaba un informe das direccións dos centros educativos coas medidas establecidas con carácter xeral que facilitarán así a continuidade do proceso de aprendizaxe.

Así como aquí se ten falado moito da desorganización do Goberno central —falouse na anterior comparecencia—, ¡home!, eu penso que hai que dicir que a súa consellería, neste caso, andou dando volantazos para un lado e para outro, e aínda hoxe, aínda agora, non teñen as directrices claras do que hai que facer.

O 25 de marzo a súa consellería informou no seu portal da participación da Consellería na Conferencia Sectorial de Educación, na que houbo o consenso de manter o calendario escolar, acordaron avaliar o segundo trimestre co traballo que tiñan desenvolvido ata entón e modificar o contido das competencias previstas para este terceiro trimestre.

E aquí estamos agora, no terceiro trimestre. O 17 de abril no portal educativo da súa consellería publicáronse unhas orientacións para o profesorado nas que, alén de apuntar a posibilidade de voltar ás aulas antes do remate do curso, aluden á necesidade de identificar o alumnado desconectado ou carente de conexión e de emendar isto coa posta á súa disposición dos recursos necesarios. ¡Home!, a min gustaríame saber como. O señor Puy, que está aquí presente, sabe o problema que temos de conexión no rural. Pasounos o outro día, que non nos dabamos conectado, pois imaxinen os nenos das vilas das montañas de Lugo ou de Ourense.

Reflexionen sobre as funcións do profesorado desde o departamento de orientación e atención ao alumando con necesidades educativas especiais, funcións que o profesorado xa ten asignadas desde sempre, pero que están sen especificar, e non se formula ningunha proposta específica para a situación da mal chamada «educación a distancia». A ambigüidade é a ca-



racterística máis notable no referente ao currículo a desenvolver e á avaliación do alumando. O profesorado segue a descoñecer se pode adiantar contidos non traballados nas aulas presenciais, que carácter vai ter a avaliación do curso e que pasa co alumnado co que non ten contactado, co que non dá contactado.

Demandamos da Consellería instrucións claras e específicas sobre os contidos para desenvolver ferramentas, criterios e instrumentos de avaliación; todo isto no uso das plenas competencias da Xunta de Galicia en educación. Non temos que esperar a que nos autorice o Goberno, está no uso das súas competencias; competencias que inclúen a obriga de cubrir a substitución do profesorado. Isto non pasa agora con esta crise, ¡eh!, isto xa vén de atrás, e, segundo nos consta, estase facendo, ademais, de modo irregular. Non é o momento de continuar cos recortes que nos trouxeron a esta situación. Pensamos desde En Marea que é o momento de reforzar os servizos públicos e de dar marcha atrás na falta de substitucións do profesorado de baixa ou xubilacións.

Desde En Marea queríámoslle formular unhas preguntas. A ver se nos pode contestar, en canto á convocatoria de oposicións a corpos docentes deste ano 2020, se son unha prioridade xa para a Consellería as oposicións. Nós cremos que son unha prioridade para a campaña electoral, pero agora mesmo non están garantidos nin os contidos nin a maneira na que se van facer nin se se vai blindar a seguridade sanitaria á hora de facelas.

¿Quen pode estudar e concentrarse cun goberno que neste asunto deu bandazos cada quince días? Eu non sei se van dar prazos ou non e se a Consellería ten en conta a fenda rural, a fenda social, a fenda de xénero... Hai moitas cousas.

A moitas persoas xa non nos dan as contas, e comprobamos que se agrandaron as fendas nesta crise sanitaria. A prioridade unha vez máis para En Marea será exixirlle certezas. Se a maior parte das comunidades autónomas aprazaron os procesos selectivos para máis aló de xullo do 2020, nós reclamámoslle aquí á Consellería de Educación que garanta a seguridade sanitaria e que evite as aglomeracións de persoas en zonas pechadas.

Sabemos que as probas non van ser posibles en xuño, e en En Marea entendemos que a Xunta debe de baixar á realidade e sumarse a prever a pandemia. Non ten razón de ser pospoñer a decisión á cuarta prórroga do estado de alarma, a comezos de maio —que creo que acaban de aprobala agora, ademais—, cando a señora conselleira anunciou que desconvocaría as oposicións na terceira prórroga —hai case quince días—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Remato.

Os prazos non dan, a situación sanitaria tampouco, e sábeo porque se agrandaron as fendas e as desigualdades.

Bueno, respecto das familias e dalgunhas cousiñas máis, falarei na seguinte intervención.

Nada máis e moitas grazas.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Boa tarde.

Dicía Paulo Freire que a educación se refai constantemente na praxe; para ser, ten que estar sendo. E nesta crise creo que tanto o profesorado como o alumando como as propias familias están sendo e están tendo que refacerse e adaptarse a un contexto para o que non estaban preparadas. Eu creo que tamén é motivo de recoñecemento o importante traballo e esforzo que están realizando, tanto a nivel educativo como a nivel familiar, profesorado e alumnado, e que é importante recoñecelo nunhas condicións tan difíciles, ademais, como as de confinamento. Está claro que iso interfere na actividade educativa. Mais lamento, conselleira, dicirle que cremos que nese labor a Xunta non está sendo tan eficiente como debería nesta circunstancia.

Hoxe vimos aquí como se criticaba por parte do Goberno que outros gobernos tomen decisións erráticas e que se rectifican a si mesmos, e nós estamos de acordo con que os gobernos deben de intentar acertar, pero tamén ten que recoñecer a propia Xunta que, neste proceso, no ámbito da Consellería de Educación, se tomaron decisións erráticas, por exemplo, en relación coa presenza dos docentes nos centros de ensino, onde en poucos días primeiro se obrigaba o profesorado a acudir aos centros, despois obrigábase os equipos directivos e finalmente deixaron a decisión de ir ou non ir nas direccións. Vimos aquí que non había certezas.

Tamén nos parece que a Xunta, a Consellería de Educación, non acertou en temas como a defensa das propias competencias de autogoberno que temos. Nalgunha ocasión deunos a sensación de que había unha fuxida constante das súas responsabilidades, até o extremo de que nalgunha declaración, nalgunha nota de prensa da Xunta de Galiza, parecía queixarse porque o Goberno central non interviña as competencias que en materia educativa temos no noso país. Desde logo, cremos que iso debuxa un goberno que non quere responsabilizarse das súas competencias, o que é grave en calquera circunstancia, pero moito máis nunha situación como esta.

E, por último, nós durante estes días en que durou a pandemia botamos en falta diálogo por parte da Xunta. Hoxe anúnciase que mañá van manter unha reunión co ámbito sindical. ¡Benvida sexa!, porque levan 40 días reclamando que a Consellería os escoite. Nós cremos que isto non debe quedar nunha xuntanza puntual, senón que debería de manterse unha mesa de diálogo coa comunidade educativa onde estean os representantes do profesorado, tamén as ANPA e o alumnado para abordar conxuntamente as medidas que hai que adoptar no inmediato e no futuro. Porque isto acaba de empezar e vai haber que tomar moitas decisións no ámbito educativo.

Preocúpanos que hoxe vostede non exercera un pouco polo menos de autocrítica a respecto de que está pasando co labor educativo, porque non é certo que haxa unha situación de nor-



malidade unha vez que se decretou a imposibilidade de asistir ás aulas. Coñeciamos un estudo feito pola CIG hai moi poucos días —que se publicou o 20 de abril— no que se estaban poñendo, precisamente, de relevo os problemas que se estaban producindo no ámbito educativo por causa do confinamento. Hai un problema moi grave, de fenda dixital, que non se dá só no rural, que é un problema que se dá tamén nas cidades, e onde viamos como as desigualdades socioeconómicas —as preexistentes e as creadas por esta crise— están dificultando o acceso á educación por parte de moitos nenos e nenas que non poden seguir as aulas por vía telemática. Estamos falando dunha enquisa realizada a 6.352 docentes, onde nos din que o 61 % do profesorado afirma ter problemas para conectar co alumnado pola fenda dixital. No rural, en moitos casos, por falta de cobertura, pero tamén no ámbito urbano se dan problemas porque hai familias que non teñen esa cobertura ou porque hai moitas vivendas, moitas casas, onde só hai un ordenador que se está utilizando para teletraballo por parte das nais ou dos pais e mesmo porque a situación derivada da crise, cos ERTE e con despedimentos, fai que en moitas casas a situación sexa realmente grave e que sexa moi complicado o acompañamento educativo. De feito, di este estudo que só un 10 % das aulas rexistran unha participación maior do 90 % do alumnado e que o profesorado di que en máis da metade das súas aulas participa menos da metade do alumnado. Polo tanto, estamos vendo unha situación que nos deixa en evidencia que o ensino público deste país non estaba preparado para unha situación así. Non o estaba o alumnado, non o estaba o profesorado e tam pouco o estaba a Xunta de Galiza.

E vostede ten que recoñecer que os medios que se dispuxeron non son suficientes. Púxose en marcha unha medida de distribución de 1.000 ordenadores, que saben que non chega para cubrir nin un 3 % da demanda que podería haber neste ámbito. E, ademais, vostedes obrigaron o profesorado e os equipos directivos a decidir quen o recibía e quen non. Eu non sei se tivo ocasión de ler unha carta aberta que publicaban na revista *Luces* onde literalmente unha profesora dicía que «a Consellería decidiu mandar a cada centro un total de 3 ordenadores portátiles para repartir entre aqueles alumnos que non teñan medios para seguir as clases por internet. No meu centro xa fixemos reconto, son 30 alumnos sen ordenador, sen conectividade, ou sen ningunha das dúas cousas. Faremos como cos PT e AL, rifarémolos a ver quen son os tres alumnos afortunados aos que lles toca aprender durante o confinamento».

Tamén cremos que houbo deficiencias á hora de aportar material e recursos para o profesorado; de feito, a maioría do profesorado di que a adaptación das tarefas foi realmente ben con outro profesorado, ben a que tiña o propio centro e, en moita menor medida, fóra do centro.

E con este panorama a nós neste momento hai catro cuestións que nos preocupan. A primeira, conselleira, é que vai acontecer coas avaliacións. Nós cremos que a Consellería ten que establecer criterios que sexan claros, equitativos e realistas. Nós estamos de acordo con que hai que dar por rematado o curso a nivel de avaliación. O curso ten que continuar, pero a nivel de avaliación o curso ten que darse por rematado na data en que se paralizaron as clases. Tamén con que hai que favorecer esa promoción de curso e con que, en todo caso, as excepcións teñen que fixalas os equipos docentes en función da evolución do seu alumnado ao longo do curso, ciclo ou etapa.



Tamén nos interesa saber como se vai iniciar o curso 2020-2021, porque está claro que ten que haber unha adaptación. ¿Vanse traspasar os contidos que non se deron para ese curso? ¿Que medios? ¿Que medidas de contención se van prever? ¿Cales son as previsións que ten a Xunta de Galiza nese ámbito?

O terceiro tema é que nos parece importante que se aclare cal será o contido avaliable nas probas de acceso á universidade para o alumnado de segundo de BAC, porque hai unha enorme incerteza e preocupación entre o estudantado. Porque, como todos e todas podemos entender, esta é unha situación que é moi importante no seu desenvolvemento persoal e profesional no seu futuro; polo tanto, cremos que é importante aclarar isto.

A cuarta cuestión, afortunadamente, xa nola aclarou vostede na súa intervención: anuncia que van trasladar a convocatoria ao 2021. Nós levabamos semanas pedindo que esta decisión se adoptara porque parecía de sentido común que ía ser imposible xuntar 20.000 persoas con seguridade nun mesmo espazo e que, polo tanto, á marxe doutras consideracións, non tiña sentido seguir coa OPE. Si que cremos que hai que adquirir un compromiso coas persoas que están preparando estas oposicións e co propio sistema educativo galego. Nós, como BNG, asumímolo, e é que en 2021 hai que trasladar a totalidade das prazas que estaban nesta convocatoria e sumarlles as que se permitan pola taxa de reposición. Ese é un compromiso polo que apostamos desde o BNG.

E tamén nos gustaría, señora conselleira, que se tomaran algunhas decisións que corresponden á Xunta de Galiza no ámbito do sistema universitario. Sabemos que esta crise deixa a moitas persoas nunha situación dramática. Os datos que nos dan de como lles vai afectar o PIB e o emprego poñen os pelos de punta. Nós cremos que hai que favorecer o acceso á universidade de todo o mundo, por iso pensamos que para o curso 2020-2021 non debería de haber taxas nas universidades públicas galegas —é dicir, que se suprima o acceso ás taxas— e que se debería facer un esforzo excepcional para que calquera persoa que queira ir á universidade teña a opción, incrementando a contía das bolsas e incrementando tamén a cantidade que se lles vai ofrecer aos galegos e ás galegas. Pensamos que son medidas xustas no medio dunha crise na que nós cremos que o sistema educativo público se fai máis necesario que nunca. E cremos que temos que reforzar, precisamente, ese carácter público e favorecer que cumpra unha función esencial para a sociedade, que é formar a persoas libres e persoas que contribúan ao benestar do conxunto da sociedade galega.

Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Pasamos agora á intervención do Grupo Común da Esquerda.

Ten a palabra a señora Chao Pérez.



A señora CHAO PÉREZ: Bo día a todas e a todos.

Por suposto, primeiro quero sumarme ás condolencias, ás palabras de alento aos familiares das persoas contaxiadas, dos falecidos, dos que aínda están pelexando para superar esta enfermidade.

Ademais, por suposto, quero sumarme ao agradecemento do persoal sanitario, que leva todos estes días en primeira liña batallando contra o virus.

E, por suposto, pola comparecencia que agora nos ocupa, quero estender o agradecemento a todo o persoal do sistema educativo público, que, unha vez máis, está dando conta de que son elas e eles os que sosteñen o sistema educativo sobre os seus ombreiros nunha situación crítica e inédita á que nunca tiveran que enfrontarse. Quero dar as grazas ao profesorado, ás mestras e aos mestres, que están intentando, cunha enorme dedicación, salvar unha situación realmente límite para a que ninguén estaba preparado.

E quero agradecer, por suposto, tamén ás nenas e aos nenos, ás mozas e aos mozos, a súa paciencia, a súa dedicación, o seu esforzo e a calma para facer posible o confinamento. E ás súas familias, que están enchendo ocos ociosos e formativos en situacións que poden ser realmente difíciles para que iso sexa posible.

E grazas, por suposto, ás opositoras e opositores, que hoxe por fin teñen unha noticia certa, que levan moito tempo preparándose para ser o futuro do sistema educativo e que levan aguantando estoicamente unhas semanas dun maltrato que consideramos, conselleira, inaudito.

Como inaudito consideramos que vostede tardara nada máis e nada menos que 20 días en vir a esta Cámara dende que os grupos da oposición solicitáramos a súa comparecencia. Era tempo de que viñera, tempo de someterse ao control parlamentario e tempo de responder a algunhas das moitas cuestións concretas que a cidadanía leva poñendo enriba da mesa semanas; respostas claras e contundentes que, lamentablemente, non vimos na súa comparecencia e que lamentamos. É que o obxectivo non era ese, o obxectivo non era vir poñer luz sobre asuntos fundamentais, senón seguir nun electoralismo que non nos conduce a nada nun momento chave para o futuro deste país; un deses momentos nos que se decide o futuro do país que somos, pero sobre todo nos definimos como sociedade; un momento no que nós entendemos que sobran os discursos aprendidos e as cifras que se repiten aquí unha e outra vez. Todas as súas comparecencias son semellantes; véñse aquí dar cifras como se non estiveramos falando de persoas; cifras que, á fin e ao cabo, parecen propaganda.

Este, señora conselleira, nós entendemos que debера ser o momento da unidade, e iso non quere dicir acordo absoluto, quere dicir diálogo, e para iso ten que haber dúas partes dispostas a dialogar e a buscar consensos. Honestamente, penso que é o que a cidadanía demanda dos representantes públicos nun momento como este. E neste momento, como representante pública, entendo que a miña obriga é lembrarlle que a realidade que está fóra dista moito do panorama que vostede debullou.



Mire, señora conselleira, para afrontar esta situación, eu boto en falta dous ingredientes básicos: o primeiro é a humildade básica para recoñecer que non se está facendo todo o ben que se debería. É normal, aí tendémoslle a man, non é doado enfrontarse a unha situación coma esta; ninguén sabería. Pero se se vén aquí e se di «teñen razón, igual estamos fallando, dialoguemos e busquemos como podemos facelo mellor», encontraremos. Pero, en lugar diso, vostedes non, ignoran que hai un desafío enorme encima da mesa e veñen dicir que todo está perfectamente. E logo detereime a explicar por que non está indo todo perfectamente.

E o segundo ingrediente que considero fundamental é a empatía. Eu considero que non é cousa menor. ¿Canto melloraría a política se por unha vez viñeramos aquí e nos puxeramos no lugar das outras persoas para escoitar e para entender os seus sentimentos e sufrimentos, que, nunha situación crítica coma esta, son moi importantes? Empatía para escoitar o profesorado, que leva moitas semanas buscando diálogo con vostede; incapaces totalmente de substituír, de suplir as horas presenciais por canles telemáticas; preocupadísimos e estresados pola situación na que se atopan de mesmo ter que avaliar a nenas e nenos sen considerar que teñen as ferramentas axeitadas para facelo; preocupados pola situación que ven que teñen as súas alumnas e alumnos.

Hai semanas —varias semanas— que lle pedimos que convocara unha mesa de diálogo con representantes de profesorado e as ANPA e, ben, xusto o anuncia onte. ¡Chega tarde, señora conselleira! É verdade, mellor máis tarde que nunca, pero ¿por que desaproveitar semanas que son importantísimas? ¿Que había máis importante nestas semanas que dialogar coa comunidade educativa? Nós pensamos que nada.

Sería preciso tamén ter máis empatía co alumnado, coas nenas e nenos máis pequenos, que levan todas estas semanas confinados. Non podemos entender que o alumnado sexa considerado un mero receptor de contidos que se impoña á lóxica insensible do mercado e que o único que importe sexa a avaliación, a avaliación e a avaliación. Hai outras cousas.

A escola é un espazo de socialización, un espazo que ten que ser o da igualdade das oportunidades, de crecemento vital e de protección da infancia. Cando iso desaparece as aulas virtuais non poden en ningún caso suplir a palabra de alento dun mestre ou dunha mestra. Atopámonos con persoas complexas que teñen sentimentos complexos e que nunha situación coma esta, señora conselleira, seguro que teñen medo. Están angustiados e non saben que vai pasar. Teñen familiares no paro, mesmo a familiares que poden estar en centros de maiores sen saber como se atopan, ou incluso persoas falecidas, ou familias —asunto moi importante— que non teñen os recursos suficientes para ter unha zona de estudo axeitada ou nas que non hai as capacidades suficientes necesarias para axudar as súas fillas e fillos para seguir o curso académico.

Vostede dixo aquí con total normalidade que as familias cubrían ese oco educativo. Lamentablemente, señora conselleira, non todas as familias de Galicia poden cubrir esa fenda social. Como pasa tamén coa fenda dixital enorme que vivimos neste país. Ano tras ano Galicia encabeza este *ranking*. Segundo os últimos datos, falamos case dun trinta por cento de nenos e nenas que non teñen a conexión axeitada, segundo os datos das ANPA galegas, os cales a



CIG cifra no dobre. ¿Cales son as cifras que manexa a Consellería? Porque non dixo vostede nada e mesmo veu aquí sacar peito dunha medida claramente insuficiente. Poñer enriba da mesa tres equipos en cada centro é unha medida que a nós, particularmente, nos fai sentir vergoña. Que o profesorado teña que dicir que tres nenas e nenos están tocados coa variña máxica para ter un equipo suficiente parécenos que non é digno dun goberno. É evidente que o ensino ou é para todas ou para todos ou non pode considerarse un dereito. O ensino ten que ser universal. Ante esta realidade, señora conselleira, fan falta máis medidas.

Outra pregunta concreta: ¿cando pensan enviar instrucións claras sobre o terceiro trimestre? Levamos máis dunha semana e vostedes mandaron unha carta que non di absolutamente nada.

Tamén queremos pedir empatía co alumnado de bacharelato e concretar cando se van realizar as probas da ABAU. Saber soamente as datas non chega. Hai que saber cales van ser os contidos, aplicar un plan de apoio e centrarse nos contidos presenciais.

Reivindicamos tamén empatía —moi importante— coas mozas e mozos que están na universidade. Señora conselleira, ¿vostede destinou un só minuto destas seis semanas a falar con representantes do estudantado universitario? Lamentablemente, sei que a resposta é non. E lamentablemente vostede ten enriba da mesa varias peticións que non atendeu. Se desta comparecencia saímos cun compromiso pola súa banda de que vai levantar o teléfono e falar con elas e eles, dende o noso grupo darémonos por satisfeitos. Cremos que é urxente porque están padecendo realidades realmente complicadas. Teñen problemas económicos sobrevidos pola crise da covid-19 porque tiñan empregos precarios que agora non se están desenvolvendo ou porque son fillas e fillos de familias nas que se están aplicando ERTE e desempregos; situacións moi duras que os privan das medidas materiais mínimas para afrontar a fin de curso, mesmo para pagar os alugueiros das vivendas nas que residían. ¿Ten a Consellería de ensino posto sobre a mesa algunha medida para isto? De verdade pensamos que é necesario.

Queremos empatía coas investigadoras e investigadores deste país que viron como se cancelaba a resolución das súas bolsas e non saben cando lles vai dar unha resposta a Consellería. Por favor, dígalles aos investigadores e investigadoras de Galicia cando vai resolver a Xunta estas convocatorias.

E empatía, por suposto, coas opositoras e opositores. Señora conselleira, foi unha burla todo o que pasou cos opositores e opositoras nestas semanas. Vostedes, primeiro, dixeron que se se estendía despois do 26 de abril non habería oposicións, logo rectificaron e dixeron que si. Agora —hoxe, por fin— veñen dicir que non. Está ben, a rectificación sempre é benvinda. Mellor tarde que nunca. O que non se pode consentir é que se infrinxa un sufrimento totalmente innecesario nunha poboación moi avultada, que é o futuro do sistema educativo deste país, unicamente con base en criterios electoralistas. Isto é o que parecía que estaba pasando, que o señor Feijóo non estaba preocupado por como estaban as persoas soportando esta situación, estudando horas e horas, sacándolles ás súas familias. Do que estaba preocupado era de poder dicir que el quería manter as oposicións en Galicia, custara o que custara, e hoxe finalmente rectifican.



Eu penso que hoxe non é o momento da impugnación total do seu modelo; ese serao cando se convoquen as eleccións novamente. Hoxe era o momento, ou debería ser, de discutir colectivamente, de construír colectivamente. Nós tendémoslle a man desde o primeiro momento. Sabe que fomos a todas as reunións convocadas polo presidente, polo señor Feijóo, con propostas concretas, moi traballadas e dialogas con axentes implicados. Non houbo ningunha resposta súa. Non se aplicou ningunha das medidas, salvo esa mesa de diálogo que anuncian xustamente hoxe e, por fin, o atraso das oposicións, porque non había outra alternativa.

Así que vou aproveitar os poucos segundos que me quedan para insistir en cales son as nosas propostas pendentes, as máis urxentes:

Primeira proposta: as mesas de diálogo non só para o ensino medio. Faga tamén unha mesa de diálogo do ensino universitario que inclúa si ou si os representantes dos estudantes universitarios. Son persoas adultas que teñen que ter voz en decisións que afectan o seu futuro.

Segunda proposta: instrucións claras ao profesorado sobre este terceiro trimestre, como e que deben facer xa agora, non dentro doutra semana.

Terceira: medidas económicas específicas para atender as necesidades sobrevidas por esta situación. O curso que vén débese apostar tamén por unha bolsa de políticas clara, propia, que atenúe esta grave situación económica.

Cuarta: adaptación das probas ABAU aos contidos que se impartiron unicamente no tempo presencial. Comunicar soamente unha data —como dixen— non chega.

Quinta: desenvolver un plan de necesidades específicas de atención educativa adaptadas a esta situación. Vostede na súa comparecencia non destinou un só segundo a falar das necesidades específicas de atención educativa. Son precisamente aquelas persoas que están pasando unha situación de maior dificultade e que, como é evidente, non poden seguir as canles ordinarias para o curso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Remato xa.

Sexta: un plan de loita contra a fenda dixital. Tres equipos por centro é realmente insultante. Fai falta máis compromiso, fai falta reforzar a formación.

Sétima e última, das que consideramos máis importantes: elaborar un plan de desinfección dos centros educativos que garanta a seguridade absoluta das traballadoras e traballadores que teñen que afrontalo.

Polo de agora, máis nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.



(Pausa.) (O persoal dos servizos de limpeza procede a limpar o estrado.)

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Caballero Míguez.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señora conselleira, señores deputados e deputadas.

Esta era unha comparecencia relevante porque nesta crise da covid na que estamos vivindo hai cuestións que son fundamentais. En primeiro lugar, todos coincidimos na importancia da defensa da sanidade pública en circunstancias coma estas para defender a saúde. En segundo lugar, todos defendemos a importancia de acompañar as familias e a cidadanía con medidas de protección económica e social. Pero deseguido, a educación é unha cuestión moi importante para todas as familias que teñen nenos en idade escolar e tamén para o conxunto do país.

Nós, dende logo, temos un claro compromiso coa educación pública. É unha bandeira que nunca imos abandonar. É fundamental para conseguir unha sociedade máis próspera, con máis igualdade de oportunidades, para que todo o mundo poida promoverse en función do seu esforzo, das súas capacidades. En definitiva, é un mecanismo para ter un país e unha sociedade mellor, para formar capital humano, para facer mellor cidadanía e para dignificar tamén a vida dos nenos e das nenas, circunstancialmente confinados nestes momentos.

Xustamente nese compromiso coa educación, e especificamente coa educación pública, é onde hai que poñer en valor o traballo que fan os docentes ao longo dos distintos niveis da actividade educativa, que é algo tan importante para todos nós. Docentes de vocación, de compromiso, que en circunstancias complexas —vostede sábeo ben tamén, señora conselleira— están ao pé do canón. E tamén valorar o traballo de todas as familias que nestes momentos teñen que estar, en moitos casos con nenos de primaria, de secundaria, axudando e colaborando para manter unha actividade educativa ao longo destas semanas.

Señora conselleira, dicía que nestes momentos as casas particulares substitúen os colexios. É unha reflexión que fai referencia á contorna física, pero temos que ir máis aló para ver un modelo de educación que poida responder aos novos retos que estamos tendo nestes meses; os cales non hai que esquecer porque poden estar presentes novamente ao longo do vindeiro curso escolar. Polo tanto, ese é un reto que temos que facer entre todos e entre todas.

Eu creo, señora conselleira, que cando o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia de forma repetitiva seguen falando desa anticipación erran. Díxenllo antes ao conselleiro de Sanidade e díxenllo tamén ao presidente. Agora vostede sinala esa suspensión da actividade lectiva regrada a partir do 16 de marzo, dous días despois do estado de alarma, e que o día 13 de forma voluntaria xa se decretara. É certo. Pouca anticipación. Porque se o discurso xeral é lanzar a todos os conselleiros do Goberno da Xunta para dicirlle a Galicia que estabamos preparados anticipando unha crise como a da covid, a responsabilidade histórica que vai ter o Goberno vai ser moito maior. Abandonen ese discurso da anticipación finxida, falsa, e respondan aos problemas que hai e deámoslle respostas entre todos e entre todas.



covid supón unha suspensión da actividade docente presencial e, dende logo, implica novos retos. Quero facer referencia a algunhas das cuestións fundamentais da intervención da conselleira que máis nos preocupan.

En primeiro lugar, a Conferencia Sectorial de Educación estableceu un acordo entre o Ministerio de Educación e as distintas consellerías. Un acordo que establece como regras fundamentais as seguintes: a avaliación continua do estudantado, a promoción de curso como norma xeral, con especificidades para cursos que dan acceso a unha titulación, referidamente para 4º de ESO, para 2º de bacharelato e para 2º de formación profesional. E nesa liña o que plantexa ese acordo do Ministerio coas comunidades autónomas é que ese terceiro trimestre sexa aproveitado para facer actividades de recuperación por parte dos nenos e das nenas, para o repaso daqueles contidos importantes e tamén para o reforzo de actividades titorizadas. Esa é a liña na que se está traballando.

En definitiva, é unha liña que implica que a actividade educativa deste terceiro trimestre ten que manterse doutro xeito, non de forma presencial e a distancia. Desa maneira, os estudantes non van perder o curso ou cando sexa terá que ser por unha cuestión excepcional de determinadas condicións. Nesa liña hai que focalizar a información do estudantado na aprendizaxe e competencias imprescindibles que implican en moitos casos a necesidade de formación a distancia, se é posible.

É importante que a conselleira de Educación plantexa hoxe con claridade cal é a posición que ten o Goberno da Xunta de Galicia sobre o acordo do Ministerio de Educación coas distintas consellerías das comunidades autónomas. Porque é certo que o Partido Popular, nunha actitude de deslealdade no conxunto de España, está desmarcándose dese acordo que se produciu. E é certo que o Goberno da Xunta de Galicia, este goberno, é o que falta por dicir con claridade se está no acordo co Ministerio ou non. Dígoo con claridade —si, señor Puy, vostede terá a quenda despois—: o mesmo presidente da Xunta díxonos o pasado domingo que non lle agradaba o acordo, que non estaba de acordo co acordo. Claro que o que ten que cumprir vai ter que cumprilo por normas establecidas. Pero hai unha actitude de desplante doutras comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular, na que o Partido Popular de Galicia non trasladou con claridade a súa posición. Pregunto explicitamente se o Goberno da Xunta de Galicia vai estar dentro do acordo e vai actuar con lealdade co acordo da Conferencia Sectorial que plantexa ideas razoables.

Eu pregunteille ao presidente da Xunta de Galicia que é o que non lle gustaba dese acordo da Conferencia Sectorial de Educación e non tiven resposta, nin me quedou claro na intervención da conselleira de Educación hoxe cales son esas alegacións ou cales son os problemas que ve ao acordo que hai no conxunto do Estado, máis alá das especificacións concretas, porque o mundo da educación é un mundo que implica a diversidade de moitas situacións. Eu sei como é a estrutura de traballar cando se fala de lealdade. No momento en que se especifiquen, haberá casos que non se poden atallar, e por iso nun modelo descentralizado hai marxe para traballar.

Por iso pedímoslle tamén ao Goberno da Xunta de Galicia que faga un mapa claro de como é a situación da educación no conxunto do territorio, nos distintos centros educativos, en



cada un dos centros. ¿Cales son as capacidades? ¿E os docentes? ¿Cal é a situación do estudiantado, que é moi dispar, moi diverxente en moitos lugares? Polo tanto, a solución a unha situación excepcional ten que ser pragmática e adaptada a cada contorno que está ocorrendo neste momento.

Sen dúbida, nesa liña é importante tamén que o presidente da Xunta aclare a súa postura respecto da volta ás aulas de forma presencial dos nenos e nenas antes do verán, pois nalgunhas das súas declaracións deixou a porta aberta. Eu quería que se despexase esa incógnita e saber se esa é ou non a posición da Consellería de Educación para pechar o curso escolar.

Na liña da diversidade —á que eu fago referencia no conxunto do territorio— hai unha fenda salarial que implica retos dixitais e retos de formación *on line*. Evidentemente, o reforzamento dixital con novecentos e pico ordenadores enviados pola Consellería de Educación a todos os centros educativos é unha repartición dunha miseria dixital que implica enormes dificultades para o conxunto do territorio. Dende logo, cando lin tamén a carta á que facía referencia a voceira do BNG, reflicte esa realidade de escaseza e das dificultades. Hai que poñer as luces de longo prazo, con claridade. A educación é central. Eu sei que a conselleira é unha profesional do mundo da educación, pero dirixir toda a educación de Galicia é un mastodonte moi complexo. Hai que poñer as luces de medio e longo prazo para o que poida ocorrer. Poñer recursos, hai fondos, hai mecanismos, non se pode facer un pequeno acordo de lanzar tres ordenadores a cada un dos seus centros. Temos que facer unha aposta definitiva, porque cada neno ou nena que non ten equipo informático ou conexión suficiente para facer actividades educativas nas súas casas é un neno ou nena que está perdendo posibilidades de futuro, que está perdendo a oportunidade de ter os mesmos niveis de educación, de formación, que teñen outros nenos con máis posibilidades, e iso non o podemos consentir. Estou seguro de que a conselleira está nesa liña, totalmente subscribindo as miñas verbas, non o digo na confrontación senón no que é importante e que é fundamental, porque se perderon moitas oportunidades e hai moitas cousas que non se fixeron e, cando as amosan as crises, claro que se reflicten.

No tema das axudas do comedor escolar, quería clarificar cal é o número exacto, porque nalgunha documentación que temos, de forma oficial, fálase de corenta e cinco mil alumnos con bolsas de comedor escolar e aquí fíxose referencia a un número de trinta mil; é certo que agora vai ir aos comedores das ANPA e demais. En todo caso, chegou tarde. Tiveron que ser os concellos (en Santiago, en Vigo) os que estiveron en moitos casos paliando as dificultades das primeiras semanas, nas que as axudas de comedor escolar non chegaron, e agora están os directores dos centros buscando as contas e solucionando os seus problemas.

E, polo tanto, hai que poñer toda a administración da Consellería de Educación ao cen por cento para gañar o futuro, para que non se volvan producir estes escenarios. Eu comprendo e respaldo, dende logo, as dificultades do primeiro momento, a improvisación; atopámonos todos cunha situación inédita. Pero agora levamos xa seis semanas, hai que aprender dos erros e hai que poñerse a traballar.

E, dende logo, a imaxe de que na Consellería de Educación non haxa orientación e non haxa rumbo é o que se plasma hoxe. Cando todo o mundo xa ten claro que era imposible facer opo-



sicións de forma presencial para milleiros e milleiros de opositores en educación, chégase a última hora, sen orientación, sen rumbo, a dar unha resposta que, cos datos que había, era evidente. O estado de alarma que se ía producir foi anunciado, pero é que aínda este domingo o presidente da Xunta de Galicia, na reunión telemática cos líderes dos partidos políticos, non desdexaba ou dicía que el ía intentar manter, se era posible, esas oposicións para o mes de xuño e que, se non, pasarían ao ano 2021. Chega tarde e é unha mostra da falla de liña estratéxica.

Hai que prefacer unha previsión de futuro, que é moi importante e na que todos temos que traballar. Nós, dende logo, agora cremos que non se pode estar no mundo da indefinición, que é como está traballando a Consellería de Educación, sen aclarar que quere para o peche do curso escolar, sen dicir se quere que os alumnos e alumnas volvan ás aulas antes do verán, sen aclarar ata hoxe que ocorría con esas oposicións, sobre as que de forma moi maioritaria había un sentir en sindicatos, en docentes, en estudantes, de que se clarificase canto antes. Isto había que respondelo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E, polo tanto, nesa liña, para gañar o presente e gañar o futuro, temos que orientar que é o que se vai facer no curso escolar do ano 2020-2021, e para aí temos que planificar unhas liñas importantes, sen dúbida eu creo que de acordo co conxunto das comunidades autónomas. E un reto fundamental é dotar o país dos medios dixitais e *on line* que permitan suplir a docencia presencial se nalgunha outra circunstancia esta non se puidese manter.

Conte, dende logo, señora conselleira, máis alá das intervencións e de que poida parecer un conxunto de plantexamentos de que se fixo mal, coa colaboración do PSdeG-PSOE. Cremos que hai liñas nas que traballar e dende logo plantexámolo con ánimo construtivo, porque a educación é fundamental, e vostede, que é tamén docente universitaria, coñece ben a súa importancia, e cónstame dende logo o seu compromiso e a súa vontade.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidente.

Grazas, conselleira, por esta comparecencia, a petición propia, pero a plena satisfacción polo menos de tres grupos da oposición, para dar conta das medidas que están adoptando desde a consellería ante a crise do covid en relación co sistema educativo. Tamén grazas aos portavoces da oposición, que certamente tiveron un ton construtivo e, loxicamente, como é natural, pedindo informacións concretas sobre algúns dos aspectos que seguro que a conselleira concretará na súa resposta.



Eu creo que o primeiro que hai que dicir é que, afortunadamente, dentro do que cabe, esta crise colle o sistema educativo nun bo momento de saúde. Eu creo que as melloras que se fixeron desde o ano 2009 no noso sistema educativo —particularmente vou mencionar dúas— están permitindo unha mellor resposta ante a crise da covid, que leva ao confinamento tanto de profesores como de estudantes en todos os niveis.

Certamente, por exemplo, no sistema de educación non universitario, o feito de que teñamos unha media de 10,5 alumnos por profesor, en vez de 12,5, que é a media de España, pois certamente nos pon nunha mellor situación que ao conxunto do Estado. E quero neste momento, precisamente por iso, facer un recoñecemento á inmensa maioría do persoal docente público, que está a traballar desde a súa casa, que está a apoiar os seus alumnos e que está a poñerse en contacto con el, non só por algúns dos medios dixitais oficiais senón tamén —cónstanos— a través dos medios que moi boa parte da poboación ten segundo as idades pero de tipo telefónico, etc.

Esta medida, obviamente, ten que ver co feito de que se convocasen as oposicións desde o ano 2009 todos os anos, coa excepción do ano 2012 —polo tanto, estamos a falar de máis de nove mil prazas—, e tamén cunha taxa de interinidade que é a máis baixa de España, o 7 %. Isto fai que o sistema aguantante mellor, inicialmente —pensamos—.

A segunda é a decisión tomada nos últimos anos, e que nos deixa tamén ante unha perspectiva máis favorable para facer fronte no sistema educativo á pandemia: a forte aposta que fixemos pola introdución das novas tecnoloxías no sistema educativo. A estratexia de ensino Edudixital, que xa vén tamén dos seus predecesores na consellería desde o ano 2009, leva a que máis de dezaioito mil alumnos no 2019 teñan acceso ao libro dixital e a que máis de trescentos corenta centros estean traballando con el. E a introdución das aulas dixitais e sobre todo dos proxectos Edudixital e E-Dixgal, co sistema Abalar, permite as familias estar informadas en contacto permanente e con acceso a contidos que se repoñen nas bases informáticas que a consellería pon á disposición dos estudantes.

Hoxe, certamente, non é o momento de recordar o que se dixo por parte da oposición con relación a isto e como minusvaloraban estes esforzos para dixitalizar o sistema educativo, pero, dado que hoxe hai moitas invitacións a facer autocrítica, quizais no futuro próximo pois tamén poidan reflexionar sobre isto. Porque nós pensamos que é bo que máis de trinta mil alumnos xa conten co libro dixital, tamén pensamos que é bo que se acertase nesa prioridade no pasado pola aposta polas tecnoloxías e cremos que, ademais, é bo tamén recordar que todo isto se fixo cunha enorme equidade.

Non é cuestión de lembralo, pero si que é verdade que o feito de que Galicia teña un sistema moito máis integrado que o conxunto do España —e, de acordo co informe PISA, á altura dos países máis desenvolvidos— pois nos permite tamén pensar que a solución e a actuación do sistema educativo fronte á pandemia vai ser máis efectiva.

Conselleira, nós pensamos que está dando vostede unha resposta responsable á crise, non improvisada. Eu, cando a oposición di que aquí se improvisan cuestións despois do día que vivimos onte en relación coas persoas que cursan estudos de primaria, de secundaria, pois, en fin, creo que non é o mellor día para falar tampouco de improvisacións.



Eu creo que se está actuando con responsabilidade, que se está introducindo certeza na situación máis incerta de todas as que se podían plantexar nun sistema educativo, sen coñecer cal vai ser a evolución da pandemia. Estamos tamén todos pendentos, día a día, de como se vai facer a fin do confinamento ou a desescalada, que depende da evolución da propia pandemia, pero, dentro diso, estanse introducindo algunhas expectativas razoables, por exemplo en relación coa ABAU, fixando xa datas, fixando tamén métodos de cualificación, que tanto os profesores como os alumnos que van facer esas probas xa saben como van ser. E tamén con equidade, porque está respostando vostede dun xeito que mantén a equidade do sistema.

Certamente, claro, a reacción cos ordenadores que se entregan é avaliable, e sempre o ideal sería que todo o mundo tivese acceso ás tecnoloxías. Pero si é certo tamén que coa distribución de ordenadores que fixo a Xunta —estamos a falar de nove mil, con router, tarxeta de 4 megas de memoria; en Galicia tamén o Estado colaborou e distribuíu 927 tarxetas telefónicas en router, que serven—, certamente, o esforzo que está a facer a Administración autonómica é moi superior ao que están a facer outras administracións.

E tamén se está incidindo nas medidas sociais. Eu creo que as decisións que se adoptaron con relación ao pago dos comedores escolares manteñen ese compromiso social cos nenos e coas nenas, que noutras circunstancias pois terían un peor acceso a unha alimentación de calidade.

É certo que o noso sistema é un sistema que ten avanzado moito nos últimos anos, é certo que cremos que estamos nunha situación mellor que outras comunidades autónomas para facer fronte á crise, pero tamén é certa outra cousa: eu creo que debemos de dar o mellor posible todos, especialmente a Administración educativa, para que este ano non se perda e sobre todo para algo que ningún portavoz dixo e que eu creo que debemos ter todos en conta: para que esta xeración non quede marcada.

Xa ten pasado con algunha reforma ou algún tema, que no pasado pois modificou e fixo que algunha promoción quedara como baleira, perdida, e mesmo con problemas de empregabilidade. E estou pensando lóxicamente nos que cambian de titulación, os que rematan o bacharelato e van ás oposicións ou á universidade, ou os que obteñen unha titulación.

Temos, polo tanto, que defender a importancia dun criterio homoxéneo á hora de avaliar os alumnos, dun criterio homoxéneo no conxunto de España. Eu creo que a competencia está moi clara: o artigo 149 da Constitución recolle claramente quen ten a competencia para establecer os niveis polos que se accede a un curso ou polos que se obtén unha titulación, e certamente non é unha cuestión de quen goberna, senón que mesmo a propia comunidade educativa, a través do Sindicato de Inspectores Educativos, por exemplo, está afirmando o que é evidente: que o Goberno de España non pode abdicar desa responsabilidade de fixar os criterios comúns para o paso de curso ou a obtención dun título.

Dicían que non se coñece a resposta dada. Eu quero felicitala, precisamente, sobre esta cuestión de cal é a posición da Xunta. Xa dixo que hai moitas comunidades —non só do PP, tamén algunha nacionalista— que están cuestionando o acordo que establece isto. Eu creo que o



que solicita a Xunta, deixando claro que vai facer ou vai seguir o criterio que se fixe no Estado, é un exemplo evidente de lealdade institucional. ¿Que é o que fixo a Xunta? Pois mandar unha serie de comentarios ou alegacións coa finalidade de que, se é posible, se incorporen á orde ministerial, que aínda non coñecemos —espero que, entre outras cousas, porque estean analizando as propostas que se achegaron desde algunhas comunidades autónomas—.

¿Que din estas alegacións? Que nós respaldamos, loxicamente, primeiro, que o Estado debe exercer a competencia que lle marca a Constitución das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais; e que a dita regulación, sobre todo, está vencellada ao principio fundamental de determinar as condicións que garantan a igualdade de todos os que participan no mercado laboral español, no mercado español, en condicións de igualdade. E, á parte diso, pois tamén se fan algunhas peticións; por exemplo, en relación co reforzo educativo, que requiriría novo financiamento, e tamén en relación co esforzo que se fai para favorecer a dixitalización —na que vexo que estamos todos de acordo en que hai que impulsar—.

Pero un titular como «Galicia discrepa e aporta solucións, pero mantense leal en comparación co que están a facer outras comunidades autónomas», eu creo que, no seu caso, señor Caballero, é digno de ser resaltado e non, precisamente, contradito.

Respecto das oposicións, o tema é moi difícil, certamente. Hai intereses encontrados, non esquezamos isto nunca. Están os que tiñan unha preparación que os levaba a ter unha expectativa clara de aprobar unhas oposicións. Hai incerteza en todos os sentidos —tamén por parte dos interinos que ocupan agora esas prazas—, e mesmo temos incerteza co que vai pasar co sistema financeiro público español en relación con outros anos. Ben, confiemos en que a Xunta fixo algo razoable, que foi esperar ata o límite para ver se se podían levar adiante esas oposicións e, dado que non é posible, esperar ao ano que vén, ao ano 2021. Eu, en todo caso, tamén quero agradecerlle á conselleira que fixera este anuncio na Cámara parlamentaria no día de hoxe.

E remato. Eu creo que non podo facelo sen agradecerlle a toda a comunidade educativa o seu compromiso durante esta crise, tanto aos alumnos como, sobre todo, aos docentes, pero tamén aos equipos directivos e á propia estrutura da Consellería, porque o obxectivo —que é común para todos— é que se manteñan os estándares da educación pública de xeito que ninguén quede atrás. Certamente, para iso terá sempre o apoio do Grupo Popular, que, por unha banda, quere felicitala polo feito, pero tamén animala cara ao futuro. Hai que manter avances cara á excelencia do sistema educativo público galego —insisto— no entorno económico que nos vén enriba, que requirirá un importante esforzo adicional da Administración e da comunidade educativa; o que, polo tanto, vai requirir unha vez máis grandes doses de traballo e de impulso do noso sistema educativo.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)



Réplica da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Señorías, agradezo os sutís atisbos de colaboración, pero, con sinceridade, respecto das críticas e lexítimas diferenzas penso que as dimensións da situación creada pola covid-19 merecerían outro tipo de intervencións por parte dos representantes dos galegos e das galegas. A verdade é que é unha decepción que algúns de vostedes recriminen que a conselleira de Educación non comparecese antes na Deputación Permanente ou que argumenten que desde a Administración educativa non se está a dar a cara porque os seus responsables están pechados en San Caetano. Espero, señor Rodríguez, que poña atención nesta miña segunda intervención para que tome nota dos anuncios ou das posibles respostas que estou a dar, porque parece que na primeira non estivo moi atento.

Estes tempos non requiren reproches baleiros, requiren arrimar o lombo e tamén requiren críticas construtivas. Saben que a actividade do Parlamento de Galicia non é a ordinaria, xa que tamén son tempos excepcionais derivados dunha convocatoria de eleccións que o coronavirus obrigou a suspender; o que, polo tanto, alterou a organización e o funcionamento habitual. En calquera caso, xa expliquei as diferentes medidas da Consellería de Educación, que amosan que houbo anticipación na reacción coa suspensión das clases e que, polo tanto, hai acción de goberno.

Nestas circunstancias excepcionais e urxentes, ¿o sensato non é primar a execución de medidas e despois render contas? Por unha vez, pensando máis no ensino que no desgaste a un goberno, poderían ter escollido emular a oposición portuguesa, que tanto admiramos e tanto admiran nas redes sociais; ou mesmo ter seguido o exemplo dado no Concello de Madrid pola concelleira de Más Madrid Rita Maestre.

Os importantes retos que temos diante non merecerían esa actitude. O alumando, as familias ou os docentes non merecerían esa actitude despois de máis dun mes de confinamento pola pandemia. E tras escoitar as súas intervencións, creo que os cidadáns puideron comprobar que hai tres formas á hora de afrontar esta grave situación: a dos que critican dicindo que hai que facer cousas pero non propoñen alternativas, a dos que teñen que actuar pero prefiren mirar cara a outro lado e fuxir do que lles corresponde facer, e a dos que fan todo o que poden con acertos e correccións pero traballan por resolver cousas. Con humildade, xa que mo di a señora Chao, nese exercicio que ela me pide de humildade e respecto, creo que a Consellería está na terceira destas actitudes. E moi ao meu pesar teño que lamentar que os grupos da oposición elixan máis a crítica que o recoñecemento dos acertos. Poño por caso un: ¿non merece unha mención de acerto a anticipación á medida de suspensión das clases presenciais? Houbo comunidades autónomas que recoñeceron que non adoptaron antes esa medida porque desde o Goberno central había presións para non xerar alarma. É simplemente un exemplo. ¿Non sería oportuno recoñecer hoxe a valentía que tivo a Xunta nunha decisión esencial para frear o contaxio dos virus? A Consellería pode entender que expresen discrepancias e controlen a acción do Goberno, pero cremos que a gravidade da situación merece que tamén haxa apoio nos acertos e achegas de ideas alternativas realizables.



Teño que admitir que o Bloque Nacionalista Galego tivo o 23 de marzo unha actitude moito máis proactiva, e mesmo chegou a entregar un documento con propostas á Xunta. Aínda así, o ensino non mereceu un apartado específico, ningunha medida concreta, agás recoller un apunte enmarcado no peche das instalacións de actividades públicas e privadas —que para esa data xa se estaba a executar por parte da Consellería—. E aí vou a unha das respostas que me piden. Esa proposta do BNG chegou cando esa medida xa estaba adoptada. Respecto dos equipos directivos, tanto o 15 de marzo como o 21 de marzo, precisáronse as instrucións de permanencia por acordo do Centro de Cooperación Operativa, Cecop, que aínda hoxe continúan vixentes. As instrucións de permanencia do profesorado, da permanencia dos equipos directivos, mudáronse porque o día 14 foi cando se declarou o estado de alarma. Polo tanto, mudáronse a posteriori. Probablemente, a priori non sabíamos cal era a magnitude da pandemia. Mesmo algúns directores e directoras así o pediron, pedírono expresamente por razóns varias relacionadas con equipamentos, co mantemento de plataformas e, fundamentalmente, de equipos que teñen, ademais, obradoiros, talleres e instalacións de alto custo e de necesario mantemento. Polo tanto, parécenos que estas medidas garantiron suficientemente tanto a saúde dos equipos como a necesaria cobertura mínima do servizo educativo.

Tamén é verdade que o Grupo Común da Esquerda difundiu o 7 de abril un documento, no que as propostas en materia educativa parecían ser máis desexos ca medidas concretas. En calquera caso, desde comezos de abril o único que aportaron os grupos da oposición foi a reclamación de que a Consellería de Educación dese certezas nunha pandemia sanitaria que muda constantemente e que, polo tanto, obriga a medidas provisionais e á readaptación en función das novas circunstancias.

Fan a diagnose de que hai unha fenda dixital no ensino que hai que resolver. Critican a Xunta por unha situación estrutural e, por suposto, non recoñecen que o feito nestes anos permitiu, se non unha solución total, polo menos unha resposta paliativa. Porque é indubidable, como vostedes sinalaron, ese esforzo e ese mérito do profesorado que está atendendo con medios telemáticos o seu alumnado. A Xunta recoñéceo, valórao e agradáceo, por suposto. Mais algo influiría nisto o traballo da Consellería creando as condicións propicias e axudando con proxectos como Abalar, a Estratexia Edudixital e a rede de formación permanente de profesorado en cuestións relacionadas coas TIC. Lembremos as 5.000 licenzas concedidas ao profesorado galego nos últimos dez anos para a elaboración dun banco de máis de tres mil recursos dese espazo Abalar, que neste momento, máis ca nunca, están a ser utilizados.

Evidentemente, o reforzo desas ferramentas *on line* para atención ao alumnado e eses kits informáticos —ordenador e conexión á Internet— para máis de 2.700 alumnos, a día de hoxe, como dicía, xa están en 7.500 porque os equipos directivos dos centros e dos centros de formación e recursos puxeron á disposición das familias todos os equipos informáticos. Evidentemente, se hai máis de 7.500 equipos repartidos é porque o alumnado que os necesita está identificado. E que saiban vostedes que nesa repartición que se fixo de tres a cada centro, para facer unha repartición proporcional, houbo centros que renunciaron a eses tres equipos para pasarllelos a outros centros que os necesitaban máis. E que saiban tamén que nesta segunda rolda de entregas de equipos informáticos precisamente se tiveron en conta eses centros nos que aínda as necesidades non estaban cubertas.



Aproveito para dicirlle, señor Caballero —que fala de que isto é unha minucia—, que, ao lado dese 4 % que en España o Ministerio de Educación tivo a sorte de destinar a Galicia, pois a verdade é que tamén nos parece bastante insuficiente. É dicir, de toda a distribución que se fixo desde o Goberno de España, a nós tocounos un 4 %. E digo máis: o que nos enviaron foron tarxetas de conexión sen nin sequera ter un sostén. É dicir, tivemos nós que poñer ese pincho para introducir as tarxetas, que, ademais, teñen caducidade. Polo tanto, é mellor ser relativistas e falar de cada un cando saiba o que ten.

Respecto desa fenda dixital, pois, evidentemente, vostedes falan de datos de conexións e de datos de equipos. E falan, ademais, dunha enquisa, que en termos de mostraxe non se sabe moi ben que tipo de estratificación demostra nin que marxe de erro ou que nivel de confianza; polo tanto, non ten unha fiabilidade estatística. Eu falo dos datos que temos e, ademais, de datos asépticos, porque non proveñen de ningunha organización vencellada ao ensino.

No que se refire á cobertura de Internet en Galicia, máis do 99 % dos galegos dispoñen dela —contabilizando redes fixas e redes inalámbricas 4G—. No que respecta á cobertura de Internet nos fogares galegos, preto do 89 % teñen contratado Internet, segundo os últimos datos do INE publicados o pasado mes de outubro. No relativo ao uso das TIC, segundo os datos do estudo *A mocidade e as TIC, 2019*, elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia, entre a poboación moza, por debaixo dos 35 anos, o uso de Internet é practicamente universal, o 99 % dos fogares galegos onde conviven nenos e nenas en idade escolar, ou estudantes de máis de 16 anos, dispoñen de acceso á Internet en banda ancha, que o 92,5 % dos fogares con nenos de 3 a 16 anos e máis do 96 % dos fogares con estudantes maiores de 16 anos dispoñen de ordenador. Segundo datos PISA 2018 para alumnos de 16 anos, o 5 % dos alumnos non dispón de ordenador na casa, o 27 % dispón dun ordenador, un 36 % conta con dous ordenadores e un 32 % ten na casa tres ou máis ordenadores. Ademais, en Galicia existen recursos profesionais eficaces dispoñibles para docentes en máis dun 70 %, tal e como apunta un estudo da Fundación Cotec para a Innovación, que toma en consideración o traballo elaborado por Save the Children, Empieza por Educar, o Banco Mundial e universidades como a Complutense ou a Universidade de Harvard. Estes son os datos que nós temos respecto desa fenda dixital ou da situación dos equipos dixitais.

Con isto non estou para nada, para nada, a quitarlle importancia á existencia desas familias que teñen problemas de conexión. Este é un traballo en cascada. Polo tanto, os directores dos centros, representados nesa Xunta Autonómica de Directores, cos que me reúno todas as semanas desde que comezou este estado de alarma e a suspensión das clases, ¡todas as semanas!, son os primeiros receptores desas demandas. Eles teñen que poñer en coñecemento das inspeccións, dos centros de formación e recursos e das xefaturas territoriais esas demandas. E, desde a Consellería de Educación, intentamos responder a esas demandas no tempo máis áxil posible. Como digo, a día de hoxe, estamos a falar de 7.500 equipos repartidos por toda Galicia, máis outros 2.750 que empezaron a ser repartidos na semana na que estamos.

Respecto das oposicións, a vontade da Consellería de Educación foi sempre manter o proceso da OPE 2020, ¡sempre! E sempre en función das indicacións das autoridades sanitarias e do estado de alarma, e procedendo a revisar os prazos se é preciso.



Falaba a señora Chao desa angustia vital que isto lles producía aos estudantes das oposicións —moitos deles exalumnas e exalumnos meus, polo tanto estou absolutamente empatizada con este colectivo—, a angustia que lles producía pensar en que ían ter as oposicións nesta situación. Nós, na Consellería, recibiamos esas cartas, e tamén recibiamos cartas dos opositores aos que lles produce angustia pensar nunha estabilidade nun emprego, que vai ser probablemente nos vindeiros meses o máis desexado para moitas familias galegas. Se os datos non nos fallan, estamos a falar do 20 % do paro. Polo tanto, tamén hai persoas angustiadas porque saben que a única oportunidade que tiñan nos vindeiros meses de ter unha estabilidade no emprego eran as oposicións.

Polo tanto, nese exercicio da empatía, eu empatizaba con uns e empatizaba con outros. E sempre dixemos desde a Presidencia da Xunta, e desde a Consellería de Educación, que, se se nos garantía que as medidas sanitarias ían ser as oportunas —teño que dicir que nunca se confinaron vinte mil persoas nunhas oposicións, nin con covid nin sen covid— se as garantías eran as oportunas, celebraríamos as oposicións, e puxemos como data límite ese 26 de abril polos prazos administrativos. Evidentemente, cando o presidente do Goberno comunicou a pasada fin de semana esa prolongación do estado de alarma, e cando o ratificou hoxe, e ademais cos votos do Partido Popular no Congreso dos Deputados, tomamos a decisión de que polo tanto non estabamos en prazos administrativos. Nunca mudamos de postura e sempre tivemos esa dobre empatía, porque insisto en que a angustia tamén está nas familias que perden unha oportunidade de emprego. Iso en canto ás oposicións.

Falamos do exercicio das competencias. Tamén foron vostedes repetidamente dicindo ese tema da terceira avaliación. É moi curioso e hai unha certa contradición na súas quendas de palabra. Por unha banda, parece que hai moita presión para que digamos como se vai avaliar os alumnos e, por outra banda, aquí mesmo dixeron outros representantes dos grupos da Cámara que a avaliación agora xa non ten importancia. A ver se se poñen primeiro de acordo entre vostedes e me dan unha idea moito máis homoxénea. Foi así, foi tal cal; é dicir, houbo grupos que faláron de que era moi importante xa dicir como ía ser a terceira avaliación e outros grupos que dixeron que a avaliación nunha situación coma esta non era importante.

Efectivamente —e iso tamén o tivemos en conta cando se suspenderon as clases—, as dúas semanas seguintes á suspensión de clases foron semanas nas que probablemente o que menos importaba era a avaliación. E por iso tamén —e ademais isto evidentemente tamén o dixo o Ministerio de Educación e fomos leais no seu día— tivemos que pechar a segunda avaliación sen ter en conta a materia que se deu nos quince días de suspensión de clases. Fomos absolutamente empáticos de novo —e o ministerio tamén o foi nese sentido— con eses quince días nos que as familias estaban a todo menos a pensar qué ía pasar coa segunda avaliación. E xa lles comento que, efectivamente, isto tamén vai pasar na terceira.

Falaban vostedes de que pasaba co adianto de material. Evidentemente —e iso está recollido nese documento, ao que o señor Caballero lle dá máis seguridade xurídica que a unha orde que está sen publicar— nese documento efectivamente se falaba desa terceira avaliación e se dicía que, aínda que se adianten contidos, o que está claro é que eses contidos que se adiantan non van ser avaliábeis. Isto está xa nas instrucións que están no portal da Consellería de Educación.



¿Que pasa con esa terceira avaliación? Pois coa terceira avaliación o que pasa é que necesitamos unha seguridade xurídica para saber que criterios de promoción e de titulación se van manter, porque neste momento, como vostedes saben, hai unha lei orgánica en vigor, que non lle gusta moito ao Ministerio de Educación, e moito tememos que o Ministerio de Educación aproveite esta situación excepcional e de alerta para ir sutilmente colando algúns dos criterios que vai ter a nova lexislación. E, evidentemente, no seu día teremos esa discusión, teremos esa discusión no Congreso dos Deputados, e terémola aquí nesta cámara, pero o que está claro é que non podemos aproveitar un estado de ansiedade e de alerta sanitaria para ir colando subliminalmente artigos que van constituír unha lei que aínda non está aprobada no Parlamento.

Polo tanto, instamos de novo o ministerio a que, por favor, incorpore as alegacións que lle temos enviado, e tamén o instamos a que publique dunha vez por todas esa orde, porque, por moito que vostede, señor Caballero, diga que o importante é o documento, cremos que o que ten realmente seguridade xurídica é a orde, e a orde por agora é un borrador que está entre outras cousas sen anexos, porque están en branco.

Polo tanto, esperamos que o ministerio responda coa maior brevidade posible, e eu xa me puxen á disposición da ministra para chegar a ese punto de acordo, sempre e cando se engadan as alegacións, que fundamentalmente van no tema da promoción e da titulación, entre outras cousas porque non podemos permitir que haxa desigualdades territoriais e non podemos permitir que haxa desigualdades intraterritorio nos criterios de promoción e titulación. Isto en canto á terceira avaliación.

Falaba a señora Chao da universidade, do estudantado. Fíxese se eu son consciente dos problemas dos estudantes que fun mediadora entre o propio ministro de Universidades e o Reitorado da Universidade de Santiago na problemática que se está a levar por esas mobilizacións estudantís. Fíxese se son eu consciente da problemática que teñen os estudantes da universidade que fun eu quen falou directamente co ministro por ese tema. E son tan consciente que onte tamén, nesa xuntanza que tiveron cos reitores, lles pedín —como dicía— homoxeneidade.

Creo que as tres universidades están a facer un excelente traballo, publicando ademais documentos moi claros sobre cales van ser as metodoloxías e os criterios e tamén as formas de avaliación. Hoxe mesmo había consello de goberno na Universidade de Santiago e na Universidade da Coruña, a vindeira semana hai consello de goberno na Universidade de Vigo, e estou totalmente segura de que os tres reitores, como manifestaron onte, farán o posible para facilitarlles aos alumnos a nova situación que estamos a vivir e tamén —de paso coméntollelo— a situación que van vivir no vindeiro curso, no que sabemos perfectamente que as situacións económicas das familias non van ser as mesmas. Eu tamén lle transmitín isto ao ministro de Universidades en canto á política de bolsas universitarias, en canto á política de taxas.

Non me queda moito máis tempo; despois, na seguinte réplica, no remate, engadirei algunha cuestión máis que me solicitaron vostedes, pero quero reiterar a actitude exemplar do conxunto da comunidade educativa, que obriga e que reforza o compromiso da Consellería de



Educación, Universidade e Formación Profesional de traballar dando o mellor para lograr máis acertos que desacertos na xestión dunha situación excepcional e que afecta persoas en todo mundo, nunha faceta tan sensible como é a saúde, que evidentemente é prioritaria.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos agora á rolda especial de aclaracións dos grupos parlamentarios.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Primeiro de todo, queríamos retirar as preguntas anteriores. Como ben dixo a conselleira, non é que non prestemos atención. A verdade é que non todos entendemos de todo, e eu son o primeiro e colóuseme. Oxalá vostedes rectificaran tan facilmente cando se confunden, pero non, vostedes teñen a realidade absoluta. Se metera un gazapo e non atendera nunca, pois moitos dos que estamos aquí xa estaríamos na casa, pero, ben, facémolo con boa vontade e rectificando, que nós non temos problema en rectificar. Oxalá o conselleiro anterior atendera, porque lle fixemos creo que vinte ou trinta preguntas entre todos os grupos da oposición e non contestou a ningunha, e vostede das que lle preguntaron outros grupos da oposición, non nós, tampouco contestou a todas. Pero ben, alá o ego de cada un. Nós aquí escoitamos e trasladamos inquedanzas —eu polo menos— non de forma persoal, pois moitas veces chama a familia, chama persoal docente, chama estudantado, e traemos aquí as súas inquedanzas. Eu non son un experto na materia.

Con respecto ás familias, das que deixei de falar antes na última intervención, onde quedei, son outras das grandes protagonistas deste confinamento, as que poden acompañar presencialmente o alumando, os que estamos todos os días cos nenos e coas nenas. A primeira demanda non contestada por parte da consellería foi este colectivo. Vostede, a consellería, non escoitou as distintas ANPA (Confapa e ANPAS Galegas), que, a través de distintas organizacións, pediron que se escoitaran; vostede creo que as convocou onte; levamos trinta e pico días de alarma sanitaria, de emerxencia sanitaria.

A colaboración familia–escola é fundamental nestes casos, convértese en prioritaria no momento actual, e a comunidade educativa debe de participar na elaboración de propostas e no seu desenvolvemento na medida das súas posibilidades. Pero aquí é onde entran a cooperar todos os axentes implicados, e entre eles están as familias, co obxectivo común do mellor para os nosos nenos e para as nosas nenas.

Tamén traemos alternativas, pero, ben, todos os conselleiros e conselleiras que veñen aquí din que ninguén quere facer caso, só vostedes teñen a verdade absoluta. Eu voulle dicir tres ou catro que nos parece que poden ser boas para a súa consellería, que é implementar un



novo plan integral de mellora da calidade de vida dos nenos e das nenas e adolescentes durante este estado de alarma. Hai que poñer en marcha moita máis programación educativa e desenvolvemento axeitado para a infancia e a mocidade; pensamos que é pouca a que agora mesmo se está emitindo na canle pública galega. Prestarlle asesoramento ao profesorado —esta é unha demanda do profesorado— na programación das súas propostas, para que por parte da inspección educativa dos respectivos centros de formación e recursos se elabore unha guía específica para o profesorado e os equipos directivos dos centros. Máis canles de cooperación entre representantes do profesorado e as ANPA, como comentabamos —creo que os convocou onte—. E unha guía específica para as familias, con selos e indicacións sobre a atención ás fillas e aos fillos no eido educativo.

Despois, no tema da fenda dixital e social —que o señor Puy di que existe e vostede di que non—, pensamos que unha rede pública universal que dea acceso a recursos dixitais e educativos é primordial.

E, xa para rematar, pensamos que convocar o Consello Escolar é unha ferramenta moi potente que temos, e non se sabe por que vostedes, con toda a que se nos veu enriba, aínda non foron capaces ou non foron quen ou non quixeron ou non puideron aínda, pero levamos trinta e seis días sen convocar o Consello Escolar, que pensamos que primeiro ten que saber de primeira man cal é a situación, e ten ferramentas suficientes para elaborar propostas que poidan ser útiles para a súa consellería.

Nada máis. E, xa para rematar, volver ensalzar tanto o traballo dos nenos e das nenas como o do persoal docente e das familias por estar levando a cabo da mellor forma posible esta crise.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi boa tarde.

A verdade, señora conselleira, non entendo moi ben o seu enfado. Non entendo moi ben o seu enfado porque nós aquí viñemos cun afán construtivo para poñer sobre a mesa aquelas cuestións que nós cremos que ten que mellorar a consellería, e pode crerme que, cando nós estamos sinalando que hai un problema de conexión, non o facemos por desgastar o Goberno; facémolo porque hai un neno ou unha nena deste país que non está tendo a educación e que está nunha situación de desigualdade, e cremos que a súa obriga é atendela, non atacar a oposición, como acaba de facer vostede na súa intervención. Creo que vén co pé cambiado a este debate —permítame que llo diga—, porque a nós desde logo preocupáanos moitos que se estean dando circunstancias que non atende o sistema educativo.



E vén aquí única e exclusivamente a dicirnos que se repartiron tantos ordenadores. ¿Chegan eses ordenadores? ¿Preocupouse a consellería de saber en cantas casas serve a conexión, se a hai, para poder facer unha videoconferencia con calidade? ¿Preocupouse a consellería por saber se nesas fogares no que as estatísticas din que pode haber un ordenador hai unha familia na que tamén se ten que facer teletraballo e que polo tanto ese neno ou esa nena están quedando atrás?

E nós falámoslle duns datos que son os únicos que se teñen feito públicos. Animo a consellería a que faga un estudo en profundidade sobre esa cuestión, porque forma parte das súas competencias e estariámonos preparando ante un escenario futuro no que desde logo a nós nos parece que estas cuestións son importantes.

E, de verdade, creo que hai algúns aspectos que hai que aclarar. Ningún dos grupos tiñamos interese en que se suspendesen as oposicións, pero o que lle estabamos reclamando á Xunta é que houbera claridade a respecto dun tema que é tan importante para o futuro de miles de persoas. E o que estabamos dicindo desde hai semanas é que todo parecía indicar que ía ser imposible, por cuestións sanitarias, xuntar tantísima xente nun mesmo recinto pechado e que o lóxico era darlles clareza ás persoas que estaban preparando esas oposicións. E o que nos parece que está ben é que se anuncie por fin, aínda que sexa un anuncio que tivo que facerse hai semanas. Porque é certo que detrás das oposicións hai elementos que son moi importantes: primeiro, para a vida das persoas e, segundo, para darlle estabilidade ao sistema educativo, o que a nós nos preocupa.

Eu fíxenlle algunhas preguntas que por algunha razón —supoño que se esqueceu na súa intervención— non nos contestou dunha maneira clara. E non é para que me responda a min, é para que lles responda ao profesorado e ao alumnado, ás familias que están agardando certezas por parte da Xunta de Galiza. Nós queremos saber como se prevé este fin de curso, ¿que vai pasar coa terceira avaliación?, ¿que defende a Xunta?, ¿que vai pasar co curso escolar?

¿Cre a Xunta que se van retomar as aulas nalgún momento, si ou non? Creo que esta é unha previsión importante para moitas familias, entre outras cousas, porque ten moito que ver con como van poder organizar as súas vidas para conciliar. E se se ten previsto retomar ou non o curso é unha cuestión importante desde o punto de vista educativo e tamén importante desde o punto de vista da conciliación familiar de moitas familias.

Queremos saber que perspectivas teñen de cara ao curso 2020–2021. ¿Van incorporarse como actividade docente os contidos que non se puideron dar neste curso? ¿Como se vai programar ese inicio de curso? ¿Que previsións hai ante un posible rebrote nesa etapa? ¿Como se está preparando o sistema educativo galego para prever que non se repitan os erros que se deron agora? Creo que son cuestións lóxicas que a Consellería ten que dicirnos e que, desde logo, nos gustaría coñecer cal é a súa posición.

E no mesmo sentido dicímoslle que ten que haber unha mesa de diálogo coa comunidade educativa. Vostede vaise reunir despois de corenta días de ter paralizadas as clases por primeira vez cos representantes dos traballadores e das traballadoras do ensino. Creo sinceramente que



esa era unha medida básica para ter diálogo coa comunidade educativa, que llo estaba reclamando todo o mundo, desde os sindicatos, as asociacións de nais e pais de alumnos, as asociacións pedagóxicas e o alumnado. Non pode vir aquí e botarnos a bronca por pedirlle que teña diálogo coa comunidade educativa. Isto é o mínimo que debería vostede de facer.

Seguimos dicindo que ten que haber criterios de avaliación claros, equitativos e axustados á realidade actual e ás desigualdades producidas. E tamén cremos que a Xunta pode tomar decisións que non dependen do Goberno central, porque as propostas que o BNG lle puxo sobre a mesa de que no curso que vén non haxa taxas universitarias e que se incrementen as bolsas son dúas propostas que pode tomar a Xunta. Polo tanto, o que lle pedimos é que non derive responsabilidades e bote balóns fóra; entre outras cousas porque penso que, con toda a modestia e con todos os fallos que puideramos ter, nesta crise, se algo tivemos moi claro desde o BNG, era nun primeiro momento e neste momento que hai que seguir arrimando o ombro para que a sociedade saia o mellor parada desta crise. Que o fixemos aportando as nosas ideas e a nosa colaboración, e que o fixemos coa mellor das vontades.

Recoméndolle, se ten algún tempo ao longo destes días —que me imaxino que é pouco—, pero á hora de valorar cal é o papel da oposición...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que lea unha intervención do señor Pablo Casado no Congreso, verá cal é a diferenza.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Común da Esquerda, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

E grazas, por suposto, ás traballadoras da Cámara que están facendo posible esta deputación permanente.

E hai que ver, señor Puy, como cambia aquí o conto da estatística; é curioso ademais vindo dunha persoa como vostede. As cifras que obviaba cando falabamos da sanidade... Aí vese que non importa o número de camas por habitantes, non importa o número de médicos por paciente. Pero chegou o ensino e aquí sacamos arriba a bandeira dos 10,2 alumnos por profesor, obviando o feito que vostede sabe perfectamente de que esta cifra ten trampa, toda vez que temos aulas con cinco e seis alumnos e temos outra con trinta. Xa sabe iso de como vai o da media.

Pero ao que iamos. Díxeno antes: nós entendemos que non é o momento da batalla nin da confrontación, xa chegará. Polo tanto, non entendemos esa —se mo permite, conselleira—



sobreactuación que tivo pola súa banda. Nós trouxemos propostas concretas, máis de dez formuleille no día de hoxe, e temos elaborado máis en semanas anteriores. E vostede veu aquí dicir que, claro, que eran desideratos, non eran propostas. Ben, dígalles iso aos sindicatos, dígalles iso ás ANPA, dígalles iso ao estudantado, que son as persoas que estiveron traballando nestas propostas. Eu pediríalle un pouco máis de respecto.

E se quere recoñecemento, non temos ningún problema. ¿Quere recoñecemento pola nosa banda? ¡Vaino ter! ¿Acertaron pechando as aulas antes que o anuncio do estado de alarma? Si, acertaron; niso acertaron. ¿Acertaron hoxe, por fin, escoitando o colectivo de opositores que levaban semanas dicindo que non se podía manter este despropósito? Si, acertaron. Pero, se nos permite, temos dereito a considerar que erraron ignorando a súa voz durante tantas semanas, que erraron facendo anuncios a través da televisión con este tema tan sensible. Así que, si, hai cousas nas que acertaron e hai cousas nas que se equivocaron. Pero en canto somos un grupo da oposición o que nos toca é preguntar e poñer propostas enriba da mesa para —como dicía— intentar avanzar.

Como non dixo nada respecto das nosas propostas, senón que as ignorou, vou insistir noutras preguntas que baixo o meu punto de vista vostede non respondeu axeitadamente na súa rolda de réplica:

¿Por que tanto silencio nestas semanas? É unha pregunta clara.

¿Por que non se enviaron aínda instrucións sobre o terceiro trimestre ao profesorado? Porque iso que dixo ou que eu crin entender de que estaban sendo sensibles e non querían atropelarse, cando van seis semanas parece un pouco de burla. Eu creo que a consellería podería ter a planificación mínima para ter unhas propostas que poñer enriba da mesa cando empezara o terceiro trimestre. Vai sendo hora, non o fixo aínda.

Pregunta moi concreta: ¿vai sentarse a falar cos representantes do estudantado universitario, si ou non? Respóndese nun segundo.

¿Que está facendo para solventar todas as incidencias informáticas que se están dando?

¿Cales son as súas cifras concretas respecto da realidade da fenda dixital? Porque vostede usou uns datos que sinceramente nos sorprenden. Segundo o último estudo que se fixo en Galicia —xa que non lle vale ese que fixeron as ANPA, nin lle vale o da CIG, e posto que vostede non ten ningún, pois acudimos a fontes oficiais—, fíxese: o dato de 2018 di que o 13,2 % da poboación en Galicia non ten unha conexión suficiente; entón, dende logo, ese dato sorpréndeme. E sorpréndeme que non se esforcen en poñer enriba da mesa a realidade específica do alumnado.

¿Quen pode usar eses equipos que ten na casa? Como aquí se lle dixo, pode ser que haxa un só equipo informático que estean usando as nais ou os pais para facer teletraballo.

En fin, vostede non ten datos suficientes para facer as políticas axeitadas. Entón, pedímoslle que, por favor, faga un esforzo nesta materia e aumente os recursos destinados para loitar



contra a fenda dixital e, por suposto, aumentar os recursos para loitar contra a fenda social, que disto vostede non dixo nada e, lamentablemente, señor Puy, vostede tampouco.

Tiveron tempo entre os dous para responderme a algo do que lles dixen respecto das necesidades de atención específica, e non dixeron absolutamente nada. Claro, porque é que esta consellería non pode dicir absolutamente, porque dende que se implementou o estado de alarma, dende que se suspenderon as clases os nenos e as nenas que teñen necesidades de educación específicas foron abandonados e abandonadas á súa sorte. Por favor, díganos que vai facer e que medidas concretas vai desenvolver. Iso é o que nós, señor Puy, lle chamamos equidade. E creo que é o que o sistema educativo entende por equidade, ou sexa, non deixar a ninguén atrás.

Máis preguntas: ¿vai permitir que os centros educativos dediquen os recursos que teñen a completar e poder buscar outros equipos dispoñibles?

¿Van aumentar o profesorado para o curso 2020-2021? Pensamos que isto é un asunto fundamental porque sabemos que vai haber unha sobrecarga no sistema que dalgún modo vai ter que atender.

Temos moitas máis preguntas, pero remátaseme o tempo. Así que dende o noso grupo queremos facerlle unha última reflexión. Nós entendemos que o ensino público é un pilar fundamental do estado do benestar, que, como saben —sábeo vostede, admitiuno antes—, o ano que vén vai pasar por unha situación de extremada necesidade. Imos ter que reforzar todos os recursos necesarios para loitar contra os efectos da crise económica. Por iso, dende o noso grupo propoñémoslle un gran pacto a favor de blindar o ensino público, a favor de que as nenas e nenos de Galicia non teñan que pagar sobre as súas costas os efectos desta crise. E para iso hai que falar de orzamentos, para iso hai que falar de máis profesorado, hai que falar de recuperar as prazas. Se quere un gran pacto polo ensino público, vai contar sempre coa nosa colaboración.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: E remato xa, non sen antes facer unha consideración sobre o dereito á información que hai en Galicia. Hoxe había miles de opositores e opositoras vendo esta comparecencia a través de internet, ¿por que? Porque a televisión pública se nega a emitir esta comparecencia. Hoxe unha persoa en Galicia podía estar vendo o debate que estaba tendo lugar no Congreso dos Deputados; en cambio, non tiña a posibilidade de ver na televisión pública o que estaba pasando neste parlamento. Nós consideramos que ten que cesar o apagón informativo, ten que cesar a censura informativa en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señoras e señores deputados.



Nós cremos que a Consellería de Educación ten que orientar e tomar as medidas axeitadas. E non vimos a esta deputación permanente a que o Goberno intente dicirlle á oposición o que ten que facer en cada unha das sesións; sería o mundo ao revés.

E quero lembrarlles ao grupo maioritario e ao Goberno de Galicia a situación excepcional na que está a comunidade autónoma, que implica xustamente que o rendemento de contas teña que ser aínda maior. Porque despois de terse convocadas unhas eleccións son a prórroga e o aprazamento dese período electoral os que permiten que o Goberno siga actuando nunha situación excepcional xustamente polo consenso ante a situación crítica que todos entendemos que existe das forzas políticas. Polo tanto, pediríalles esa realidade, unha actitude distinta no plantexamento. Non lle corresponde ao Goberno plantexar o nivel de argumentacións ou as diferenzas que existen entre os grupos da oposición porque non gobernamos. O que si vemos é que hai decisións que se puideron tomar e que non se fixeron, e que hai cuestións nas que temos que orientar.

Eu non sei se esta crise nos colle nun magnífico momento, nun moi bo momento do sistema educativo. O que si vexo, no que afecta directamente a crise da covid, é que hai moitas dificultades para adecuarnos aos tempos nos que estamos vivindo e que a fenda dixital é moi preocupante. Eu creo que das verbas da conselleira —que ela mesma logo matizaba— se desprendía unha imaxe que non se corresponde coa realidade do país. Hai un problema de dixitalización en boa parte dos fogares en Galicia. Incluso cando nas enquisas á cidadanía se recoñece ou os nenos recoñecen que teñen acceso, o lugar dese acceso, a calidade do acceso e os datos necesarios para o acceso para seguir actividades escolares ou de mellora de competencias implican limitacións moi grandes. Este é un problema real. Non fallen no diagnóstico. Necesitamos entender que hai unha fenda dixital en Galicia, que hai unha dificultade para moitas familias en momentos en que están todos os fillos na casa e os pais traballando para poder ter as necesidades de datos suficientes e os métodos de conexión. E ese é un reto que temos para conseguir de cara ao futuro.

Creo que o discurso de anticipación —que é recorrente— é un erro, e eu quero clarificalo con total transparencia. A Consellería de Educación suspendeu a actividade lectiva de forma voluntaria para o venres día 13 de marzo; ese mesmo día decretouse pola tarde o estado de emerxencia e ao día seguinte o estado de alarma. O día 16 o estado de alarma suspendeu xa a actividade lectiva en todo o Estado de España. Se a anticipación á que se fai referencia é esa posibilidade opcional de non acudir ás aulas o día 13 é bo concretalo e dicilo, pero non xoguemos a lanzar grandes titulares que non se corresponden coa realidade do país. E non lles pido nin a vostede nin ao Goberno que tiveran a capacidade de anticipar algo que o conxunto dos gobernos non anticipou, simplemente que non tenten reconstruír unha realidade dun xeito en que non foi.

E a partir de aí, eu creo que hoxe os opositores de Galicia escoitaron algo que estaban esperando, algo que o conxunto das forzas políticas da oposición lle pedimos ao Goberno de Galicia. Chegou tarde, chegou mal, chegou ademais dunha posición que estou seguro que non vén dada pola Consellería de Educación, porque o presidente da Xunta xa nos trasladou que el ía tentar manter esas oposicións no mes de xuño aínda este domingo. E no fondo o que queremos ver é cal era o plantexamento de por que o presidente da Xunta facía unha aposta



de algo que todos os datos evidenciaban que ía ser inviable facer con garantías de saúde no mes de xuño e cal era a orientación que tiña esa medida. Por iso non lle pedimos que vostede recoñeza o erro de non ter especificado o calendario con anterioridade, porque probablemente esa decisión corresponde a quen preside a Xunta.

¿Propostas? Claro que temos propostas. Nós xa plantexamos que o acordo sectorial adoptado entre o Ministerio e as comunidades está ben orientado, que plantexa algo razoable: manter unha actividade ao longo deste trimestre non presencial, que non se poida avanzar nos contidos propios pero si complementar, recuperar materias, que os nenos e nenas non teñan que repetir curso por estas circunstancias.

Pero facémoslle máis propostas para que as asuman con claridade: hai que reforzar todos os programas de comedores escolares, hai que reforzalos. Vostede facía referencia a trinta mil usuarios, hai outros datos que falan de corenta e cinco mil, e quería que nos aclarase cal é esa diferenza porque hai que cubrir os comedores das ANPA e tamén dos concellos, e hai que negociar coa Fegamp para así facelo.

Ademais, hai que garantir a oferta pública de emprego para Educación para o ano 2021 con todas as prazas que saian este ano incrementadas por todas aquelas que sexan posibles o ano que vén. Hai que adoptar un programa de dixitalización para os estudantes, que inclúa equipos informáticos e datos, para unhas circunstancias que non podemos prever, pero que poderían implicar que con calquera rebrote na fase de desescalada poidamos volver a un escenario no que as clases presenciais non poidan ser viables nalgún momento. Por iso necesitamos tamén ese tipo de cuestións. E por iso hai que facer un mapa educativo concreto, fogar a fogar, concello a concello, para saber onde están as dificultades de cada un dos cidadáns.

Claro que hai medidas, e hai medidas importantes. Nós plantexabamos que as primeiras matrículas na universidade fosen gratuítas para os estudantes. É unha medida positiva que se pode aplicar e que, dende logo, está no noso compromiso cos estudantes universitarios en Galicia. Pero, ademais, había un modelo de libros de texto gratuítos que implicaban eliminar unha carga económica ás familias do país e que funcionou ben, e que é un modelo que pode seguir funcionando e que se pode implementar. É o momento tamén de quitarlles ás familias esa carga...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e, dende logo, de buscar un espírito de cooperación coa comunidade educativa, cos sindicatos que representan o mestrado e todo ese tipo de planteamentos.

E unha última medida: un programa específico para reforzar a actividade educativa para os alumnos e alumnas con diversidade funcional, para que todos e todas poidan ter eses mecanismos e incentivemos ese tipo de educación, que ten un compoñente moito máis perso nalizado e que é necesario.



Esa é a posición que temos. Claro que podemos recoñecer os acertos, pero temos que poñer as cuestións enriba da mesa e a comunidade educativa reclama moito máis. As competencias de educación están no Goberno de Galicia, son as competencias da Consellería.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E intentar buscar nas excusas do Goberno de España o que son erros propios non é o mellor mecanismo de actuación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Tendo en conta as horas case nin pensaba en saír, pero creo que despois das intervencións que escoitamos ben merece a pena facer algunha aclaración.

Señora Chao, de camas falamos no debate co presidente. Daquela tamén defendín un dato que de acordo co que nos informa o Sergas parece que é absolutamente certo: en Galicia nestes momentos, excluídas as camas psiquiátricas, hai máis camas hospitalarias que no ano 2009, tendo en conta, ademais, que a sanidade cambiou moito. Fíxese se cambiou —eu seiño por experiencia propia dunha intervención que tiven—, pero antes un desprendemento de retina implicaba que tiña que estar o paciente hospitalizado un mes boca abaixo na cama do hospital, hoxe coa cirurxía láser entra pola mañá e pola tarde, se todo vai ben, pode marchar á casa. Polo tanto, mesmo o concepto de cama hospitalaria, evidentemente, é un concepto que todos debemos ter en conta en relación ou proporción co tempo que un bota no hospital.

Falou tamén do apagón informativo da Televisión de Galicia. E falando de educación e de Televisión de Galicia, eu creo que é momento de darlle as grazas e felicitar a Televisión de Galicia pola iniciativa de estar emitindo todos os días na TVG2, de 11 a 13 horas, contidos informativos para precisamente os alumnos e estudantes galegos, e porque, ademais, teñen todos eses materiais educativos con acceso libre na web da propia CRTVG.

Tamén se dixo algo en relación coa inclusión. Efectivamente, o sistema é equitativo cando non inflúe a renda para ter bos resultados educativos, e o sistema galego ten uns resultados envexables por comunidades que teñen moita máis renda en España, como Baleares e outros. Polo tanto, primeiro, hai unha preocupación pola equidade, que ademais se manifesta nalgunhas das decisións que na pandemia xa especificou a conselleira, é dicir, que a equidade é para todo o sistema. Pero se vostede o limita aos problemas de inclusión, a verdade eu creo que os catro mil profesionais que nestes momentos traballan na atención á diversidade con practicamente todos os alumnos deste segmento, o 90 % están xa escolarizados nas aulas normais; hai catro mil profesionais que os atenden. Desde logo, pola novas que



nós temos hai unha atención permanente ao longo deste tempo vía telefónica de cando menos unha vez á semana. Polo tanto, eu creo que se está a facer un bo traballo e tamén hai que recoñecelo.

Señor Caballero, fixo unhas alusións á oposición. Hoxe aprendín algo, e é que a oposición en Galicia pode criticar a oposición en Madrid, que foi o que vostede fixo antes; pero, en cambio, a maioría en Galicia non pode opinar do que fai a oposición en Galicia, ¿non? En fin, perdoe por este tema, eu creo que nos parlamentos hai un proceso dialéctico entre o goberno e a oposición. Efectivamente, o goberno ten máis motivos para defender o ben que fai as cousas, e o que apoia o goberno tamén ten que desempeñar o proceso dialéctico de recordarlle á oposición algunhas cousas.

¿Que quere que lle diga? Eu non entendo moi ben como o PSOE critica tanto incluso a oposición en Madrid que lle está apoiando o estado de alarma, cando outros que o votaron para chegar a presidente do goberno non o están votando, e mesmo cando nós votamos tres dos seis decretos que van xa no Congreso, por exemplo, o Bloque non votou ningún. Entón, eu quero dicir que hai oposicións, hai oposicións e certamente falar nun parlamento sobre o que di a oposición pois parece o máis natural.

Si creo que perdeu unha ocasión, porque eu dixen o tema da actitude da Xunta desmarcándose. Vostede falou do que facía o PP fóra, pero certamente non eloxiou o que fixo a Consellería, que foi manter a lealdade institucional, facer alegacións e estar á espera da orde para cumprila, despois de tela tentado mellorar con esas alegacións. O certo é que algunhas veces un non sabe se é que a Xunta vai a rebufo do Goberno de España e outras veces parece que vai en contra e que non traballa con lealdade. Pero, en fin, eu creo que hoxe houbo un exemplo nesta cuestión importante de colaboración por parte da Xunta con lealdade.

En conclusión, hai un vello aforismo de Jorge Wagensberg —é vello relativamente, faleceu hai pouco— que di que o máis certo deste mundo é que o mundo é incerto, polo que toda boa idea está condenada a deixar de selo. Dígoo porque é verdade que pedir certeza nestes momentos é complicado. Eu entendo que todo o mundo quere ter certeza, pero o contorno no que estamos, cun virus descoñecido, é xustamente o que leva a que haxa máis incerteza. Fronte a iso, evidentemente, o que podemos é intentar facer escenarios con explicativas razoables. Por exemplo, vencellando o desescalamento ao retorno ás aulas e vendo como vai ese desescalamento, o cal á súa vez pode levar a outras decisións. Se o desescalamento dos que traballamos nos servizos é grande, loxicamente as aulas tamén poderán empezar a pensar en abrir. Pero a certeza é unha das poucas cousas que o Goberno non pode dar ao cen por cento nestas circunstancias.

Quero rematar agradecendo e eloxiando a comunidade escolar, porque creo que están a facer —falo tamén por experiencia directa— un grande esforzo, tanto a inmensa maioría dos profesores como a inmensa maioría dos alumnos, entendendo unha situación difícil de comprender segundo as idades que cada un teña. E animo a comunidade educativa a seguir traballando por un sistema de educación inclusivo e de calidade. E, conselleira, estou seguro de que vostede e o seu equipo apoiarán e axudarán a que iso se consiga unha vez que pase a pandemia.

Grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Peche desta comparecencia, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUDACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Antes de rematar esta comparecencia, quero dar as grazas tanto ao persoal do Parlamento como ao persoal que está a coidar e a velar pola nosa seguridade sanitaria.

Vou recoller algunhas das dúbidas ou cuestións puntuais que se plantexaron nesta segunda intervención dos grupos con representación na Cámara.

Respecto das súas críticas polo feito de que a Consellería non estea a falar cos sindicatos nin coas principais asociacións de ANPA, xa comentei na primeira intervención —penso que con detalle— esas trinta e tres xuntanzas telemáticas que desde a Consellería de Educación mantivemos no xa máis dun mes que levamos de confinamento, e tamén avancei esa xuntanza que teremos mañá coas ANPA e cos sindicatos. Pero quero lembrar que, á marxe destas xuntanzas e traballo telemático, os membros da Consellería mantiveron contactos telefónico e por escrito con representantes sindicais e asociativos da comunidade educativa. Polo tanto, creo que non se pode acusar nese sentido a Consellería de falta de comunicación, senón que, evidentemente, ao mellor ás veces os contidos desas comunicacións non coinciden plenamente coas expectativas.

Con respecto aos contidos na TVG, recollo a suxestión do señor Rodríguez, quen xa non está connosco, e poñereina enriba da mesa para ampliar eses contidos. E tamén aproveito para dicirlle que os centros de formación e recursos máis o CAFI nunha das súas liñas de apoio teñen precisamente o apoio emocional aos docentes que están a traballar desde as súas casas; polo tanto, teñen a quen acudir con respecto a ese apoio.

Con respecto ás oposicións, xa lles anunciei polas razóns que expuxen na primeira intervención que non se celebrarán neste ano 2020. Porén, debo manifestarlles que a falta de confianza nas medidas que se poidan adoptar polo Goberno central a posteriori desta situación sanitaria fainos tomar unha medida que consiste na apertura do prazo para formalizar a inscrición nas probas unha vez que se levante a suspensión dos prazos administrativos derivada do estado de alarma. Esta medida tomámola para o eventual suposto de que o Goberno central suspenda nas vindeiras leis e orzamentos as aprobacións das novas ofertas de emprego público. Polo tanto, blindamos deste modo a celebración da oposición, da oferta de emprego público docente de Galicia do ano 2020 ante eventuais cambios de criterio dun goberno condicionado por unha situación económica adversa, que xa está a anunciar posibles recortes. Así pois, as persoas que o desexen poderán formalizar a súa inscrición para a presente convocatoria unha vez que abramos o prazo de presentación de solicitudes.



Falaba a señora Pontón desa necesidade de facer un seguimento desde a propia Consellería para evitar ter que utilizar enquisas ou datos externos, ou incluso da comunidade educativa pero de determinado tipo de asociacións ou de grupos. E, efectivamente, o venres 13 de marzo declarouse o estado de emerxencia sanitaria. E tres días lectivos despois do cesamento da actividade presencial, dado que o 19 de marzo está declarado día non lectivo, para efectos de coñecer a atención educativa que estaba a recibir o alumnado, a Consellería, a través de Inspección, solicitou a todas as direccións dos centros sostidos con fondos públicos información sobre como se estaba a desenvolver nos seus centros a atención educativa ao alumnado; en concreto, sobre as medidas establecidas con carácter xeral polo centro para a continuidade do proceso de aprendizaxe e o sistema de comunicación co alumnado e coas familias establecida polo centro.

En todo caso, poño no seu coñecemento que, no contexto actual, a Consellería, a través da Inspección Educativa, recada información das direccións dos centros educativos sobre os diversos aspectos relacionados coa atención educativa ao alumnado, como o funcionamento das canles de comunicación entre centro e familias, atención educativa ao alumnado, organización da atención á diversidade —algo que comentarei brevemente tamén—, funcionamento da orientación e do persoal de apoio ao alumnado, funcionamento dos apoios aos centros educativos e funcionamento da coordinación docente.

Nese sentido, teño aquí a enquisa que se trasladou a todos os centros educativos, unha enquisa moi completa que maioritariamente ten relación coa Consellería de Educación pero que tamén recolle algunha información ou demanda de información que nos instou a recoller o Ministerio de Educación.

Falabamos de atención á diversidade. Hai uns días tiven precisamente unha videoconferencia cos directores e directoras dos centros de educación especial, que son os que máis están a vivir esta situación anómala; porque, entre outras cousas, como vostedes saben, señora Chao, cos nenos e nenas que teñen necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo moitas veces a presencialidade é fundamental á hora de manter unhas pautas terapéuticas e unhas pautas de atención psicopedagóxica. A verdade é que quedei abraiada polo traballo que se está a facer nos centros de educación especial, e tamén quedei abraiada pola receptividade e actitude das familias deses rapaces e rapazas que están nos centros de educación especial. Eles mesmos, estes directores, dicíanme que para eles era fundamental a presencialidade, que había moitísimos obxectivos educativos nos seus programas, nas súas programacións, que non se podían levar a cabo, tendo ou sen ter ordenador, porque a presenza física da especialista en psicomotricidade, da especialista en audición e linguaxe ou do fisioterapeuta era fundamental.

Tamén é certo que sabemos que hai moitos nenos e nenas que están nas aulas ordinarias e que teñen necesidades especiais. E nese sentido, efectivamente, desde os departamentos de orientación e tamén desde os equipos de orientación específica estanse a ter en conta estas necesidades, aínda que, insisto, probablemente sexa o colectivo máis afectado nesta situación anómala; entre outras cousas porque a presencialidade é fundamental, non se pode substituír nin sequera por un simulacro ou por un holograma, iso é complicadísimo. Polo tanto, a tecnoloxía non o acapara absolutamente todo.



Falábanme vostedes tamén dos comedores escolares. E, ata o día de hoxe, desas familias que teñen o comedor escolar gratuíto ou que pagan un euro, pois temos 30.000 solicitantes nesa bolsa de axuda ás familias. Tamén hai que dicir que os concellos, ata o de agora, non fixeron uso das medidas do Goberno central sobre o uso do superávit para axudar os usuarios de comedores xestionados voluntariamente por eles. Sabemos que hai concellos que están a colaborar —e agradecémolo moitísimo— na repartición de material escolar e de distintos recursos. Son os que máis cerca teñen as familias e, polo tanto, agradecémolo. Pero neste caso nós estamos preocupados polos comedores que están xestionados directamente pola Xunta de Galicia.

Preguntábanme tamén vostedes sobre ese desescalamento. A ver, evidentemente, como vos-tes saben e son conscientes, o desescalamento non depende de nós, depende das medidas que se tomen desde o Goberno central —concretamente, evidentemente, desde o Ministerio de Sanidade e os expertos sanitarios— transmitidas á Consellería de Sanidade. Polo tanto, falar dun desescalamento, dun plan de desescalamento, neste momento non ten demasiado sentido. En calquera caso, que saiban que a Consellería de Educación —a Xunta de Galicia, polo tanto— estaría preparada para facer calquera tipo de desescalamento que implicase volver ás aulas.

É o momento de falar de leccións, efectivamente, de leccións e reflexións profundas sobre as que haberá que afondar no futuro, pero aínda estamos na tarefa de analizar e de afrontar o máis inmediato. Nunhas circunstancias antes nunca vistas, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está a tratar de paliar os efectos desta pandemia de covid-19 no ensino e no Sistema universitario de Galicia seguindo dúas premisas fundamentais: exercendo as súas competencias e procedendo na medida das posibilidades a adaptar o funcionamento do ensino e do sistema universitario ás novas circunstancias e mantendo unha lealdade institucional e unha colaboración permanente cos ministerios, coas comunidades autónomas, coas universidades e co conxunto das comunidades educativas.

Sen dúbida, queda aínda traballo por diante. Insistimos en que o Goberno central debe clarificar varias cuestións para que, a partir dese momento, as comunidades poidamos exercer as nosas competencias, sempre dando garantía xurídica e evitando desigualdades para o alumnado e as súas familias.

Respecto deste punto, en canto ás bolsas universitarias, non están transferidas esas competencias. Estamos aínda no terceiro trimestre do curso. No ámbito universitario non haberá clases presenciais, pero no ensino aínda cabe a posibilidade —sempre que as condicións sanitarias o permitan— de que os rapaces poidan acudir aos centros a despedirse dos compañeiros e dos seus docentes. Se así fose, como estaba dicindo hai un momento, a Xunta de Galicia e, na parte que lle toca, a Consellería de Educación están preparadas para esa desescalada educativa. Continuamos á espera de que o Goberno do Estado nos indique unha previsión de calendario para o retorno ás aulas ou para un posible retorno ás aulas. Aínda que a meirande parte dos rapaces e das rapazas se adaptaron á situación —coñecemos da inusitada capacidade de adaptación dos máis pequenos e dos adolescentes—, porén, botan de menos as súas aulas, aulas entendidas como espazos físicos pero tamén, e sobre todo, como espazos de interacción. Esa sensación de pertenza, para os máis novos, do que representa a



súa aula é, como sabemos, emocionalmente necesaria: o meu cole, a miña clase, o meu pupitre, os meus cadernos, a nosa pizarra, a miña profe, o noso patio, o noso ximnasio... Polo tanto, precisan manter ese vínculo socioafectivo de unión co seu contexto de desenvolvemento habitual. Non esquezamos que o centro educativo é o segundo dos axentes educativos en importancia para os nenos e para as nenas. A educación non é a mera instrución, concepto absolutamente obsoleto, que nos leva a un paradigma mecanicista que afortunadamente está totalmente —creo— superado.

O fin non se pode confundir cos medios, os medios non se poden confundir co fin. Insisto, salvo excepcións, o alumando quere estar en contacto co seu medio habitual, cos seus mestres, cos seus compañeiros e compañeiras. Polo tanto, creo que, cando se fala da necesidade de rematar o curso, non se ten en conta esa sensibilidade e gañas dos máis pequenos de seguir aprendendo en contacto fundamentalmente cos seus mestres e mestras. Por iso, socioemocionalmente sería absolutamente recomendable que a rapazada volvese ás aulas simplemente para pechar un ciclo, para pechar un ciclo tan importante nas súas vidas. Lembremos que, para todos os que nos dedicamos á docencia e para os alumnos e alumnas de calquera nivel educativo, o paso do tempo se mide en cursos académicos e non en anos naturais. É unha percepción subxectiva vencellada ás relacións sociais que teñen o seu eixo vertebrador no curso académico.

Está pendente esa publicación da orde ministerial que regule as modificacións das condicións de flexibilización para a promoción e titulación obrigadas pola pandemia, co obxecto de dar seguridade xurídica e, insisto, tamén de garantir a igualdade de condicións para todo o alumnado. No momento no que se publique esta orde, enviaremos aos centros as instrucións definitivas para substituír as que xa teñen provisionais enviadas o pasado venres, así como unha batería de dúbidas en forma de pregunta-resposta para que teñan as maiores certezas posibles dentro dun escenario que é totalmente incerto e que está supeeditado ao que recomenden sempre as autoridades sanitarias. Hai que pechar este ano escolar no ensino non universitario e traballar, como vostedes suxerían, na reorganización deses currículos para iniciar o curso 2020-2021 e que veña con garantías. Estamos a traballar xa niso.

O Ministerio de Universidades tamén ten algunhas materias pendentes de abordar, como lles comentaba, como aclarar esa política de bolsas ao estudo para que ningún alumno se vexa prexudicado e dar esas instrucións claras sobre os prezos públicos de matrícula, dado que as comunidades autónomas teñen que comezar a elaborar os seus propios decretos. A Xunta, como sempre fixo e está a facer, manterá unha actitude de lealdade e colaboración pero exercerá a defensa dos intereses do ensino e do Sistema universitario de Galicia. Foron moitos os esforzos dedicados nunha década para que Galicia contase cun ensino e cunhas universidades máis modernas e máis preparadas. Modestamente, penso que algo disto contribuíu a reaccionar mellor ante os efectos da pandemia, facendo proba desa humildade que se requiría. Pero hai que esforzarse tamén cara ao futuro. De cara ao futuro todos temos que ser aínda máis conscientes de que, como di o proverbio africano, para educar un neno fai falla unha tribo enteira. Sería moi importante ter altura de miras, deixar atrás diferenzas e avanzar dunha vez por todas nun verdadeiro pacto —e creo que escoitei aquí dúas veces esa palabra este mediodía—, un verdadeiro pacto pola educación.



Insisto, reforzo o meu aplauso a toda a comunidade educativa de Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Unha vez máis, ao tempo que agradecemos o traballo dos traballadores do Parlamento e trasladamos a nosa mensaxe de solidariedade a todas as familias afectadas pola covid, eu quixera trasladarlles tamén unha información.

Hai unha semana desde que foi solicitada a comparecencia dos conselleiros na Deputación Permanente, hai unha semana, e houbo dous días festivos. Eu tiven coñecemento o día 17 de que o Goberno remite un escrito no que di que van comparecer os conselleiros. Parece obvio que eu non celebre unha deputación permanente hoxe para que se discuta se van vir os conselleiros ou non, cando xa se aceptou.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, sobre a do presidente da Xunta tamén hai explicación. No medio meteuse a Semana Santa. Eu celebro a Semana Santa e creo que todo o mundo tamén. Son días festivos. E outra cousa: vostedes estaban falando e eu espero un tempo prudencial. Eu o día 15 teño coñecemento, como todos vostedes, de que o presidente vai comparecer. Entón parece unha obviedade que eu non celebre aquí unha reunión para decidir se vai comparecer o presidente ou non cando xa todos vostedes saben —que tamén fala con vostedes— que vai comparecer o presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como que non? Eu estou confinado pero tamén escoitei que o presidente ía comparecer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ten que ver con que parece unha obviedade que eu non celebre hoxe aquí unha deputación permanente agora para valoralo, sempre e cando xa anunciou que ía comparecer. Creo que quedou claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Está todo clarificado. Isto parecíame oportuno clarexalo porque é que a Deputación Permanente, a Mesa da Deputación Permanente, ten uns prazos e está actuando de acordo tamén ao que marca o Regulamento.

Moitas grazas.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Eu estáballe dando unha explicación do que considero que é oportuno, e nada máis. Non creo que sexa outra cousa.

Grazas, señora Pontón, terminou.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Pero ¿que explicación quere que lle dea eu?



(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¡Sí, si, como non!

Déanlle voz ao escano.

A señora PONTÓN MONDELO: Vostede, presidente, dixo no inicio desta sesión que non se convocara esa deputación por indicación dos servizos xurídicos.

O señor PRESIDENTE: Non, non.

A señora PONTÓN MONDELO: Díxonos iso.

O señor PRESIDENTE: Non, non, eu non...

A señora PONTÓN MONDELO: Perdón...

O señor PRESIDENTE: Perdón. Non, eu dixen que eu seguía sempre o que estaba recollido no Regulamento e de acordo co que falaban os letrados. A competencia de convocar é da Presidencia.

A señora PONTÓN MONDELO: A competencia de convocar é da Presidencia por solicitude dun dos grupos. Aquí...

O señor PRESIDENTE: Si, correcto, iso todo sabémolo.

Eu dei unha explicación de como foron os tempos, señora Pontón. Creo que se entendeu perfectamente.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Santalices, eu espero que isto non sexa para que vostede me interrompa senón para que me deixe utilizar a palabra, porque, se non, isto non é un parlamento.

O señor PRESIDENTE: Si, xa lle deixei...

A señora PONTÓN MONDELO: Entón, eu o que pido é unha aclaración, porque á primeira hora da mañá, na cuestión de orde que eu plantexei —igual que outros portavoces desta Cámara—, vostede aduciu que non se convocara esa reunión da Deputación Permanente con base nun informe xurídico que eu...

O señor PRESIDENTE: Non, non, creo que...

A señora PONTÓN MONDELO: Si, si...

O señor PRESIDENTE: Creo que escoitou mal...



A señora PONTÓN MONDELO: Perdoe, señor presidente, ¿podo falar ou non podo falar? ¿Este é un parlamento ou vostede, á parte de impedir que se convoquen as deputacións permanentes, tamén nos impide clarexar as cuestións de orde?

O señor PRESIDENTE: Non, non, eu déixoa falar.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Por favor, un pouco de respecto! ¡Por favor!

O señor PRESIDENTE: Si, si, xa a estou respectando.

A señora PONTÓN MONDELO: Non, porque está interrompéndome constantemente.

Entón, pregunto, ¿podo formular a cuestión de orde, si ou non? Porque, se me vai interromper, non a cuestiono. Supoño que os alumnos e alumnas que nos vexan verán nisto un exemplo do que non hai que facer en ningún ámbito. Porque, se non me escoita, é imposible que me poida responder.

O señor PRESIDENTE: Estou escoitando.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, pois vou intentar formulala desde o principio.

Plantexouse unha cuestión de orde por un tema que eu considero que é moi grave, porque hai un Regulamento, que segue vixente, que establece con claridade como se convoca a Deputación Permanente. Hai unha solicitude de convocatoria da Deputación Permanente por parte dos grupos desde o día 7 de abril que non se tramitou, é dicir, que só vostede informou da convocatoria, e que tiña que ter derivado nunha convocatoria da Deputación Permanente. No inicio desta sesión vostede dixo que o que facía era o que lle indicaban os servizos xurídicos. Eu intentei pedir a palabra —pero era imposible, xa vin o contexto— para dicir que, claro, que nos ensine o informe xurídico que di que non se tramitan esas solicitudes. É que non pode ser que se estea reunindo a Deputación Permanente única e exclusivamente en función do que marca o Goberno e situando nun caixón as solicitudes que estamos facendo os grupos da oposición. Porque hoxe —permítame que lle diga— é un escándalo en termos democráticos que esas solicitudes non se tramiten de maneira ordinaria, porque se está incumprindo o Regulamento.

Entón, o presidente da Cámara non pode impedir que os grupos pidamos unha comparecencia do presidente, e que se debata se comparece ou non, en función de que o presidente anunciou que el vai comparecer, porque son dúas cousas totalmente diferentes.

E o que está dicindo é que está facendo un uso arbitrario da Presidencia, porque a tramitación das solicitudes rexistradas oficialmente dos grupos teñen que ter a mesma canle que as do Goberno. E aquí está habendo dúas varas de medir. Paréceme un precedente moi perigoso, e moito máis no contexto de anomalía democrática na que estamos vivindo neste momento. Porque non podemos esquecer que, se hai un Parlamento disolto, é porque o presidente decidiu adiantar as eleccións. Non tiña ningunha obriga de facelo, fíxoo pola súa decisión. E o que non pode ser é que, nestas características, a Deputación Permanente non estea funcio-



nando nin nos mínimos que marca o Regulamento. A min iso, presidente, paréceme moi grave.

Quero que conste oficialmente, por iso fago esta cuestión, e deixo claro que a súa explicación me parece aínda peor que o que nos dixo con anterioridade.

O señor PRESIDENTE: Ben, pois eu agora escoiteina.

Eu falei de que eu sigo sempre o que está establecido no Regulamento, e creo que o seguín. Os precedentes que hai dos tempos que tardan en celebrarse as reunións da Deputación Permanente móvense entre doce e dezaseis días. Pero eu non vou entrar agora nesa cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, agora estou falando eu, se mo permite.

Aquí entrou —como expliquei— petición de celebración de sesión da Deputación Permanente o día 13 para dous conselleiros. Eu recibo esa petición para reunir a Deputación Permanente, de acordo cuns prazos, e o día 17 entra un escrito do Goberno. E con ese escrito do Goberno e co que vostedes formulan que se ía debater, xa vén o Goberno a dicir que vai comparecer.

Polo tanto, hoxe, que estamos celebrando esta Deputación Permanente, parecería unha obviedade que eu aquí sometera a debate se comparecen ou non os conselleiros. Parece lóxico que se substancie como se está substanciado. E iso pasou exactamente. Foi a solicitude o 13 de abril. Hoxe é o día 22 e, polo tanto, pasou unha semana, porque os outros días foron festivos. É así. Esta é a explicación que eu dei e creo que é a explicación que é correcta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, eu creo que o tramitei de acordo co procedemento e de acordo co que está establecido no Regulamento. Iso quería deixalo claro.

Nada máis, moitas grazas.


(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Antes xa o expliquei tamén.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás tres e corenta e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

